

REDACTOR

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'A. Revilla Bonnín', is written over a light blue rectangular background.

Arturo Revilla Bonnín
Xeógrafo
decembro, 2008

Indice	
1. Antecedentes	4
1.1. O marco normativo	4
2. Descrición do Plan Xeral de Ordenación Municipal	4
2.1 Descrición do territorio do concello	4
2.2. Descrición do PXOM.....	5
2.3. Relación do PXOM con outras lexislacións sectoriais	7
3. Situación actual do medio socioeconómico.....	9
3.1. Demografía	9
3.2. Actividade económica.....	11
3.3. Infraestruturas e equipamentos	12
3.4. Patrimonio histórico-artístico.....	14
3.5. Vivenda e planeamento.....	15
4. Situación actual do medio ambiente e alternativa “cero”	16
4.1. Hidroloxía	16
4.2. Xeoloxía.....	18
4.3. Xeomorfoloxía	18
4.4. Orientación ao vertido.....	18
4.5. Edafoloxía.....	19
4.6. Xeotecnia	19
4.6. Climatoloxía.....	20
4.6.1. Clima ambiental.....	20
4.6.2. Temperatura.....	20
4.6.3. Precipitacións	21
4.6.4. Índices climáticos.....	22
4.6.5. Evapotranspiración potencial.....	22
4.6.6. Clasificación de THORNTHWAITE.....	23
4.6.7. Diagramas climáticos.....	23
4.6.8. Clasificación de Papadakis.....	24
4.7. Situación medioambiental	24
4.7.1. Fontes de contaminación potenciais	24
4.7.2. Espazos de interese natural e paisaxístico: o LIC Esteiro do Tambre.....	24
4.7.3. Praias	26
4.7.4. Inventario de zonas con fragilidade ambiental.....	26
4.8. Fauna e flora.....	27
4.9. A paisaxe	29
4.9.1. Tipoloxías de paisaxe	29
4.10. Síntese da situación actual e problemática do concello.....	32
4.11. Evolución en caso de non aplicación do PXOM (Alternativa “0”).....	34
5. Criterios e obxectivos ambientais estratéxicos.....	34
5.1. Criterios sectoriais	35
5.2. Criterios específicos de marcado carácter ambiental	35
5.2.1. Criterios respecto á sostibilidade territorial e densidade urbana.....	36
5.2.2. Criterios respecto dos límites territoriais do crecemento	36
5.2.3. Criterios de planeamento respecto ó tratamento do medio rural	36
5.2.4. Criterios respecto dos asentamentos rurais.....	36
5.2.5. Criterios de planeamento respecto o turismo	36
5.2.6. Criterios de planeamento respecto á paisaxe.....	36
5.2.7. Criterios de planeamento respecto do patrimonio natural	37
5.3. Integración das variables e criterios do AAE no PXOM	37
5.3.1. Consumo de solo	37
5.3.2. Ciclo hídrico	38
5.3.3. Enerxía.....	38
5.3.4. Emisións contaminantes	38
5.3.5. Xestión dos residuos.....	38
5.3.6. Actividades económicas	39
5.3.7. Integración social.....	39
5.3.8. Medio natural.....	39
5.3.9. Medio rural	39
5.3.10. Medio litoral	39
5.3.11. Paisaxe.....	39
5.3.12. Medio urbano.....	39
5.3.13. Patrimonio	39
5.3.14. Poboación	40
5.3.15. Vivenda.....	40
5.3.16. Mobilidade.....	40
5.4. Recomendacións para as variables non integradas no PXOM	40

6. Identificación dos impactos e efectos negativos.....	41
6.1. Tipoloxía dos impactos	42
6.2. Criterios para a valoración das afeccións sobre o medio	44
6.3. Descrición das accións.....	45
6.4. Avaliación dos impactos. Matriz de Leopold	46
6.5. Descrición dos impactos	47
6.5.1. Solos.....	47
6.5.2. Augas	47
6.5.3. Clima.....	47
6.5.4. Calidade ambiental (aire e afeccións sonoras).....	47
6.5.5. Flora e fauna	47
6.5.6. Paisaxe	47
7. Medidas previstas para redución e corrección dos efectos negativos.....	47
8. Descrición das alternativas analizadas.....	48
9. Sistema de indicadores e plan de seguimento.....	48
9.1. Indicadores dos obxectivos ambientais.....	48
9.2. Programa de seguimento.....	51
10. Resumo non técnico do ISA	52
11. Informe sobre a viabilidade económica das alternativas e das medidas dirixidas a prever, reducir ou paliar os efectos negativos do PXOM.	65
Bibliografía e referencias	66

1. Antecedentes

O presente Informe de Sostibilidade Ambiental é parte integrante do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Outes. A súa elaboración responde ás esixencias e requirimentos da Lei 9/2006 de 28 de abril, o que se describe no seguinte punto (Marco Normativo).

A finalidade do proceso de avaliación ambiental estratéxica é integrar o medio nas políticas sectoriais, garantindo deste xeito a consecución dun desenvolvemento sostible que permita acadar os grandes retos en materia de prevención e redución da contaminación, uso racional dos recursos naturais, innovación tecnolóxica e cohesión social. O proceso fomenta, así mesmo, a transparencia e a participación cidadán que permita o acceso a unha información exhaustiva e fidedigna do proceso planificador.

O concello de Outes, responsable da elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e, polo tanto, órgano promotor do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica emite, en febreiro do 2007 o Informe Previo para o Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, cuio contido se axusta ao especificado no artigo 18 da Lei 9/2006, dándose comezo á avaliación.

A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, órgano ambiental no mencionado proceso de AAE remite ao órgano promotor, en agosto do 2007, o “Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Outes”, tal como o prevé o artigo 19 da citada Lei 9/2006. Este documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do Informe de Sostibilidade Ambiental, precisando a información que, como mínimo, deberá conter.

1.1. O marco normativo

Con data 30 de abril do 2006 (B.O.E. núm. 102 de 29 de abril do 2006) entrou en vigor a Lei Básica 9/2006, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medioambiente, que supón a transposición da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medioambiente. No ámbito de aplicación, explíctase que os plans que afecten á ordenación do territorio e aos usos do solo deberán someterse á mesma.

No seu artigo 8º, respecto dos contidos e alcance do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), determínase que o órgano promotor deberá identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medioambiente que poidan derivarse da aplicación do plan, así como das alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, incluída, entre outras, a alternativa cero, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito de aplicación do plan.

O artigo 9º da citada Lei estatal establece que a amplitude, nivel de detalle e o grao de especificación do ISA determinarase polo órgano ambiental, que neste caso, é a Consellería de Medio ambiente e

Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, logo de identificar e consultar ás Administracións públicas afectadas e ó público interesado.

Polo que fai ós plans de ordenación municipal, esta lei supera o marco normativo anterior (Decreto da Xunta de Galicia 442 de 1990 de Avaliación de Impacto Ambiental e o Decreto 327/1991 de Avaliación de Efectos Ambientais), que regulaba o documento esixido pola Lei de Ordenación Urbanística do Medio Rural de Galicia, que di que os efectos da documentación necesaria para os plans de ordenación municipal, é preceptiva a elaboración do documento “Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico”.

Por último, coa entrada en vigor da Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica dos plans e programas queda integrado e lexislado pola citada lei.

2. Descrición do Plan Xeral de Ordenación Municipal

2.1 Descrición do territorio do concello

O concello de Outes está situado na marxe dereita (norte) e no fondo da ría de Muros e Noia. Limita coa ribeira dereita do río Tambre, xusto na súa desembocadura, e cos concellos de Negreira, Mazaricos e Muros. Administrativamente, está encadrado na provincia da Coruña, comarca de Noia e pertence ao partido xudicial de Muros. A capital municipal está en Serra de Outes.

O termino municipal ten unha superficie de 99,7 Km² e unha poboación de 7.681 habitantes (datos do ano 2007), repartidos entre 10 parroquias: Cando, Entíns, Santo Ourente de Entíns, Matasueiro, San Cosme de Outeiro, Outes, Roo, O Freixo de Sabardes, Tarás e Valadares. A densidade de poboación é de 77,1 hab/Km², cifra superior ás medias provincial e galega.



O río Tambre en Pontenafonso

A principal vía de comunicación é a estrada AC-550, que vai de Cee a Tui pola costa. A accesibilidade cara o interior ven proporcionada pola estrada AC-543, de Noia a Santiago.



Desde o punto de vista topográfico, o territorio de Outes pertence o dominio granítico, e presenta fortes contrastes, dende a orla litoral ata a meseta do Xallas, pasando bruscamente e en rápido ascenso dende a suavidade da costa aos montes que forman a serra e dan nome ao concello, culminando en torno ós 500 metros de altitude (monte Tremuzo, 514 m).

CONCELLO DE OUTES. MAPA DE PARROQUIAS



Neste espazo de transición ábrese vales de dirección meridiana, por cuxo fondo discorre unha rede fluvial de curto percorrido (agás o Tambre) e fortes pendentes formada polos ríos Tíns, Donas e o propio Tambre. Estes cursos seguen as liñas de fractura, producindo unha intensa erosión lineal, coa conseguinte acumulación de sedimentos areosos o fondo do estuario e, sobre todo, nas enseadas.

2.2. Descrición do PXOM

O Concello, na actualidade, dispón para a ordenación urbanística do seu territorio de Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas definitivamente cunha serie de modificacións pola Comisión Provincial de Urbanismo de A Coruña, en sesión de 5 de agosto de 1977. Estas modificacións foron aprobadas polo pleno en decembro de 1982 e na Comisión Provincial de Urbanismo en 1985.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Outes procura a ordenación integral do termo municipal, cos seguintes obxectivos xerais para a redacción do planeamento:

1. No sector turístico comezan a desenvolverse certas expectativas, debido ás modificacións nas tendencias actuais, que fan que cada vez se demande máis un turismo ecolóxico e vinculado á natureza. Considérase necesario desde o Plan Xeral o facilitar as condicións necesarias para

encouzar estas tendencias e facilitar o achegamento dos viaxeiros a este concello, con aloxamentos ben dotados e espazos de interese tanto paisaxístico como natural.

2. Por outro lado, o desenvolvemento constante da actividade construtiva no termo municipal, sobre todo dentro da delimitación do solo urbano e núcleo rural, así coma a aparición de actividades non desexadas dentro do solo rústico, no marco delimitado polas Normas Subsidiarias, coas limitacións de xestión que estas carrexan, crearon diferenzas no ordenamento urbanístico municipal e efectos non desexados, que se acentúan coa aparición dunha serie de circunstancias imprevistas nas Normas Subsidiarias, e xurdidas como consecuencia do seu propio desenvolvemento.
3. A necesidade de ordenar as áreas vacantes dos solos urbanos e de introducir mecanismos de planeamento que permitan ordenar axeitadamente a implantación e xestión de execución de novas infraestruturas, equipamentos e zonas verdes de vital importancia para a desconxestión edificatoria dalgunhas zonas do núcleo urbano de Serra de Outes así coma a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e Sistemas Xerais do Termo Municipal fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para axeitar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así coma permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite.

O modelo territorial e urbano preliminar proposto para o Concello de Outes, derivado da diagnose operativa exposta, baséase nos seguintes obxectivos específicos:

1. Introdución dos correctos mecanismos de xestión para o desenvolvemento da trama urbana, onde débense corrixir as deficiencias de solo dotacional e de equipamento, derivado da sobrecalificación como solo urbano de execución directa, e polo tanto, non sometido a cesión algunha, que contemplaban as Normas vixentes.
2. Formulación dun uso equilibrado do medio rural, considerando o respecto o medio ambiente e a paisaxe como valores de desenvolvemento e potenciando os usos produtivos intrínsecos. Especial atención na imbricación axeitada de equipamentos e industrias de localización co medio. Completación da trama urbana dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade e impedido a edificación indiscriminada do territorio.
3. Deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, a cal é un feito ineludíbel, e a acouten có fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións.
4. Crecemento lento pero sostido no tempo, baseado no ocio avanzado, no comercio especializado, nos servizos á poboación e no reforzo das potencialidades industriais; establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.
5. Atención ao proxecto urbano e ás técnicas de xestión para garantir a viabilidade do Plan.
6. Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade, incorporando e aceptando o edificado.

7. O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, coma son os de carácter asistencial, docente e administrativo, así como debe buscarse a obtención de outras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.
8. Participación real nos procesos de definición e posterior xestión do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Os obxectivos a desenvolver partirán dos seguintes criterios de ordenación:

1. Analizouse có máximo detalle posíbel do solo do núcleo urbano principal do termo municipal, para coñecer a realidade do tecido urbano existente en relación cós obxectivos básicos comentados, a fin de que as medidas propostas sexan factíbeis de levar á práctica, fuxindo polo tanto, de propostas xeralistas, fáciles de formular pero claramente afastadas dun necesario e eficaz pragmatismo.
2. Facilitar a renovación do interior dos núcleos rurais e a construción de novas residencias na periferia inmediata destes, co obxectivo de limitar unha posible dispersión ou afloramento de novos núcleos en lugares distintos dos tradicionais coas conseguíntes consecuencias negativas a nivel económico e medioambiental.
3. Localizar, de acordo coa vixente lexislación do solo, as áreas con aptitude para incorporar ao desenvolvemento urbanístico en todas aquelas zonas que contan con conexións ao soporte que supón o sistema xeral viario e que non contan con condicionantes que aconsellen a súa protección.
4. Revisión da delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ó proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais ou porque así o requiren os seus actuais usos, a lexislación sectorial ou en razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais, outras de similar natureza ou en base ó desenvolvemento sostible do concello.
5. Establecer, por normativa, as medidas preventivas do posíbel impacto ambiental, chegando incluso á definición de normas específicas de protección ambiental nos sectores de solo rústico e urbanizabel que así o requiren. Preténdese valorar o potencial produtivo e madeireiro do concello así como os lugares de produción principal agrícola-gandeira, que aínda que pequenos en extensión, teñen moita importancia económica e paisaxística dentro do termo municipal. Calquera iniciativa que xurda do planeamento pasa polo recoñecemento espacial desta realidade, delimitando convenientemente as zonas destinadas a un e a outro aproveitamento co fin de o protexer e fomentalo, mellorando así as capacidades económicas e produtivas da zona.

Recoñécense ademais os valores ambientais do termo municipal, neste caso centradas nos canles fluviais e nas ribeiras do Tambre que se valoran en función da súa importancia medioambiental, para que a posible edificación e urbanización non destrúa este potencial. O recoñecemento e unha axustada

delimitación do Espazo Natural da desembocadura do río Tambre considérase un dos obxectivos fundamentais deste planeamento.

O PXOM de Outes conterá os seguintes apartados :

- *MEMORIA*, que define os obxectivos xerais, as conclusións da información urbanística, a xustificación do modelo territorial elixido e describe as características e previsións de futuro que establece o Plan.
- *ESTUDIO DO MEDIO RURAL* que serve de base para o establecemento das medidas tendentes á conservación e mellora das súas posibilidades intrínsecas.
- *MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL* no que a través das fichas analízase a estrutura de cada núcleo rural do concello e as súas peculiaridades a nivel de topografía, parcelario, edificacións, usos, etc.
- *PLANOS DE INFORMACIÓN*, que reflicten o estado actual do territorio, as características xeográficas e usos do medio natural, as infraestruturas e servizos existentes e o estado e situación da edificación.
- *PLANOS XERAIS DE ORDENACIÓN*, onde se definen os elementos fundamentais da estrutura xeral e orgánica do territorio, a clasificación e cualificación de usos globais do solo, os sistemas xerais e as grandes infraestruturas de servizos de urbanización.
- *PLANOS DE ORDENACIÓN DETALLADA*, que reflicten a división do territorio, definen a cualificación específica dos usos pormenorizados, establecen o réxime normativo concreto do solo e fixan as aliñacións do solo finalista.
- *NORMAS URBANÍSTICAS*, que definen as condicións xerais e particulares de cada clase e categoría de solo e recollen o catálogo de protección.
- *ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO*, de acordo co establecido no artigo 60 da Lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004
- *CATÁLOGO*, dos elementos que hai que protexer

Tipos de Medidas incluídas no planeamento.

O Plan Xeral de Ordenación de Outes utiliza na súa metodoloxía de realización os métodos da planificación estratéxica empregando a secuencia :

- Análise de datos
- Participación
- Diagnose operativa
- Definición de Obxectivos
- Establecemento de Accións

- Clasificación do solo
- Formulación de Proxectos urbanos
- Establecemento de estrutura de gobernabilidade
- Corrección de proposta

Esta secuencia plantexada se define como estratéxica, é dicir, continua e circular, polo que o Plan pretende ser un documento dinámico e aberto.

O documento incluírá as medidas preventivas, conxunturais, estratéxicas, operativas e organizativas que garantan a adecuación medioambiental do Plan e a corrección dos posibles impactos que o Plan poida xerar.

Aproximación aos efectos previsibles.

O Plan promoverá e regulará a preservación, ordenación e posta en valor dos elementos medioambientais de valor evitando a colonización indiscriminada do territorio que en ausencia de Plan podería producirse así como os impactos puntuais non desexados sobre o territorio.

Para facelo clasificará como Solo Rústico de Especial Protección en calquera das súas categorías aqueles terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación urbanística.

Mención especial no caso do concello de Outes merece o contorno dos ríos, as cotas elevadas das serras, as masas forestais autóctonas e o L.I.C. do Esteiro do río Tambre.

O termo municipal de Outes atópase afectado pola delimitación do Lugar de Interese Comunitario (L.I.C.) denominado Esteiro do Tambre, e recollido na proposta de delimitación das Rede Natura 2000 da Consellería de Medio Ambiente. Este espazo está descrito no punto 4.7.2. do presente ISA.

2.3. Relación do PXOM con outras lexislacións sectoriais

Durante o período transcorrido desde a entrada en vigor das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento de Outes, o 15 de maio de 1996, xurdiu unha importante normativa tanto estatal como autonómica, que incide nos aspectos territoriais e urbanísticos da actividade municipal, que sen pretender ser presentada con carácter exhaustivo e a que se enumera a seguir:

- Lei nº 8 de 30 de Outubro de 1995 de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei nº 10 de 10 de marzo de 1995 de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia.
- Lei 9/2002 de 30 de decembro de 2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

- Lei 15/2004 de 28 de decembro de 2004 que modifica a Lei 9/2002 de Ordenación
- Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.
- Ley 8/2007, de 28 de mayo, de suelo.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Outes estará vencellado xerarquicamente, á lexislación sectorial de aplicación vixente en cada caso, ás Directrices de Ordenación do territorio, así como ós demais instrumentos establecidos pola Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e no decreto 20/2002, e en especial á lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Pola súa incidencia no eido medioambiental é de sinalar a especial importancia que terán para o P.X.O.M. os Proxectos Sectoriais de Parques Eólicos, así como os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, que se puideran plantexar.

A Lei de Conservación da Natureza 9/2001 inclúe como compoñentes da "Rede Galega de Espazos Protexidos" 9 categorías: Reserva Natural, Parque Nacional, Parque Natural, Monumento Natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dous valores naturais, Espazo natural de interese local e Espazo privado de interese natural.

Segundo o artigo 14 de dita lei, entenderase por humidal protexido as extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade en marea baixa non exceda de seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dous recursos naturais, e que sexan declaradas como tais.

Poderán comprender zonas ribeiregas, costeiras ou adxacentes, así como as illas ou extensións mariñas de profundidade superior aos seis metros en marea baixa cando estas se atopen dentro do humidal.

De igual maneira nos humedais protexidos poderá limitarse os aproveitamentos dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificasen a súa declaración.

As paisaxes protexidas son espazos que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, sexan merecedores dunha protección especial. O réxime de protección das paisaxes protexidos estará dirixida á conservación das relacións e procesos, tanto naturais como socioeconómicos, que contribuíron á súa formación e fan posible a súa pervivencia.

3. Situación actual do medio socioeconómico


3.1. Demografía

O estudo da poboación ten un interese decisivo en calquera traballo de planeamento físico. O coñecemento de cuestións tais como a dimensión do stock de poboación e a súa evolución histórica, o movemento natural ou os movementos migratorios, a estrutura de idades e sexos ou a distribución da poboación sobre o territorio é de primordial interese á hora de establecer a ordenación física do mesmo.

Por outra parte, a realización dunhas predicións da futura poboación en función do seu comportamento histórico é un requirimento esencial para orientar a ordenación con criterios rigorosos.

O concello de Outes conta con 7.681 habitantes segundo o Padrón do ano 2007, 3.671 homes e 4.010 mulleres, o que supón unha densidade de poboación de 77,1 hab/Km², poboación que se concentra principalmente na franxa litoral, de xeito que máis da metade da poboación vive nos núcleos de Serra de Outes, Freixo, Serantes-Vara, Cruceiro de Roo e A Pontenafonso.

CONCELLO DE OUTES. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN



Fonte: IGE, INE e elab. propia

O volume demográfico de Outes ven descendendo dende meados do século XX ata a actualidade, pasando dos cerca de 11.000 habitantes aos pouco máis de 7.700 que ten na actualidade, o que supón unha perda poboacional do 27%. Este feito enmárcase na tendencia que seguen case tódolos concellos galegos, que sufreron intensamente a emigración, co conseguinte envellecemento da poboación. Na actualidade, a estrutura demográfica amosa claramente este envellecemento: o 62,6% da poboación ten entre 16 e 64 anos, o 28,6% ten máis de 65 anos, e só o 8,8% ten menos de 15 anos (datos do ano 2007).

DATOS ESTADÍSTICOS

PADRÓN DE POBOACIÓN (2007)

	total	%	homes	mulleres
poboación	7.681		3.671	4.010
pob. de 0 a 15 anos	678	8,8	357	321
pob. de 16 a 64 anos	4.809	62,6	2.446	2.363
pob. de 65 e máis anos	2.194	28,6	868	1.326
pob. estranxeira	45		18	27
idade media da pob.	49		46,5	51,3

INDICADORES DEMOGRAFICOS (2006)

indicador	dato
taxa bruta de natalidade (‰)	3,9
taxa bruta de mortalidade (‰)	10,8
índice de envellecemento	234,9
idade media á maternidade	31,4
núm medio de fillos/muller	0,6
taxa bruta de nupcialidade (‰)	3


MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN (2007)

	total	homes	mulleres
nacementos	25	14	11
defuncións	100	53	47
matrimonios	24		
saldo vexetativo	-75		

Fonte: INE e IGE

Por outra parte, o crecemento vexetativo é negativo (-75 hab), porque os nacementos non compensan os falecementos: as taxas de natalidade son moi baixas (3,9 ‰), mentres que as de mortalidade son elevadas (10,8 ‰), froito do acusado envellecemento da poboación.

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN, 2006



A pirámide de poboación amosa graficamente o envellecemento demográfico: a base é moi estreita, indicador de que hai poucos efectivos novos, mentres que o avultamento dos sectores centrais responde o volume de poboación adulta e vella.

NOMENCLATOR 2006

denominación	poboación	denominación	poboación
Outes	7.751	Outes (S. Pedro)	912
Serra de Outes (A)	1.085	Berres	52
Cando (San Tirso)	906	Boel	115
Cando de Abaixo	54	Cambeiro de Abaixo	78
Cando de Arriba	140	Cambeiro de Arriba	41
Carballido	19	Carballa (A)	15
Corga (A)	54	Carleo de Abaixo	39
Cuns	137	Carleo de Arriba	21
Filgueiro	33	Castelo (O)	12
Gallardo	4	Couto (O)	17
Insua	16	Cures	85
Loureiro	18	Lantarou	104
Pontenafonso (A)	110	Lucil	3
Pumar	33	Miras	77
Toxeira (A)	93	Moledo	44
Vilar (O)	51	Outes	67
Villardigo	73	Sande de Abaixo	18
Boca de Oroña	53	Sande de Arriba	2
Cancelo	18	Vilar de Outes (O)	45
Entins (S. Ourente)	862	Vistalegre	27
Valeixo (O)	13	Xurisdicción (A)	9
Banzas	100	Rio de Outes	41
Brenzo	10	Roo (San Xoán)	799
Buiste	5	Aspera	51
Cabanamoura	44	Bendimón	103
Casais (Os)	17	Brión de Abaixo	124
Costiña (A)	10	Brión de Arriba	94
Cotro (O)	11	Cruceiro de Roo (O)	116
Cruceiros (Os)	74	Outon	42
Curro (O)	0	Roo de Abaixo	108
Dis	26	Roo de Arriba	59
Esfarrapa	23	Viro	80
Formigueiro	4	Xurisdicción (A)	5
Galteiros	7	Central (A)	17
Guende	7	Sabardes (San Xoán)	1.102
Labacolla	13	Anseres	12
Lugar de Arriba	20	Arestio	11
Mosteiro	16	Braño	209
Mourelas	3	Catadoiro (O)	7
Muiños (Os)	25	Catasueiro	93
Oroña	12	Cernadas	8
Ousesende	50	Corga (A)	16
Piñeiro (O)	28	Figueroa	7
Poza (A)	62	Lestelle	16
Quintela	40	Magor	12
Sacido	20	Mosteiro	121
Sarnón	19	Penseira (A)	25
Seara (A)	43	Piñeiro (O)	35
Valado (O)	18	Ribeira (A)	213
Vilar (O)	50	Siavo	205
Areas (O)	26	Vilaríño	49
Canizos	44	Zarzón	63
Canle (O)	14	Coviña (A)	0
Cepa (A)	6	Taras (San Xián)	336
Vousacova (A)	2	Barreira (A)	76
Entins (Stá. Maria)	182	Ceilan	64
Coiradas	42	Ribadafonte	0
Entins	44	Ribademar	89
Fonte (A)	12	Sino (O)	5
Fontenlos	17	Taras	91
Pazos	32	Espiñeiro	11
Rego (O)	20	Valadares (San Miguel)	483
Vilar (O)	8	Crespos	42
Portela(A)	7	Esperante	37
Travesía de Entins	0	Gosende	34
Matasueiro (S. Lourenzo)	246	Guimarei	26
Barco (O)	60	Lestaio	32
Bargo (O)	1	Loios	68
Carreira (A)	27	Pedrafita	8
Famelga (A)	58	Sendón	42
Lourido	18	Terelle	33
Mastontan	34	Touzaz (As)	27
Torre (A)	24	Valadares	51
Rodeiro	24	Viladomonte (A)	30
Outeiro (S. Cosme)	838	Vilar (O)	16
Albeida	69	Xendil	37
Barquiña (A)	19		
Barreiro (O)	35		
Gulfian	23		
Lagoa	83		
Rates	115		
Serantes	161		
Tavilo	120		
Tornil	0		
Vara	100		
Broña	37		
Camposas (As)	53		
Canteirina (A)	23		

3.2. Actividade económica

Tradicionalmente, as rías galegas teñen bastante dinamismo o que ten xerado unha diversificación na base económica do concello. O sector primario ocupa ó 19,12% dos activos, dos que o 10,77% traballan na pesca e o marisqueo e o 8,35% corresponde á agricultura.



Asteleiros do Freixo

A actividade marisqueira, integrada na cofradía de Noia destaca pola súa importancia, sobre todo as campañas do berberecho e a ameixa, que aportan rendas que contribúen ó dinamismo económico do concello.

OCUPADOS POR SECTORES DE ACTIVIDADE (%)

primario	agricultura	8,35
	pesca	10,77
secundario	industria	17,97
	construcción	19,52
terciario	servicios	43,39

Fonte: IGE


O sector secundario ocupa ó 37,49% dos activos, repartidos entre o 17,97% da industria e o 19,52% da construción. A industria é pouco significativa, e baséase principalmente na transformación alimentaria e madeireira, e tamén nos estaleiros, localizados no Freixo, hoxe en día dedicados principalmente ás reparacións.



Porto do Freixo

O sector económico máis importante é o terciario, que ocupa ó 43,39% dos activos, sendo o sector que máis ten medrado nos últimos tempos, a carón da consolidación do núcleo da Serra de Outes, onde se concentra o comercio e os servizos dos que dispón o concello.

OCUPADOS POR SECTORES DE ACTIVIDADE (%)



Fonte: IGE

3.3. Infraestruturas e equipamentos

Dotacións.

O equipamento do Outes localízase principalmente na capital municipal Serra, na parroquia de Outes e no núcleo de Cruceiro de Roo, na parroquia de Roo, adquirindo en ambos casos un carácter municipal. Facendo unha análise no ámbito parroquial obtéñense os seguintes datos:

CANDO: nesta parroquia as dotacións concéntranse en Ponte Nafonso e Cando cun parque e a capela no primeiro e a antiga escola. En Cuns e Filgueiro existen sendas escolas unitarias. Existe un local social na Corga, outro en Filgueiro e un antigo teleclub en Cuns. O equipamento deportivo constitúeno unha pista deportiva en Cuns, outra na Corga e un campo de fútbol en Cando cerca de San Tirso.

ENTÍNS (Sta. María): o único equipamento destacable desta parroquia é o conxunto parroquial constituído pola igrexa, a reitoral e cemiterio.

ENTÍNS (San Ourente): A súa proximidade á capital municipal e as súas boas condicións a nivel de infraestruturas viarias favoreceron a creación de dotacións de servizo, que enriqueceron a calidade de vida desta parroquia e así no Vilar, en Banzás, no Piñeiro e no Lugar de Arriba temos sendas pistas polideportivas, en Canizo o cemiterio, en Cabanamoura e Quintela, a antiga escola unitaria, no Lugar de Arriba un local social, na seara o conxunto parroquial formado por igrexa e cemiterio e no curro unha capela. E tamén de destacar nesta parroquia a presenza do centro de Protección Civil no Areal e o punto limpo en A Cepa. Por último existe unha pista deportiva en Piñeiro.

SABARDES: nesta parroquia as dotacións atópanse moi repartidas. En Mosteiro o campo de fútbol, en Piñeiro o conxunto parroquial, en Ribeira o conxunto portuario, e en Braño a antiga escola unitaria. Mención a parte merecen a área recreativa no monte Tremuzo, de gran valor paisaxístico e o novo paseo que discorre pola costa entre Ribeira do Freixo e a praia de Broña, ó que se vincula entre outro unha pista polideportiva. Tamén existe outra pista en Siavo.

MATASUEIRO: o único equipamento destacable desta parroquia é o conxunto parroquial constituído pola igrexa, a reitoral e cemiterio e unha pista polideportiva na Carreira, e a pista deportiva en Matasueiro.

OUTEIRO: Desta parroquia o elemento máis destacable é o espazo libre e o paseo na praia de Broña. As dotación complétanse cunha pista polideportiva en Serantes e o conxunto parroquial en Tornil xunto con outra pista deportiva.

OUTES: é en A Serra onde se concentran a maioría dos equipamentos e servizos, fundamentalmente os de carácter xeral, pois é aquí onde se atopa a capital municipal. Así aquí se atopan a Casa do Concello, o Xulgado, o centro de saúde o centro de servizos sociais, o centro de día, a casa da cultura, a escola-taller, o cuartel da garda civil, un Colexio de Primaria e un Centro da E.S.O. Todo isto vese complementado cun pavillón polideportivo, un campo de fútbol e moi próximo na zona de Boel a piscina municipal. Dentro do conxunto de zonas verdes e espazos libres son de destacar a praza de Galicia, o parque do concello, o parque e a grande actuación que supón todo o acondicionamento do río Tines ó

seu paso pola Serra de Outes, en fase de execución neste momentos. Todo isto complementase con equipamentos e dotacións de carácter local repartidos polos distintos núcleos da parroquia. Así en Lantarou e Moledo atopamos a antiga escola unitaria, no Couto un espazo libre, no Vilar de Outes unha pista polideportiva e en Outes o Cemiterio.

ROO: O principais equipamentos e dotacións da parroquia concéntranse no núcleo urbano de Cruceiro de Roo, onde se atopan o centro escolar e o complexo polideportivo formado polo polideportivo cuberto e outras pistas exteriores. Esta dotación se complementa con outra de carácter claramente local constituída polo conxunto parroquial de igrexa e cemiterio localizado en Roo de Abaixo ou unha pista polideportiva en Bendimón.

TARÁS: O equipamento máis importante da parroquia de Tarás e o hospital do CENGAS S.A. de titularidade privada. Este complexo hospitalario localízase na zona de Seilán, próximo á nova ponte sobre o Tambre. O resto dos equipamentos son de carácter claramente local e están constituídos por unha escola unitaria e unha pista deportiva na Barreira e o conxunto parroquial en Sino.

VALADARES: É xunto con Matasueiro a parroquia situada máis ó norte e ademais a máis agrícola. Debido ó seu illamento con respecto as poboacións costeiras é unha das que maior déficit de equipamento ten en comparación co seu número de habitante e o acceso ós localizados no resto do concello. Así so conta co conxunto parroquial e as antigas escolas pistas polideportivas, unha en Vila do Monte e outra xunto á antiga escola unitaria. De todo isto dedúcese que son os núcleos costeiros e que se atopan mellor comunicados os que aportan un maior número de servizos e dotacións, tanto a escala parroquial como municipal, onde a AC-550 representa un papel importante. O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, coma son os de carácter asistencial, docente e administrativo, así como debe buscarse a obtención de outras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.

Infraestruturas de saneamento.

O saneamento municipal debido a razóns evidentes de topografía non abarca a totalidade das parroquias, solucionando este servizo puntualmente nas zonas de maior densidade de poboación.

Na zona da Serra o saneamento abarca os núcleos de Serra, Boel, Vista Alegre, e en San Ourente dende a Poza ata o Areal, ó longo da estrada CP-4502, así como Fontenlos. Tamén contan con este servizo Entíns, Pazos, A Fonte, Coiradas, Travesía de Entíns, A Barreira e Ribadafonte, todos eles conexionados a unha estación depuradora con verquido ó río Tins na desembocadura deste. No núcleo urbano de Serra a totalidade das rúas conta con este servizo.

Na zona de Roo e Outeiro contan con este servizo os núcleos de Cruceiro de Roo, Roo de Arriba e Abaixo, Lagoa, Canteiriña, Bendimón, Catasueiro, Zarzón, Albeida, Vara, Barreiro, Serantes, Camposas, Tavilo e Broña, cun bombeo que eleva as augas ata a estrada AC-550 dende onde por gravidade baixa ata a depuradora da Serra pasando por A Central de Brión e Baixo para recoller as augas de Brión de Arriba e Rates. A capacidade da depuradora considérase suficiente para as

necesidades actuais da poboación e mesmo para crecementos moderado. A outra vertente da zona recolle as augas residuais de Catasueiro, Anceres, Siavo, A Corga, Piñeiro, Vilariño, Mosteiro e Ribeira do Freixo, cun bombeo neste último núcleo que ascende as augas tamén ata a AC-550 para conxionarse o bombeo de Roo e de alá á depuradora da Serra.

Nos núcleos urbanos de Cruceiro de Roo e Ribeira de Freixo a totalidade das rúas conta con este servizo.

Por último, na zona de Tarás e Cando contan con saneamento, Ribademar, Seilán, Ponte Nafonso, Toxeira, Vilardigo e Corga, Cando de Arriba e Abaixo, Filgueiro, Carballido, Vilar, Pumar e Cuns, todos eles a varias fosas, considerándose estas suficientes para a escasa poboación que sanean.

Existen trazados de menor importancia, todos eles vertendo a fosas en Vila do Monte, O Barco e Insua.

A vista de todo isto pódese concluír que practicamente todo o litoral se Outes se atopa conectado ó saneamento municipal nunhas condicións de servizo aceptables.

Infraestruturas de abastecemento de auga.

O concello de Outes, neste momento está traballando para conseguir o abastecemento das parroquias máis poboadas do termo municipal. Así, xa se ten dotado de abastecemento a gran parte das parroquias de Outes, Santa María e San Ourente de Entíns, Roo, Outeiro, Sabardes e Cando. Na parroquia de Outes o abastecemento chega ós núcleos da Serra e Boel, en San Ourente de Entíns ó Areal, En Sta. María de Entíns ata Espiñeiro, en Roo, Outeiro e Sabardes, dende o núcleo de A Serra e Xurisdizón ata o Cruceiro de Roo por Brión de Abaixo, A Central e Viro, Roo de Arriba e Abaixo, Lagoa, A Canteiriña, Bendimón, Catasueiro, Zarzón e dende Broña ata Albeida e As Camposas por Tavilo, Serantes, Barreiro e Vara. En Sabardes polo Freixo, Mosteiro, Vilariño, Piñeiro, Corga, Braño, Figueroa e Siavo. En Cando, a Ponte Nafonso, A Toxeira e Corga.

Non obstante existen neste momento varios proxectos en marcha de maneira que unha vez rematados se conseguirá o abastecemento de practicamente o 100% do concello.

O sistema de abastecemento debido ás condicións topográficas baséase en varias captacións, as súas respectivas estacións de tratamento e uns depósitos que dan servizo suficiente para a poboación actual do concello.

Polo que respecta ós núcleos urbanos, a totalidade destes, e dicir, A Serra, Cruceiro de Roo, Ponte Nafonso e Ribeira do Freixo, conta co servizo de abastecemento, totalmente executado e en funcionamento.

Infraestruturas de transportes e comunicacións.

A estrutura viaria do concello de Outes atópase formada por tres estradas autonómicas, dez provinciais e un número importante de locais, pertencentes ó concello, sendo a súa tipoloxía ramificada, que da servizo de maneira bastante adecuada á meirande parte da poboación.

A AC-550, principal comunicación do concello con toda a costa galega, atravesa o termo municipal pola costa e serve de principal vía de comunicación ás parroquias máis poboadas, así como ós principais núcleos urbanos, Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira do Freixo. A próxima entrada en servizo da vía de alta capacidade Brión-Noia, e a conexión con Muros a través do concello, desdoblado a estrada AC-550, fará que as súas características varíen significativamente, e aínda que siga pertencendo á rede primaria, se transforme máis nun corredor urbano, de comunicación entre os distintos núcleos, que nunha estrada de desprazamentos intermunicipais.

Esta estrada ten unha continuación ata Ponte Nafonso coa estrada vella antes de que se construíra a nova ponte sobre o río Tambre. Actualmente denomínase AC-196 e pertence á rede secundaria.

A rede autonómica complétase coa AC-400 que atravesa o termo municipal polo extremo norte sen constituír unha vía de especial relevancia para o desenvolvemento do concello.

A partir da AC-550, na zona da Serra, parten cara ó norte as estradas provinciais CP-6202, CP- 3404, CP-4502 e CP-5604 que atravesan o concello de sur a norte e serven de comunicación principal de Outes cos concellos altos do interior e cos principais conxuntos de núcleos. A súa traza e características e algunha operación de melloras puntuais, fan que estas estradas se consideren suficientes para os desenvolvementos previstos sobre elas.

O resto da rede, provincial e municipal complementa esta rede principal, podéndose concluír que no concello de Outes non existen parroquias cunha comunicación viaria deficiente.

O seguinte cadro está feito con datos do inventario de estradas da Deputación Provincial da Coruña:

Código	Long. conc. (km)	Plataforma	Calzada	Tipo firme
CP-3404	7,20	8,00	7,00	Trat. Superf.
CP-4502	4,28	7,50	6,50	MAF
CP-5305	2,40	5,00	4,00	Trat. Superf.
CP-5602	5,88	5,00	4,50	Trat. Superf.
CP-5604	8,61	7,00	6,50	MAF
CP-6201	0,90	4,00	4,00	Trat. Superf.
CP-6202	8,60	5,00	4,50	Trat. Superf.
CP-6203	3,20	5,00	4,50	Trat. Superf.
CP-6204	12,90	5,00	4,50	Trat. Superf.
CP-6205	0,60	5,00	4,50	Trat. Superf.

O resto das estradas son de titularidade municipal e teñen anchos, firmes e estados de conservación dispares, non podendo establecerse criterios de prioridade dalgunha delas.

Polo que fai á intensidade do tráfico e segundo datos da Memoria de Tráfico do ano 2007 da Xunta de Galicia, o concello presenta unha intensidade media diaria (IMD) de 2.984 vehículos, dos que o 6,2% corresponde a tráfico pesado. Os datos proceden da estación da AC-550, en Serres, no treito de Muros

a Serra de Outes, na confluencia coa estrada AC-3404. Este dato de intensidade de tráfico será empregado no cálculo dos GEI no presente ISA.

Polo que fai ás telecomunicacións e as novas tecnoloxías, o concello de Outes posúe os seguintes equipamentos e dotacións:

- 4 centrais de Telefónica
- En liñas físicas (teléfono fixo), Outes está no intervalo de 25,1 e 35 liñas/100 hab.
- En telefonía celular, o territorio municipal está servida por 3 operadores
- En Banda Larga, Outes conta co PEBA e con liñas ADSL, e se atopa no intervalo de 5,1 a 10 liñas ADSL/100 hab.
- A sinal de televisión no territorio municipal está servida por 5 centros reemisores da rede Retegal.

3.4. Patrimonio histórico-artístico

O territorio que conforma o concello de Outes tiña, no antigo réxime, distribuídas as súas parroquias en dúas xurisdiccións: a parroquia de Outes pertencía á xurisdicción da Serra, e o resto á de Muros. No centro da vila e na ribeira do río Tins está o pazo dos marqueses da Serra.



Pazo da Serra de Outes

Este pazo, na súa faciana principal luce un pequeno escudo abrazado pola serea dos Mariño no que se distinguen, ademais das ondas do propio nome, os emblemas dos Soutomaior, Lobeira e Zúñiga. Destaca tamén o pazo do Ensido, na parroquia de Cando

En Santo Ourente de Entíns atopamos a igrexa parroquial, de estilo barroco do século XVIII, cunha esvelta torre de tres corpos.

INVENTARIO DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO	
Megalítico	Arqueoloxía
Denominación:	Parroquia/lugar
Túmulo de Boel	Boel
Castrexo	Arqueoloxía
Denominación:	Parroquia/lugar
Castro da Monte da Cruz	Entíns
Castro de Castriños	Diz
Castro de Castelo de Insua	Outes
O Castro	Castelo
Arquitectura Religiosa:	Arte
Igrexas, capelas e hermidas	Parroquia/lugar
Denominación:	Parroquia/lugar
Santiso de Cando	Cando
Capela de N ^o Sra. de Rial	Entíns
San Ourente	Entíns
Sta. Mariña de Entíns	Entíns
Hermida de San Paulo	Matasueiro
Hermida de Santiago	Outes
Parroquial de San Pedro	Outes
San Xoán de Roo	Roo
Arquitectura civil:	Arte
Denominación:	Parroquia/lugar
Casa de Barco	Matasueiro
Pazo da Serra de Outes	Outes
Fontes:	Etnografía
Denominación:	Parroquia/lugar
Fonte	Entíns
Fonte	Ponte de Aión

Os Mosteiros tiveron especial incidencia para a reactivación da vida económica, tralas destrucións e caída da produción provocadas polas sucesivas invasións, tendo significada relevancia os beneditinos de Sabardes e Toxosoutos e o de Santa Tasia.

O mosteiro de Sabardes, no Freixo, tivo a súa orixe nun primitivo oratorio xa case arruinado no século XI que o conde Don Pedro Froilaz mandou reconstruír, dotou de numerosas propiedades, puxo baixo a autoridade do abade Austrario e logo convidou ó arcebispo de Santiago Don Diego Xelmírez á cerimonia de consagración, que se celebrou con gran concurso de cabaleiros e cregos. Anos máis tarde pasou a depender do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago. Do conxunto consérvase a igrexa, reformada cara ó s. XVII e parte das edificacións monacais, transformadas en casa reitoral.

San Xusto de Toxosoutos chegou ter inmensas propiedades (montes, granxas, parcelas, aldeas...) no concello de Outes: Tarás, Brión, Ceilán, S. Cosme, a punta de A Barquiña, Cando, Cuns, Filgueiro e terras de Entíns, a igrexa de S. Martiño de Rates e a ermida de Nosa Señora da Ponte, propiedades que aforaban ós campesiños a cambio de diversas rendas.

O mosteiro de Santa Tasia, no Rial, aparece mencionado nun documento de Toxosoutos do ano 1153 como convento de monxas (Mariño Reino, Xoán X. S. *Ourente de Entíns. Estudio dunha parroquia rural*. Ed. Toxosoutos. Noia, 1999). A principios do s. XII, o conde D. Bermudo, fillo de D. Pedro de Traba, dóullo ó arcebispo Xelmírez, que debeu ser o que por esa época lle agregou como anexo a feligresía de S. Ourente de Entíns. A principios do s. XVII xa estaba embargo continuou sendo a sé do Arcedián de Trastámara, desde que tres séculos antes o arcebispo D. Pedro Suárez de Deza dividira a diocese en catro arcedianatos.

Coñécense tres fortalezas medievais no concello: a da Serra, o Castelo de Insua e a Torre de Barco.

A fortaleza da Serra descríbese como "un castelo moi alto co seu foxo e contrafoxo, almeas, troneiras e un escudo coas armas dos Mariños e Lobeiras", nun expediente de ingreso de D. Antonio Mariño de Lobeira na Orde de Santiago. Esta liñaxe arranxa de Rui Soga Mariño de Lobeira, que no ano 1385 era Pertigueiro Maior da Igrexa e Terra de Santiago, cargo equivalente ó de gobernador. O seu fillo, Paio Mariño de Lobeira foi o primeiro señor xurisdiccional da Serra de Outes. Pero aquel castelo foi tomado ó asalto durante a revolta Irmandiña dos anos 1464 a 69 e destruído polos campesiños e burgueses de Outes e Noia, alzados contra o abusivo poder nobiliario. Del só fican dúas paredes, nunha das cales aínda se abre unha porta cun rexo arco de medio punto; na outra engadiuse anos máis tarde un escudo ovalado que ostenta as ondas dos Mariño, os escaques dos Soutomaior, os lobos e a estrela dos Lobeira e a banda orlada dos Zúñiga, sostido por unha fermosa serea.

O castelo de Insua, xunto á Pedra Serpal, desde a que se domina gran parte das terras de Outes, Negreira, todo o curso final do Tambre e a embocadura da ría, hoxe está practicamente desaparecido.

A Torre do Barco controlaba o val do Tines e tódolos seus confíns, pero hai anos que o abandono causou nela a ruína. Entre os seus restos sobresa un magnífico arco apuntado gótico.

De época medieval perviven dúas pontes sobre os nosos ríos, unha de grandes dimensións sobre o Tambre e a outra, na Serra, sobre o Tins. A primeira, chamada Pontenafonso, foi construída probablemente durante o reinado de Afonso XI, no século XIV ou quizais na época de D. Alonso Fonseca I, no s. XV; durante séculos constituíu cos seus 20 arcos de perfil oxival e 270 m. de longo un punto importante nas vías de comunicación desta parte de Galicia ata a construción da moderna ponte de Ceilán. Proba deso foi a propia intervención do monarca Filipe III ordenando ó gobernador do Reino de Galicia, D. Diego Sánchez de Sanmartín, a súa inmediata restauración cando se esbarroaron dous dos seus arcos e algúns outros ameazaban ruína, causando un grave colapso das comunicacións e o comercio. A Ponte da Serra ten un único arco de perfil apuntado que mede 14 m. de luz e que no s. XX ancheouse e reformouse coa supresión do vello peitoril.

Por ultimo, compre destacar as igrexas parroquiais, sendo a máis característica a Igrexa de San Tirso de Cando, construída en el s. XVIII, cuio conxunto inicial completouse cunha artística balaustrada que pecha o adro, a pequena capela do Carme, un magnífico cruceiro e unha alta torre separada do corpo do edificio. O templo de S. Xoán de Roo, foi levantado entre 1751 e 1756 polo mestre de cantería Domingo de Fontenla, seguindo trazas de F. Manuel de la Peña, supervisadas polo arquitecto Frei Manuel de los Mártires. Non cabe dúbida de que se trata da máis impresionante e fermosa igrexa barroca de toda a comarca, polo seu potente frontón, grandes pilastras superpostas, airosas torres de sinuosos perfís, abondosa decoración de placas e pináculos, así como polas súas harmónicas proporcións, enormes dimensións (mide 40 m. de longo e as torres chegan ata os 25 m.) e nobreza da sillería, con todo o seu interior cuberto con bóvedas de cañón ou de aresta que descansan sobre reloxos arcos faixóns caxeados que alternan con outros lisos.

En canto a arquitectura civil, Destacan a Casa do Concello, construída por Leoncio Bescansa en 1929, con moitas reminiscencias modernistas e a Ponte do Ruso, do S. XVIII, no lugar de Os Muíños (S. Ourente), sobre o río Tins, de un só arco de pedra de medio punto, pero de gran prestancia.

3.5. Vivenda e planeamento

Na actualidade están vixentes as Normas Subsidiarias Municipais, aprobadas no ano 1985, que distribúe o territorio municipal segundo as seguintes clasificacións: a superficie de solo urbano é de 536,45 Ha, dedicado na súa totalidade a solo urbano de uso residencial. Non se contempla ningunha superficie para solo urbanizable. O resto do territorio repártese entre 8.916,05 Ha de solo non urbanizable e 486,72 Ha de solo non urbanizable de especial protección, completándose así as 9.939,22 Ha totais do concello.

O solo urbano do termo municipal, de acordo coas Normas en vigor, está constituído por A Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira de Freixo, concentrándose no primeiro caso a totalidade da vivenda colectiva con pequenas actuacións nesta materia nos outros dous núcleos. A estes tres habería que engadir dende a redacción do presente planeamento o de Ponte Nafonso, que se atopa en condicións semellantes ao de Cruceiro de Roo, con tódolos servizos urbanísticos consolidados, alternancia de vivenda unifamiliar e colectiva e un paseo litoral a xeito de espazo libre de sistema xeral que serve a toda a poboación do medio.

O crecemento experimentado por estes núcleos fixo que a práctica totalidade do solo urbano, aínda con numerosos baleiros, apareza desenvolto. O tratamento e solución deste problema, como consecuencia das diferentes morfoloxías, deberá ser resolto no Plan Xeral, á vez que se terá que dar unha énfase especial, de cara a completar a trama urbana xa iniciada, e potenciar o desenvolvemento dos núcleos máis aló das estradas e a rede viaria que se sitúa na orixe do mesmo.

Os núcleos rurais existentes vense presionados polo desenvolvemento da edificación nos mesmos a cal tende cada vez máis a invadir os terreos de cultivo ao non atopar posibilidades de construción nuns núcleos de estrutura moi pechada e parcelas de escaso tamaño e aproveitamento edificatorio. Esta invasión vese ademais apoiada por unha rede de camiños, estradas e pistas de concentración parcelaria que facilitan la colocación das vivendas fóra da estrutura do núcleo.

Esta situación, debido ás especiais condicións climatolóxicas, ambientais e topográficas do concello concéntrase fundamentalmente no ámbito dos núcleos próximos ao litoral, constituíndo nalgúns casos un continuo edificado entre varios núcleos sen solución de continuidade.

Deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, a cal é un feito ineludible, e a acouten có fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións.

Por outra banda o recoñecemento dos asentamentos de poboación coas dimensións e edificacións existentes hoxe en día supón a non protección destas áreas de solo, o que parece de todo lóxico pois teñen as súas capacidades produtivas diminuídas ao estar invadidos pola edificación.

O aumento do número de vivendas foi constante desde principios dos 70 ata 1991. A partir de entón o ritmo de crecemento do parque de vivendas estancouse. En 1970 contabilizábanse 2.490 vivendas, que medran ata as 3.053 rexistradas no 1981. No último censo de 2001 se totalizaban 3.681 vivendas en Outes.

Polo que fai a evolución das licenzas de edificación, entre o ano 2002 e o ano 2007, as licenzas medraron un 993,3% (de 15 licenzas en 2002 pasouse a 164 no ano 2007).

No que respecta ao tipo de ocupación, o 70,4% son vivendas principais ou primarias, un 9% son secundarias, mentres o 20,6% restante aparecen como desocupadas, noutra situación ou non catalogadas. O número de vivendas principais descendeu comparativamente a partir do 74% de ocupación no 1986 ao actual 70,4%, en favor do aumento das vivendas secundarias, desocupadas ou non catalogadas.

ESTADÍSTICA DE EDIFICACIÓN E VIVENDA. (CONCELLO de OUTES)						
Obras	Ano					
	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Edificios nova planta	15	8	7	9	10	9
Residencial	12	6	6	6	8	7
Non residencial	3	2	1	3	2	2
Edificios en rehabilitación	3	3	4	4	2	8
Edificios en demolición	0	1	0	0	0	1
Vivendas nova planta	14	11	6	6	8	35
Superficie nova planta (m ²)	4.812	2.963	1.825	1.768	2.808	7.175
Residencial (m ²)	3.175	2.259	1.506	1.211	2.365	6.502
Non residencial (m ²)	1.637	704	319	557	443	673
Vivendas en rehabilitación	0	0	0	0	0	0
Vivendas en demolición	0	0	0	0	0	0
Variación neta parque vivendas	17	11	6	8	12	38


4. Situación actual do medio ambiente e alternativa “cero”

Neste apartado descríbese a situación actual do medio ambiente e a súa probable evolución de non aplicarse o PXOM (alternativa “cero”). A metodoloxía baséase no desenvolvemento dunha prognose dos aspectos ambientais para, a continuación, expoñer a problemática actual do concello de Outes e a súa posible evolución no caso de non aplicar o PXOM.

4.1. Hidroloxía

O río Tambre é o máis importante do concello, e chega a Outes despois de percorrer case toda a provincia da Coruña en sentido oeste-leste. No seu treito final fai de límite co concello de Noia, e na desembocadura conforma un amplo esteiro, no fondo da ría de Muros e Noia. Son tributarios do Tambre os ríos Laxoso, de curto percorrido e que cruza toda a parroquia de San Ourente, onde recibe as augas

do río Banzas e as do Cando, onde tamén se engaden as augas do Portomourello, desaugando finalmente en Pontenafonso.





Río Tins ó seu paso por Serra de Outes



Pontenafonso. Vista aérea

Outro río importante é o Tins, que nace en Mazaricos, atravesa Matasueiro, pasa por San Pedro de Outes e desemboca na capital municipal, na enseada de Langaño.

Nesta mesma enseada desaugan os regatos Rial e o Brión, que drenan os vales de San Ourente e Entíns o primeiro, e a chaira de Brión o segundo. O Bendimón nace perto de Loios (Valadares), bordea o Tremuzo, escorre por terras de Roo, e sae no mar entre San Cosme de Outeiro e o Freixo.

4.2. Xeoloxía

O concello de Outes encádrase na unidade litolóxica do noroeste galego que, coma o resto de Galicia forma parte do vello zócalo hercínico da península Ibérica; e a súa peculiaridade, resultante da acción de paleoclimas e da estrutura, radica en que está constituído case totalmente por rochas cristalinas.

As unidades litoestratigráficas presentes nesta área corresponden a zonas internas da cadea nas que a erosión acadou os niveis estruturais máis profundos, e habería que incluílas dentro da zona III (Zona Galego-Castelán (Lotze) ou na zona Centroibérica (Julivert). No noroeste galego poden distinguirse tres grandes dominios litoestratigráficos, que presentan diferentes evolucións, tanto desde o punto de vista petrolóxico como estrutural.

O complexo de Ordes

Ocupa o sector oriental desta zona, e está composto, estruturalmente, por dúas unidades con intrusionés de gabros: as unidades de Bazar-Castriz e de Betanzos Arzúa. Ámbalas dúas forman parte do manto de corremento no que se inclúe o complexo de Ordes e teñen carácter alóctono, segundo se desprende da análise das rocas que a compoñen: básicas e ultrabásicas. Destas dúas unidades, a de Bazar-Castriz ocupa a zona occidental da área e está composta por unha serie de rochas ígneas, básicas e ultrabásicas, metamorizadas e normalmente serpentinizadas, entre as que destacan as peridotitas, serpentinitas, piroxenitas e anfibolitas.

Unidade de Malpica-Tui

Este dominio está formado por sectores sen continuidade xeográfica que poderían corresponder a *klippes* dun manto de corremento complexo; a correlación sería posible establecela con criterios litolóxicos, metamórficos e estruturais.


Litolóxicamente, nesta unidade predominan os metasedimentos e gneises félsicos afíns. Metamórficamente, existen rochas catazonais de metamorfismo orixinado a moita profundidade, con presión xeoestática e temperatura moi elevada, que permitiron a formación de minerais e rochas estables: gneises, ecoloxitas e anfibolitas granatíferas.

Desde o punto de vista morfolóxico, esta unidade arranca desde o norte de Malpica e prolóngase ata a fronteira portuguesa. Litolóxicamente, distínguense tres sectores: setentrional, central e meridional. A área de estudo está na zona central, que abarca o espazo comprendido entre a falla de Ferverza e a ría de Muros e Noia; e está constituído por xistos, paragneises e ortogneises bióticos ou con anfíbolo.

4.3. Xeomorfoloxía

O espazo obxecto de estudio inclúe unha lonxitude de costa de uns 20 Km, e ningún punto do concello dista máis de 8 Km do litoral. A pesar desde desenvolvemento lonxitudinal da costa, non se pode cualificar esta franxa como “espazo litoral” a causa da escasa superficie que presenta, porque a fachada montañosa está moi perto da costa. Tampouco se pode considerar como de montaña, porque as

altitudes dificilmente superan os 500 m, e máis atrás dos cumios aparecen os espazos amesetados de penechaira



Concello de Outes. Modelo dixital do terreo

4.4. Orientación ao vertido

Este territorio, dende o punto de vista hidroxeolóxico, presenta un predominio de materiais impermeábeis (xistos, laxes e rochas básicas e ultrabásicas), polo que só os depósitos aluviais constitúen bons acuíferos, aos que se podería engadir os materiais graníticos.

Un primeiro grupo constitúeno os materiais detríticos cuaternarios: depósitos de ambientes mariño-continentais ou mistos (depósitos costeiros: marismas, praias e fondos de esteiro ou ría), e os depósitos aluviais (no río Tambre), principalmente estes últimos, por non existir en eles perigo de infiltración por parte de augas mariñas. Estes depósitos están constituídos por materiais soltos, sen cimentación,

heterogranulares, con granulometrías de cantos, gravas, areas, arxilas e limos, que constitúen un medio poroso situado en superficie e carente de protección natural, axeitado para a circulación e almacenamento de auga. Sen embargo, estas mesmas características permiten unha fácil contaminación directa, é dicir, para a entrada e difusión dos líquidos contaminantes do acuífero. Non obstante, grazas ó carácter poroso destes depósitos, os efectos contaminantes diminúen pola filtración dos elementos contaminantes, aínda que a súa eliminación é difícil.

As rochas graníticas constitúen materiais vulnerábeis á contaminación en determinados lugares ou puntos nos que a rede de fisuración estea o suficientemente desenvolvida como para permitir a circulación de auga polo macizo hidroxeolóxico e a súa posterior evacuación por mananciais ou fontes. Tamén en áreas chás ou en cubeta prodúcese acumulación de materiais alterados, onde se desenvolven pequenos acuíferos areosas de porosidade intergranular.

No caso de infiltración dos líquidos contaminantes a través das fisuras, a contaminación expándese, e a inexistencia de filtros naturais (medio poroso) provoca a contaminación das augas e, polo tanto, a insalubridade das augas de mananciais, pozos e fontes. En xeral, estes terreos, naqueles lugares onde se instalen vertedoiros, precisan de estudos puntuais de área, co fin de evitar a contaminación.

Os materiais impermeábeis inclúen un gran número de litoloxías: rochas básicas e ultrabásicas (anfíbolitas, peridotitas e granulitos). En xeral trátase de materiais antigos, metamorfixados e pregados, nos que a contaminación, de existir, se restrinxen ás augas superficiais.

4.5. Edafoloxía

O tipo de clima húmido que domina nesta área, xunto coas características topográficas e litolóxicas, produce unha gran variedade de solos, que van desde os solos excesivamente drenados das partes máis elevadas (ranker) ata os anegados dos fondos dos vales (glei ou turbeiras), pasando polas terras pardas das ladeiras e nas veigas dos vales. En xeral, pódese dicir que son solos moi acedos que reciben unha considerable cantidade de materia orgánica, debido ás prácticas tradicionais dos agricultores (esterco).

Solos hidromorfos

Nos solos influídos polo nivel freático, a auga inunda unha boa parte do perfil durante períodos máis ou menos longos e frecuentes. Localízanse principalmente en terras planas ou deprimidas, entre as que compoñen as áreas lamacentas da costa, os orgánicos e os hidromorfos, nos que o nivel freático non da invadido os niveis superiores do solo (glei).

Por mor da lonxitude da costa, pódese pensar nunha gran extensión dos solos costeiros; sen embargo, a causa do predominio de costa rochosa e acantiladas, non cobren grandes superficies. A súa situación está en relación directa coas costas baixas, planas ou pantanosas, como é o caso do esteiro do Tambre ou a enseada do Engano. Estes solos destas áreas lamacentas teñen evolucionado a partir de solos subacuáticos despois de teren diminuído as condicións anaerobias.

Os solos *marsh* son terras de marisma formados por terrificación a partir de solos subacuáticos non turbosos, como nos sapopeis, que son ricos en humus, cal e substancias nutritivas. Este tipo de solo esténdese polo fondo da ría de Muros e Noia, aló onde existan tramos litorais planos e onde se manteñen as xunqueiras marítimas con vocación halófila.

Solos ranker

Os ranker son solos pouco evoluídos, de escasa profundidade, con horizontes de humus instalados directamente sobre unha rocha nai silíceo ou de silicatos pobres en calcio.

O máis novo dos solos representados é o *protoranker*, que ten un horizonte A tan delgado que nin sequera recobre toda a roca infraxacente, normalmente granito. Trátase de litosolos sobre rochedo de silicatos, onde habitualmente domina a superficie de rocha nai sobre a cuberta polo protoranker. Os afloramentos rochosos coroan a miúdo os cumios do relevo abrupto, onde o encaixamento dos ríos é maior pola proximidade ó nivel de base, pero tamén hai penedos no interior das terras que están por riba dos 500 m sobre o nivel do mar.

4.6. Xeotecnia

A súa definición basease no estado físico da rocha, do solo ou da disposición relativa dos elementos da formación considerada. No concello de Outes identifícanse os seguintes problemas de tipo xeotécnico:

Materiais moi alterados

Trátase de formacións constituídas por esquistos, filitas, gneises, migmatitas, etc., que mostran un grao de alteración superficial importante, o que implica que a capacidade portante da zona alterada é menor que a da rocha sana. Portanto, antes de acometer unha acción sobre este tipo de terreo, hai que estimar a capacidade de carga para soportar estruturas.

Formacións tectonizadas ou con elevada disgregación

Corresponde a formacións de xistos, gneises, etc., que presentan un grao de diaclasamento acusado, ou algún tipo de discontinuidade como fracturas, planos de estratificación, foliado, etc., con escaso espazado. Este problema tradúcese nunha diminución da capacidade de carga en zonas moi fracturadas ou na aparición de fenómenos de inestabilidade, que aparecen se a rocha presenta un buzamento importante, existindo risco de deslizamento.

Distribución errática dos materiais


Os depósitos cuaternarios, formados por materiais de grosor variado, con distribución lantejona pouco continua, con trocos laterais e profundidade potente poden producir asentamentos diferenzais nas estruturas. Neste caso, é preciso coñecer con precisión a distribución dos materiais.

Problemas xeomorfolóxicos

Os relacionados coas pendentes topográficas, que condiciona a accesibilidade e o uso do solo. En Outes as áreas con unha pendente maior do 7% son moi escasas, o que non xera problemas de uso.

Problemas xeomecánicos

1. Problemas de baixa capacidade de carga: estimase que a capacidade de carga pode estar comprendida entre $1,52 \text{ kg/cm}^2$ e $0,5 \text{ kg/cm}^2$. Nestas zonas deberá determinarse mediante a oportuna investigación puntual a capacidade de carga dos terreos para definir o tipo de cimentación adecuado.
2. Asentos diferenzais: como xa se ten dito, este tipo de problemas aparecen cando as estruturas de cimentación descansan en materiais con distintas características, distribución errática e potencia de estrato sobre o que se apoia e diferente compresibilidade. A consecuencia é a aparición de asentos de diferente magnitude, o que xera distorsións na estrutura.



Mapa sísmico de Galicia

4.6. Climatoloxía

O concello de Outes, situada na zona suroccidental da provincia da Coruña, ten unha disposición alargada cara o sudoeste, produto da costa atlántica do Porto do Son. A Morfoloxía da comarca condiciona o clima ambiental, con tres dominios fundamentais: a propia ría de Muros e Noia; as pequenas concas fluviais interiores e a meseta do Xallas, que continúa polo Barbanza en pequenos retazos. Este relevo orixina un clima variado, con diferenzas térmicas e pluviométricas debidas ás diferenzas de exposición e de altitude.

Para a caracterización climática da comarca empregáronse datos das estacións de O Barbanza, Monte Costa Grande (Muros) e Noia, que proporcionan datos representativos dos distintos sectores da comarca: o costeiro, os vales e os puntos máis elevados. Estes datos proceden da "Bioclimatoloxía de Galicia" (Carballeira et al). Así mesmo, empregáronse datos da estación meteorolóxica de Serra de Outes, aínda que so como apoio o estudio, debido á baixa extensión no tempo dos datos.

Localización das estacións meteorolóxicas

ESTACIÓN	Latitude	lonxitude	altitude
O Barbanza	42°40'N	08°57'W	600
Mte. Costa Grande (Muros)	42°47'N	09°05'W	230
Noia	42°47'N	08°53'W	104

Localización das estacións de apoio


ESTACIÓN	Latitude	lonxitude	altitude
Serra de Outes	42°50'N	08°54'W	10

4.6.1. Clima ambiental.


O concello de Outes se atopa, segundo a clasificación de Font Tullot, na zona verde de clima europeo occidental, dentro da subrexión marítima. Trátase dun clima oceánico neto, so matizado polas xa comentadas diferenzas xeomorfolóxicas, como zonas resgardadas da influencia marítima, ou puntos elevados.

4.6.2. Temperatura.

A isoterma anual dos 14°C percorre o perímetro occidental da comarca, e o réxime térmico é claramente oceánico, con temperaturas suaves tanto no inverno (media de $8,5^{\circ}\text{C}$) como no verán (media de $17,6^{\circ}\text{C}$). O mes máis frío é xaneiro, mentres que o máis cálido é xullo. En canto ás temperaturas extremas, a media das mínimas rexístrase na estación do Barbanza, con $3,4^{\circ}\text{C}$ no mes de xaneiro. A media das máximas ($26,9^{\circ}\text{C}$) rexístrase en Noia. A amplitude térmica é de $11,7^{\circ}\text{C}$ de media, e extrema de $22,1^{\circ}\text{C}$.



TEMPERATURAS MEDIAS MENSUAIS



A división en períodos do réxime térmico tamén reflicte a acción moderadora do océano na evolución das temperaturas ó longo do ano. Considerando as temperaturas medias globais, non existe período frío ($T < 5^{\circ}\text{C}$), aínda que na estación do Barbanza, e analizando as temperaturas mínimas, vemos que so os meses de xuño e xullo rexistran temperaturas por riba dos 5°C , feito que se debe fundamentalmente a altitude.

Temperaturas medias mensuais (°C)


	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
O Barbanza	7,2	8,4	9,1	10,5	12,7	17,2	19,0	16,3	15,6	12,3	8,7	8,0
M.C.G. Muros	8,8	8,0	9,8	10,4	13,7	15,2	16,9	16,5	15,8	14,8	10,8	10,4
Noia	8,2	8,1	10,0	11,9	15,5	17,4	19,9	20,2	18,5	16,4	11,0	9,6

O gradiente térmico vertical é a relación existente entre a altitude e a temperatura, a cal descende a medida que aumenta a altitude. Este gradiente, na atmosfera libre, ten un valor aproximado de medio grao por cada 100 metros. O valor real do gradiente vertical, nun momento e lugar dados, pode diferir notablemente deste valor medio, e incluso tomar valores moi diferentes nunha mesma vertical. A comarca de Noia inscríbese na zona III de gradiente térmico vertical, gradiente que oscila entre $0,3^{\circ}\text{C}$ no mes de xullo e $0,7^{\circ}\text{C}$ no mes de abril, sendo o gradiente anual medio de $0,5^{\circ}\text{C}/100\text{ m}$.

4.6.3. Precipitacións

A cantidade de precipitacións se expresa pola altura da capa de auga que cubriría o solo se este fose perfectamente horizontal. A medida desta precipitación ten carácter estimativo, e serve para coñece-lo réxime pluviométrico dunha área considerada.

PRECIPITACIÓNS MEDIAS MENSUAIS




Precipitación media (mm)

	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
O Barbanza	467	386	388	183	159	97	63	97	202	345	578	407
M.C.G. Muros	229	195	215	130	124	98	43	75	145	128	206	213
Noia	202	115	158	111	116	62	46	64	100	111	179	178

fonte: INM e Carballeira et al.

PRECIPITACIÓN MEDIAS ESTACIONAIS



O mes de xullo clasifícase como moi seco (P<45 mm) na estación de Muros, mentres que os meses de xuño, xullo e agosto son secos (P entre 45 e 90 mm) no resto das estacións. O resto dos meses superan os 100 mm.

Precipitación estacional (mm)

	Inv	Pri	Ver	Outo	T. anual
O Barbanza	1.260	730	257	1.125	3.372
M.C.G. Muros	637	469	216	479	1.801
Muros	495	386	172	390	1.443

4.6.4. Índices climáticos

Índice de continentalidade

Este índice ten carácter térmico e é especialmente útil para medi-lo grao de continentalidade do lugar considerado. Neste caso elixiuse a fórmula de Gorezynsky, baseada en que a diferenza existente entre a temperatura media do mes máis cálido e a do mes máis frío é tanto maior canto máis lonxe do mar. Por outra parte, a mesma diferenza indica menor continentalidade canto máis perto do ecuador, razón pola cal divídese polo seno da latitude. Segundo esta fórmula, o índice de continentalidade ven determinado por:

$$K = 1,7 \frac{A}{\text{sen } \vartheta} - 20,4$$

Onde A é a amplitude anual media da temperatura e ϑ a latitude do lugar considerado. Neste caso, o índice de continentalidade (K) é de **8,85**, valor que demostra a importancia da influencia oceánica na comarca se temos en conta que valores por baixo de 10 amosan condicións climáticas netamente oceánicas e que valores por riba de 20 son netamente continentais.

Índice de oceanicidade

O igual co anterior, trátase dun índice térmico, que se basea en que nos climas marítimos os meses de primavera son máis fríos cos do outono. O índice de Kerner (M) defínese pola seguinte fórmula:


$$M = 100 \frac{t_o - t_a}{A}$$

sendo t_o e t_a as temperaturas medias dos meses de outubro e abril, respectivamente e A a amplitude anual media da temperatura. No caso que nos ocupa, as temperaturas primaverais son lixeiramente máis elevadas cas de outono. Os datos desta comarca proporcionan un índice (M) de **30.76** o que indica a escasa continentalización deste territorio, (os valores de M oscilan entre os 8 das áreas continentais e os 50 das zonas costeiras occidentais).

4.6.5. Evapotranspiración potencial

A evaporatividade mide a cantidade de auga evaporada nunha área da superficie terrestre y nun período determinado. Isto depende, por unha parte, da extensión da superficie evaporante e das condicións da mencionada superficie -auga libre, solo empapado, cuberta vexetal- e das circunstancias meteorolóxicas dominantes por outra -radiación solar, temperatura, humidade, vento-.

EVAPOTRANSPIRACIÓN POTENCIAL (ETP)



Evapotranspiración potencial (mm)

	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D	T
O Barbanza	12	21	43	68	93	113	126	95	59	36	13	10	688
M.C.G. Muros	22	29	54	72	106	110	123	103	55	42	23	24	763
Muros	12	20	44	72	100	114	129	105	65	41	14	11	727

fonte: Carballeira et al.

Na transferencia do vapor de auga da terra á atmosfera, ademais do proceso da evaporación, entra en xogo o da transpiración das plantas. Estes procesos, considerados conxuntamente, permiten definir a evapotranspiración potencial (ETP) como a máxima cantidade de auga capaz de ser perdida, en forma de vapor de auga, baixo unhas condicións climáticas dadas e nun período determinado, por unha extensión de solo totalmente cuberta de vexetación e permanentemente impregnado de auga. Este é un concepto útil para coñecer as necesidades hídricas das plantas e os balances de humidade do solo, aínda que se trata dun índice teórico a causa da dificultade de facer medicións directas.

A ETP media desta zona é de 729 mm, e a demanda hídrica é moderada, con máximos nos meses de xuño a agosto. O emprego dos recursos hídricos faise do seguinte xeito: de decembro a maio, prodúcese un exceso de auga; de xuño a xullo emprégase a auga acumulada a consecuencia do exceso da anterior etapa; en agosto e setembro rexístrase un déficit de auga, que desaparece outra vez a partir de outubro, cando as precipitacións de outono fan recuperar o balance hídrico.

4.6.6. Clasificación de THORNTHWAITE

Esta clasificación é en realidade un conxunto de índices hídricos, que reflicten o grao de humidade, a eficacia térmica, a variación estacional da humidade e a concentración estival da eficacia térmica. Estes índices defínense como:

- I_h (índice de humidade), de carácter mensual. Obtense comparando, en porcentaxe, a auga de escorrentía coa ETP total anual.
- I_a (índice de aridez), de carácter mensual. Compara, en porcentaxe, o déficit de auga para ser evaporada coa ETP anual.
- I_{ha} (índice hídrico anual). É a resta do primeiro menos o segundo.

Nesta clasificación cada clima represéntase por catro letras. As dúas primeiras describen o seu carácter pluviométrico e as dúas seguintes, o carácter térmico.

Índices hídricos

	I_h	I_a	I_{ha}	C	tipo climático
O Barbanza	390	0	390	48,5	A r B ₁ ' b ₄ '
M.C.G. Muros	139	3	137	44,1	A r B ₂ ' a'
Muros	109	10	103	47,9	A r B ₂ ' a'

Fonte: Carballeira et al.

En definitiva, da aplicación dos seguintes índices climáticos a comarca de Noia, resultan os seguintes tipos de climas:


- En función do índice hídrico anual (I_{ha}), a comarca corresponde ó tipo perhúmido ($I_{ha} > 100$),

- En función da ETP anual, a comarca pertence á rexión mesotérmica II (ETP 712-855).
- En función dos índices de aridez e humidade (variación estacional da humidade): tipo r (pequeno déficit de auga en verán), grazas á posibilidade de emprego do exceso hídrico invernal.

4.6.7. Diagramas climáticos


O diagrama ombrotérmico de Gausen é un diagrama cartesiano que como eixo de abscisas ten os meses do ano, e como ordenadas, represéntase a temperatura media mensual para un gráfico e a precipitación media mensual para o outro.

DIAGRAMA DE GAUSEN



Este diagrama estuda as relacións entre as precipitacións e as temperaturas. Considera como seco aqueles meses nos que as precipitacións son máis baixas que o dobre da temperatura media mensual. A intensidade e duración do período árido estímase avaliando a área da gráfica na que a curva de precipitacións está por baixo da curva das temperaturas.

BALANCE HÍDRICO



O diagrama de Thornthwaite é unha variante do anterior, substituíndo a temperatura pola evapotranspiración potencial (ETP).

4.6.8. Clasificación de Papadakis

Esta clasificación caracteriza o clima dende o punto de vista agroecolóxico, e emprega os valores extremos das variables climáticas como factores que limitan os cultivos. Os datos empregados son: temperaturas medias das mínimas absolutas anuais e mensuais, duración da estación libre de xeadas mínima, dispoñible e media, e temperaturas medias das máximas e das mínimas; ademais de elementos propios do balance hídrico.

Así, a comarca de Noia, dende o punto de vista citado, pertence á unidade climática Atlántica europea, con un lixeiro rasgo mediterráneo subhúmido de tendencia atlántica, observado principalmente na distribución das precipitacións ó longo do ano e producido pola distorsión xenerada polas diferenzas de altitude e exposición.

4.7. Situación medioambiental

4.7.1. Fontes de contaminación potenciais

O principal elemento a protexer de eventuais episodios de contaminación é a ría de Muros e Noia, no treito correspondente ao concello de Outes. Enténdese deste xeito porque a costa, ademais de estar protexida por formar parte dun Lugar de Importancia Comunitaria, representa un importante recurso económico, atendendo á cantidade de persoas que traballan no marisqueo, aos seus valores turísticos e aos seus valores naturais.

O saneamento municipal non abarca a totalidade das parroquias debido á topografía, solucionando este servizo puntualmente nas zonas de maior densidade de poboación, comprendendo a franxa litoral e os núcleos con maior densidade de poboación (Serra, Roo e o Freixo). Sen embargo, compre facer constar

que a depuradora da Serra de Outes presenta problemas estruturais, e a zona foi obxecto dun plan de emerxencia para reduci-lo impacto das augas fecais en zonas marisqueiras, consistente en medidas para reduci-la carga microbiolóxica das augas.

En Outes, as únicas actividades industriais susceptibles de producir contaminación en algún elemento da xea (nas augas da ría de Muros e Noia principalmente) son, segundo o Plan de Continxencias por Contaminación Mariña das Rías Galegas (Orde do 26 de outubro do 2004, Xunta de Galicia) os asteleiros de O Freixo, o propio porto do Freixo e o serradoiro de Punta Rinles. O tipo de risco representase por vertidos de hidrocarburos, pinturas, disolventes e aceites.

Outra fonte potencial de contaminación no concello de Outes procede da actividade gandeira. Este impacto pode concretarse en dúas vías: a contaminación por xurros e os residuos plásticos procedentes do empacado da herba. Neste caso, esta fonte representan a actualidade un risco moi baixo debido a que a actividade gandeira está a perder importancia no conxunto do concello, reducíndose practicamente ao sector norte do concello.

En Outes existe un punto limpo en A Cepa (San Ourense) e o porto do Freixo conta con contedores para RSU soterrados. O conxunto dos RSU do concello son tratados na planta de Servia, en Lousame.

4.7.2. Espazos de interese natural e paisaxístico: o LIC Esteiro do Tambre

As características deste espazo son as seguintes:

- *Superficie: 1.581 Ha.*
- *Altitude media: 13 m.*
- *Rexión bioclimática: Atlántica.*
- *Concellos: Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son.*
- *Data: 2001*

Abrangue o treito inferior do río Tambre, o seu esteiro e unha pequena parte da ría de Noia. Esta variedade de ambientes propicia a aparición dunha ampla gama de comunidades vexetais, principalmente xunqueiras, carrizas e praderías de algas mariñas, entre outras. Isto permite a aparición dun determinado número de especies de aves acuáticas invernantes e algunhas nidificantes.


Hábitats

- *Esteiros*
- *Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa*
- *Vexetación anual sobre reboutallos mariños acumulados*
- *Pasteiros de Spartina (Spartinion maritimi)*
- *Pasteiros salinos atlánticos (Glauco-Puccinellietalia maritimae)*
- *Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (Sarcocornetea fruticosi)*
- *Dunas móbiles embrionarias*
- *Dunas móbiles de litoral con Ammophila arenaria (dunas brancas)*

- *Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)*
- *Uceiras secas europeas*
- *Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino*
- *Pendientes rochosas silíceas con vexetación casmofítica*
- *Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*)*
- *Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica**

Fauna

- *Lontra (*Lutra lutra*)*
- *Lavanco real (*Anas platyrhynchos*)*
- *Garza real (*Ardea cinerea*)*
- *Pilro curlibico (*Calidris alpina*)*
- *Agulla colipinta (*Limosa lapponica*)*
- *Escalo (*Chondrostoma polylepis*)*
- *Lamprea (*Petromyzon marinus*)*
- *Salmón (*Salmo salar*)*
- *Libélula (*Macromia splendens*)*
- *Libélula (*Oxygastra curtisii*)*



Este espazo natural afecta á totalidade dos 20 Km que Outes ten de litoral, conta cunha superficie total de 1.581 Ha e inclúe o treito inferior do río Tambre, o seu esteiro e o fondo da ría de Muros e Noia. Debido a isto, dáse unha gran variedade de ambientes con diferentes condicións ecolóxicas que favorecen a existencia dunha gran variedade florística e faunística. Ó longo do val do río Tambre existen algúns bosques de carballo (*Quercus robur*) e, paralela ó río, ripisilvas de ameneiro (*Alnus glutinosa*), ademais de zonas de mato e cultivos. Toda esta recargada paisaxe vexetal, característica e representativa de gran parte da Galicia rural, acolle unha gran variedade e riqueza faunística e florística. Nas zonas de esteiro existen amplos espazos de lodo intermareal que quedan ó descuberto co devalo.



Xunqueiras no esteiro do Tambre

A cuberta vexetal do esteiro está dominada por xunqueiras, nas que ademais atopamos vexetación pioneira con *Salicornia sp.*, pasteiros de *Spartina sp.* e *Puccinella sp.* e matogueiras halófilas de *Sarcocornia sp.*, todas elas dun elevado valor ecolóxico. Por outra parte aínda se conservan formacións dunares de certa entidade, nas que se poden atopar cordóns de dunas móbiles colonizados por comunidades de *Ammophila* e dunas fixas cubertas por diversas comunidades de herbáceas e mato. Todo este conxunto intermareal acolle unha gran variedade de especies faunísticas, entre as que sobresaen as aves. Destacan entre estas as acuáticas, como limícolas, anátidas, aves mariñas e algunhas ardeidas (garzas e semellantes). Como especies principais compre citar o alavanco real (*Anas platyrhynchos*), pato asubión (*Anas penelope*), pilro curlibico (*Calidris alpina*), píllara real (*Charadrius hiaticula*) e agullas (*Limosa spp.*). entre os mamíferos é importante salientala presenza da lontra (*Lutra lutra*), tanto no río coma nas brañas e na propia ría. Dentro do grupo dos peixes compre salientala poboación de escalo (*Chondrostoma polylepis*) e a presenza esporádica de salmón (*Salmo salar*).



Vista do esteiro do Tambre

4.7.3. Praias

A costa do concello de Outes caracterízase por ser escarpada (aínda que non acantilada), e conta con varias praias: as principais son as de Broña, Picouso e as de Arnela e Portosiavo no Freixo.

A praia de Broña está formada por area branca fina e ten unha lonxitude de 490 m e unha anchura media de 16 m. Presenta un baixo grao de ocupación e urbanización rústica e de baixa intensidade.



Praia de Broña

A de Picouso é de area branca fina, ten 120 m de lonxitude e 15 m de anchura media. O grao de ocupación e baixo e o de urbanización nulo.



Praia de Broña. Vista aérea

4.7.4. Inventario de zonas con fragilidade ambiental

Co fin de elaborar un inventario de zonas con fragilidade ambiental, identificamos catro tipos de espazos susceptíbeis de albergar medios fráxis dende o punto de vista ecolóxico e paisaxístico:

1. Espazos naturais protexidos

Espazos con protección legal que, en Galicia, se clasifican en nove categorías, en función dos bens e valores a protexer:

- Reservas naturais
- Parques Nacionais e parques naturais
- Espazos naturais de protección xeral
- Monumentos naturais
- Humedais protexidos
- zonas de especial protección de aves (ZEPAs)
- Zonas de especial protección de valores naturais
- Espazos naturais de interese local
- Espazos privados de interese natural

2. Espazos de interese paisaxístico

Concas e fitos visuais con alta calidade paisaxística

3. Zonas costeiras, cursos fluviais e espazos de ribeira

Aquelas áreas costeiras, ríos e bosques ripícolas que non teñan de protección específica, pero que merecen especial consideración polas súas cualidades naturais.

4. Ecosistemas fráxiles

Áreas de bosque autóctono e outras zonas que, en xeral, presenten unha escasa capacidade de acollida de actividades antrópicas.

INVENTARIO DE ZONAS CON FRAXILIDADE AMBIENTAL		
tipo/denominación	descripción	superficie (ha)
1.- Espacio Natural Protexido		
Esteiro do Tambre	Rede Natura 2000 Lugar de Interese Comunitario	1.580
2.- Espacio de interese paisaxístico		
Monte Tremuzo	Mirador	
A Serra de Outes	Paisaxe forestal	
3.- Zonas costeiras, cursos fluviais, humedais e espazos de ribeira		
Pontenafonso	humidal de esteiro	4,37
Braña de Cotro	humidal	28,75
Veigas do río Bendimón	humidal	0,09
Veigas de cú de mula	humidal	0,25
Pedra de Coiro	humidal	7,27
4.- Ecosistemas fráxiles		

Concello de Outes

4.8. Fauna e flora

Nesta zona predomina claramente a vexetación espontánea e –sobre todo- de repoboación sobre o espazo cultivado. Desde o punto de vista fitosociolóxico, as comunidades vexetais forman parte da rexión eurosiberiana do reino floral holártico, aínda que teñen influencias mediterráneas.

Neste territorio só aparecerían representados dous dos pisos bioclimáticos definidos por Rivas-Martínez (1987): Termocolino e Colino.

Para estes pisos, este autor establece como a vexetación potencial (climática) do sector Galaico-Asturiano Setentrional á Serie acidófila colino-montana orocantábrico-galaica do carballo (*Blechno spicanti* –*Querceto roboris sigmetum*), cúa especie dominante é o carballo (*Quercus robur*). Outros bioindicadores da etapa forestal desta serie son *Blechnum spicant*, *Saxifraga spathularis*, *Viola riviniana*. Sen embargo, a superficie actualmente cuberta pola vexetación potencial no área é escasa, xa que foi reiteradamente desprazada por cultivos e repoboacións forestais. Por iso, nas áreas que non se dedican ó aproveitamento forestal ou agrícola, predominan as etapas de regresión da carballeira (matorrais e pastizais). Dentro dos matorrais mestos, os elementos máis característicos son: *Cytisus ingramii*, *Cytisus scoparius*, *Erica arborea*, *Pteridium aquilinum*; mentres que nos matorrais máis degradados aparecen *Daboecia cantabrica*, *Erica mackaiana*, *Ulex gallii*, *Agrostes setacea*. Por último, os pastizais de substitución caracterízanse pola presenza de elementos como *Agrostes capillaris*, *Trifolium repens* ou *Sieglingia decumbens*.

No piso termocolino atopámonos con *Blechno spicanti* – *Querceto roboris sigmetum* subasociación *lauretosum nobilis* (é unha subasociación da mesma serie caracterizada pola entrada de elementos

máis termófilos: *Laurus nobilis*, *Arbutus unedo*, *Loura peregrina*, *Pulmonaria longifolia*, *Primula vulgaris*, *Rhamnus alaternus*).

CINTURÓN	SERIE	ESPECIES CARACT.
Matos, na beira do litoral	<i>Angelico pachycarpae</i> – <i>Ulicetum maritimi</i> .	<i>Erica cinerea</i> <i>Erica vagans</i> <i>Erica umbellata</i> <i>Genista occidentalis</i> <i>Ulex europaeus</i> <i>Ulex gallii</i> <i>Cirsium filipendulum</i>
Pradeiras no nivel aerohalino. Pendiente intermedia.	<i>Dauco gummifer</i> - <i>Festucetum pruinosa</i> .	<i>Festuca rubra</i> subsp. <i>pruinosa</i> <i>Dactylis glomerata</i> <i>Leucanthemum merinoi</i> <i>Angelica pachycarpa</i> <i>Rumex acetosella</i> subsp. <i>biformis</i>
Especies halocormófitas. Zona de maior pendente.	<i>Spergulario rupicolae</i> - <i>Armerietum maritimae</i> .	<i>Armeria pubigera</i> subsp. <i>pubigera</i> <i>Armeria maritima</i> <i>Plantago maritima</i> <i>Spergularia rupicola</i> <i>Limonium binervosum</i>

Na zona máis próxima á costa, obviamente a vexetación climática non se pode desenvolver (debido a factores como o vento, sal, estres hídrico, etc). As series de vexetación dos cantís do sector Galaico-Asturiano distribúense en tres cintos de vexetación, dende a zona máis alta, á máis próxima ó mar:

Na área de costa atopámonos con unha serie de endemismos relacionados con substratos ultrabásicos: *Centaurea borjiae*, *Cytisus commutatus* subsp. *merinoi*, *Leucanthemum pluriflorum*, *Sagina merinoi*.

Outros endemismos do litoral son: en zona de cantís, *Angelica pachycarpa*, *Armeria pubigeira*, *Centaurea corcubionense*, *Coincya johnstonii*, *Leucanthemum merinoi*, *Jasione montana* subsp. *gallaecica*; en zona de dunas, *Coincya johnstonii*, *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica*, *Silene scabriflora* subsp. *gallaecica*.

Polo que fai ós cultivos e aproveitamentos, a suma de topografía, clima e solo supoñen no seu conxunto as variábeis que maior incidencia teñen nos usos que o home fai do territorio. En base a datos numéricos, conclúese que existen tres grandes tipos de superficies de ocupación, que por orde de importancia serían: monte arborado, mato e terras de labor (incluída a pradería). As difíciles condicións orográficas provocan o predominio do uso a monte (arborado, con mato ou combinación de ambos).

O monte arborado ocupa boa parte da superficie municipal, sendo o piñeiro (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) as especies máis estendidas, aparecendo frecuentemente entremezcladas. Do resto de especies destacan as chamadas autóctonas, onde sobresa a combinación carballo-vidoeira. A estas dúas especies engádeselles o castiñeiro. A vexetación de ribeira, constituída fundamentalmente por ameneiros, “freixos”, salgueiros, castañeiros, contribúe á diversidade de especies

no lugar, á importante función de fixaxe de canles e, por suposto, ó enriquecemento paisaxístico e medioambiental do contorno

O mato sitúase nas terras de peores condicións, onde se fan especialmente difíciles os traballos de coidado do monte. As especies arbustivas máis importantes encanto a ocupación de solo son o toxo (*Ulex nanus*, *Ulex gallii* e *Ulex europaeus*) e a uz (*Erica cinerea* e *Erica ciliaris*).

As terras de labor e praderías ocupan habitualmente as terras de mellores condicións. Das praderías obtense un aproveitamento herbáceo para a produción de forraxe, ben sexa para pasto ou para almacenar; en seco (feno) e en verde (silo). Os prados e pastizais adoitan ocupar vagoadas, proximidade de fontes e correntes de auga, zonas húmidas e vales pouco drenados, e en xeral zonas de pendentes suaves ou moderadas, nas que é frecuente modificar o curso natural dos regatos para canalizar a auga directamente ós pastos. Ó borde destas zonas de pradería adoitan situarse as diversas entidades de poboación, constituídas tradicionalmente por casas rurais, con engadidos agrícolas, naves para gando e pequenos cultivos de horta anexos.

O terreo dedicado máis propiamente a labor (labradío) desenvolve cultivos onte denominados de subsistencia (como o millo e a pataca) pola función que desempeñan na economía familiar; xunto a outros pequenos cultivos de tipo hortícola: repolos, chícharos, leitugas, árbores froitais, etc.

Polo que se refire á fauna, e segundo os datos aportados no Atlas de Vertebrados de Galicia, realizado pola Sociedade Galega de Historia Natural e editado polo Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela, 1995), no termo municipal de Outes podémonos atopar coas seguintes especies animais:

PECES e CICLÓSTOMOS	
Salmón (<i>Salmo salar</i>)	Reo (<i>Salmo trutta trutta</i>)
Trucha (<i>Salmo trutta fario</i>)	Anguila (<i>Anguilla anguilla</i>)
ANFIBIOS e REPTÍS	
Lagartija de agua (<i>Triturus boscai</i>)	Salamandra (<i>Salamandra salamandra</i>)
Salamandra gallega (<i>Chioglossa lusitanica</i>)	Sapo rallado (<i>Discoglossus galganoi</i>)
Sapo común (<i>Bufo bufo</i>)	Rana ibérica
Rana roja (<i>Rana temporaria</i>)	Rana verde (<i>Rana perezi</i>)
REPTÍS	
Escáncer común (<i>Anguis fragilis</i>)	Lagartija gallega (<i>Podarcis bocagei</i>)
Lagartija de la sierra (<i>Lacerta monticola</i>)	Culebra de collar (<i>Natrix natrix</i>)
Esgonzo común (<i>Chalcides striatus</i>)	Víbora de Seoane (<i>Vipera seoanei</i>)
MAMÍFEROS	
Puercoespín (<i>Erinaceus europaeus</i>)	Murciélago común (<i>Rhinolophus hipposideros</i>)
Topo (<i>Talpa occidentalis</i>)	Murciélago ratero grande (<i>Myotis myotis</i>)

Ratón de almizcle (<i>Galemys pirenaicus</i>)	Murciélago orejudo común (<i>Plecotus auritus</i>)
Liebre (<i>Lepus capensis</i>)	Conejo bravo (<i>Oryctolagus cuniculus</i>)
Lirón careto (<i>Eliomys quercinus</i>)	Ardilla (<i>Sciurus vulgaris</i>)
Rata de agua común (<i>Arvicola sapidus</i>)	Rata común (<i>Rattus norvegicus</i>)
Rata de campo (<i>Rattus rattus</i>)	Ratón de campo (<i>Apodemus sylvaticus</i>)
Ratón casero (<i>Mus musculus</i>)	Hurón (<i>Mustela putorius</i>)
Zorro (<i>Vulpes vulpes</i>)	Armiño (<i>Mustela erminea</i>)
Comadreja (<i>Mustela nivalis</i>)	Tejón (<i>Meles meles</i>)
Gineta (<i>Genetta genetta</i>)	Gato montés (<i>Felis sylvestris</i>)
Jabalí (<i>Sus scrota</i>)	Guarduña (<i>Martes foina</i>)
Nutria (<i>Lutra lutra</i>)	Corzo (<i>Capreolus capreolus</i>)
AVES	
Cuervo marino cristado (<i>Phalacrocorax aristotelis</i>)	Gavilán (<i>Accipiter nisus</i>)
Ratonero común (<i>Buteo buteo</i>)	Halcón (<i>Falco subbuteo</i>)
Lagartero (<i>Falco tinnunculus</i>)	Perdiz rubia (<i>Alectoris rufa</i>)
Paspallás (<i>Coturnix coturnix</i>)	Gaviota clara (<i>Larus argentatus</i>)
Bilurico bailón (<i>Actitis hipoleucos</i>)	Cuco común (<i>Cuculus canorus</i>)
Paloma torcaz (<i>Columba palumbus</i>)	Tórtola común (<i>Streptopelia turtur</i>)
Lechuza común (<i>Tyto alba</i>)	Martín pescador (<i>Alcedo atthis</i>)
Vencejo común (<i>Apus apus</i>)	Pájaro carpintero (<i>Dendrocopos major</i>)
Peto verdeal (<i>Picus viridis</i>)	Golondrina común (<i>Hirundo rustica</i>)
Laverca (<i>Alanda arvensis</i>)	Búho común (<i>Athene noctua</i>)
Lavandera verdeal (<i>Motacilla flava</i>)	Lavandera blanca (<i>Motacilla alba</i>)
Lavandera real (<i>Motacilla cinerea</i>)	Reyezuelo (<i>Troglodytes troglodytes</i>)
Mirlo de río (<i>Cinclus cinclus</i>)	Fulepa (<i>Acrocephalus scirpaceus</i>)
Azulenta común (<i>Prunella modularis</i>)	Papuxa común (<i>Sylvia communis</i>)
Fulepa amarilla (<i>Hippolais polyglotta</i>)	Picafollas común (<i>Phylloscopus collybita</i>)
Papuxa montesa (<i>Sylvia undata</i>)	Picaxuncos (<i>Cisticola juncidis</i>)
Estreliña riscada (<i>Regulus ignicapillus</i>)	Pedreiro cincento (<i>Oenanthe oenanthe</i>)
Chasco común (<i>Saxicola torquata</i>)	Rabirrubio tizón (<i>Phoenicurus ochurus</i>)
Mirlo azul (<i>Monticola solitarius</i>)	Petirrojo (<i>Erithacus rubecula</i>)
Mirlo común (<i>Turdus merula</i>)	Ferreiriño cristado (<i>Parus cristatus</i>)
Ferreiriño subeliño (<i>Aegithalus caudatus</i>)	Ferreiro bacachís (<i>Parus caeruleus</i>)
Ferreiriño común (<i>Parus ater</i>)	Piquela azul (<i>Sitta europaea</i>)
Ferreiro abelleiro (<i>Parus major</i>)	Trigueiro (<i>Emberiza calandra</i>)
Gabeador común (<i>Certhia brachydactyla</i>)	Escribenta riscada (<i>Emberiza cia</i>)
Escribenta real (<i>Emberiza citrinella</i>)	Xirín (<i>Serinus serinus</i>)
Pimpín común (<i>Fringilla coelebs</i>)	Jilguero (<i>Carduelis carduelis</i>)
Verderol común (<i>Carduelis chloris</i>)	Pardillo (<i>Acanthis cannabina</i>)

Ruiseñor real (<i>Pyrrhula pyrrhula</i>)	Estornino negro (<i>Sturnus unicolor</i>)
Gorrión común (<i>Passer domesticus</i>)	Cuervo (<i>Corvus corone</i>)
Urraca rabilonga (<i>Pica pica</i>)	

4.9. A paisaxe

A paisaxe pode definirse como a percepción que se posúe dun sistema ambiental. A consideración da paisaxe como medio ambiente implica dous xeitos fundamentais: a paisaxe como aglutinador dunha serie de características do medio físico e a capacidade que ten unha paisaxe para absorber os usos e actuacións que teñen lugar sobre él. Non obstante, o tratamento da paisaxe presenta a dificultade de atopar unha sistemática obxectiva para o medir, se ben case todos os modelos cadran en tres apartados: a visibilidade, a calidade paisaxística e a fragilidade da paisaxe, definida como a capacidade para absorber os cambios que se producen nel. Así, os factores que integran a fragilidade son: biofísicos (solo, vexetación, cromatismo, etc.), morfolóxicas (concas e fitos visuais, etc.) e a presión humana.

O concello de Outes presenta unha elevada calidade paisaxística, a pesar da intensa humanización do territorio. Esta calidade paisaxística derivase dunha boa conservación do hábitat e do contraste entre costa e montaña nun treito moi pequeno. Na serra, cunha gran superficie forestal, atópanse paraxes de gran calidade, e nos 20 Km de costa, de facies recortada e baixa, atópanse areas, treitos rochosos e pequenos portos, pasando polo esteiro que forma a desembocadura do Tambre no fondo da ría.



O Freixo

O trazo máis significativo da paisaxe de Outes é a elevada altitude media (ver o modelo dixital do terreo de Outes, páxina 33), que destaca sobre as suaves ondulacións dos concellos limítrofes, con algúns dos máis elevados perfís de toda a ría de Muros e Noia, e que contrastan coa escasa distancia ó mar,

como a Pedra Serpal, en Cando (419 m), a Pedra da Pena, en San Ourente (503 m), o Picouto (511 m) e o Tremuzo, unha das maiores alturas da comarca, con 531 m.

No cumio do monte Tremuzo, e estendéndose polos concellos de Muros e Mazaricos, ademais do de Outes, e ocupando unha superficie total de 1.835 ha, está o parque eólico “Pedregal-Tremuzo”, declarado de utilidade pública e recentemente ampliado, ten unha potencia instalada de 30,6 mW.



Parque eólico “Pedregal-Tremuzo”. Vista do monte Tremuzo

A paisaxe complétase coas penachairas de Valadares e A vaqueira, e os amplos vales que forman os ríos Donas, Rial, Tins, Bendimón e Roo.

Mención aparte merece a costa, de morfoloxía baixa na súa maior parte, recortada e salpicada de pequenos areas, onde destaca a praia de Broña, portos como o do Freixo e enseadas, como a de Langaño, formada polas desembocaduras dos ríos Tins e Tambre.

4.9.1. Tipoloxías de paisaxe

Unha vez analizado o territorio, este divídese en unidades homoxéneas, e para iso, realízase un inventario dos feitos parciais que compoñen a paisaxe, mediante:

- Análise da cartografía existente da zona obxecto de análise.
- Fotointerpretación de fotogrametría.
- Traballo de campo, no que se confirman ou modifican os límites das unidades e a veracidade dos datos reflectidos na cartografía consultada.
- Análise dos factores que inciden no territorio –xeomorfoloxía, hidroloxía, vexetación, edafoloxía e incidencia humana, entre outros, e establécese a cartografía definitiva.

As distintas características superpóñense para formar as Unidades da Paisaxe. Esta división do territorio debe permitir obter maior información sobre as súas cualidades para o seu posterior tratamento. Trátase de lograr unidades de paisaxe homoxéneas tanto nos compoñentes que a conforman como na resposta visual ante posíbeis actuacións.

Estas unidades, á súa vez, agrúpanse no que se denomina tipoloxías de paisaxe, e son as seguintes:

Paisaxe urbanizada

Formado pola paisaxe de núcleos urbanos e/ou rurais concentrados, áreas de equipamentos e áreas industriais

Paisaxe rural

Formado polas áreas de cultivos e praderías, incluíndo o poboamento difuso

Paisaxe seminatural

Formado polos bosques disclímax e o mato substitutivo

Paisaxe natural

Formado pola vexetación autóctona, e dicir, polos bosques caducifolios e os bosques ripícolas.

Paisaxe urbanizada

A paisaxe urbanizada de Outes esténdese máis ou menos uniformemente ó longo da estrada C-550, incluíndo o núcleo da Ponte Nafonso. É dicir, na franxa litoral, na área de menor altitude. Destacan os núcleos de Serra de Outes (capital municipal), Cruceiro de Roo e a Ribeira do Freixo. Outro eixo urbano, de menor entidade, vai dende Santo Ourente de Entíns cara o sur do concello, ata o núcleo de Serra de Outes, no entronque coa estrada C-550.



Serra de Outes. Vista aérea



Núcleo urbano de Serra de Outes. Detalle

Trátase dun tecido urbano pouco denso e descontinuo, cunha tipoloxía moi mesturada, onde se combina a arquitectura tradicional coa vivenda de nova construción.

Entre os núcleos citados e o longo da estrada aparece un poboamento difuso, con predominio da vivenda unifamiliar, aínda que nos núcleos urbanos citados non está ausente a edificación colectiva.



Casa do concello de Serra de Outes



O Freixo

Paisaxe rural

A paisaxe rural aparece fundamentalmente nas áreas de altitude media, onde as condicións para o desenvolvemento da agricultura son óptimas en relación co resto do territorio municipal. Este tipo, que inclúe os núcleos rurais, está máis presente na metade occidental do concello, e máis concretamente, no cuarto noroccidental, onde aparece unha rede de pequenos núcleos, rodeados por terras de labor que conforman o alfoz dos núcleos. Estes teñen unha elevada calidade paisaxística, xa que se trata de núcleos pequenos, cun casarío pechado e en relativamente bo estado de conservación.




Paisaxe rural

Como ocorre en toda Galicia, esta paisaxe aparece frecuentemente mesturada con vexetación de repoboación e tamén con vexetación natural.

Paisaxe natural

A paisaxe natural de Outes inclúe o treito de costa (integrada no LIC “Esteiro do Tambre”, xa descrito no punto 4.7.1. deste informe); as ribeiras dos ríos, ricas en vexetación ripícola, e os bosquetes de frondosas que salpican a paisaxe rural.



Vexetación ripícola no río Tins, no seu tramo urbano

Paisaxe seminatural

É a tipoloxía máis presente, sobre todo nas partes máis elevadas do concello, nos límites cos concellos de Negreira (Monte da Pena) e Mazaricos. Trátase de densos bosques de eucalipto e piñeiro de repoboación, que ocupa as partes máis accidentadas do terreo.

Outras unidades

Por outro lado, hai que ter en conta aquelas áreas ou espazos de interese paisaxístico como son o monte Tremuzo, situado nas terras altas do Freixo e Valadares, sendo este un magnífico lugar para a práctica do sendeirismo. No alto do mesmo se localiza un miradoiro dende o que se contempla, en toda a súa extensión, a ría de Muros-Noia. Se o día é claro se ve o tramo final do río Tambre, a desembocadura do Tins na enseada do Engano, que une as súas augas neste lugar ao anterior, a punta de Corrubedo, o anfiteatro montañoso da Serra do Barbanza e a vila de Muros co Monte Louro de vixía.

Tamén teñen interese as praias que aparecen nas súas costas, sendo a de Broña, en San Cosme, unha das máis concorridas de toda a comarca durante os meses estivais, dada a facilidade de acceso, grazas a unha estrada que enlaza coa comarca Santiago- Muros, á altura de Catasueiro.

Compre destacar neste apartado as ribeiras de varios ríos, os cales no seu discorrer forman en ocasións profundos vales onde existe vexetación típica de ribeira e bastante tupida.

4.10. Síntese da situación actual e problemática do concello

Síntese do medio físico

O principal problema neste senso deriva da grande dispersión que presenta a poboación de Outes en particular, agrupándose en núcleos de tamaño diverso, dende o conxunto de núcleos sen solución de continuidade ata os pequenos núcleos de tipoloxía pechada, espaxados por todo o territorio municipal. Non obstante, as especiais características topográficas do concello fixeron que grandes zonas de orografía accidentada quedaran sen colonizar, polo que presentan na actualidade unha compoñente ambiental e ecolóxica de gran valor, que deben ser protexidas dende o planeamento.

Así, compre destacar o monte Tremuzo, o alto das vaqueiras e a desembocadura do río Tambre, así como o tramo litoral protexido e catalogado no espazo da Rede natura chamado “Esteiro do Tambre”, o cal xunto coa zona costeira definida polo deslinde marítimo-terrestre debe ser protexido dende o planeamento.

Por outra banda naquelas áreas nas que a dispersión é máis evidente, sobre todo na zona costeira, provócase que na interrelación núcleos rurais - medio físico se produzan afeccións sobre este último, normalmente de carácter leve, agás en casos puntuais, vinculados a fenómenos de segunda residencia. Este feito pode apreciarse na colonización do medio agrícola con vivendas non vinculadas á explotación dos recursos do medio no que se asentaron e provocando fenómenos de urbanización de solo rústico, feito que, dende o planeamento, hai que evitar e mesmo corrir.

Polo que fai ao aspecto técnico, as características do mesmo no ámbito do concello de Outes, fará tomar precaucións nas condicións construtivas dos edificios naqueles terreos que poidan presentar problemáticas dos seguintes tipos:

- Litolóxicas: existen áreas que presentan formacións cun grao de alteración superficial importante. Isto implica que a capacidade portante destas zonas sexa inferior á rocha san, sendo necesario, ao acometer unha obra determinar a potencia da zona alterada, así coma a súa capacidade de carga, para estimar se a resistencia do terreo é suficiente para soportar as estruturas que sobre este se sitúan.
- Xeomecánicas e Xeomorfolóxicas: refírese a terreos con capacidade de carga moi baixa que fan necesarias cimentacións máis profundas, apoiadas en estratos resistentes, a terreos con fortes pendentes topográficas e de accesibilidade difícil.
- Hidrolóxicas: refírese a áreas con drenaxe deficiente, que poden producir pozas en períodos de chuvia, e a áreas con posible agresividade por infiltración, o que fai necesario o emprego de cimentos especiais na realización de pavimentos.

Débese prestar especial atención á rede de acuíferos existente no concello, protexendo o seu percorrido de actuacións que puideran afectar a este medio e o seu entorno.

Síntese dos aspectos socioeconómicos

A evolución demográfica do concello ao longo do século XX resulta variábel. A primeira etapa poboacional iría dende 1900, cando o concello presenta 9.160 habitantes ata 1950 cando se rexistran 11.303 habitantes, dentro dun período de crecemento continuado de poboación, sen ningún descenso intermedio. É a partir de 1960 cando comeza unha segunda etapa de descenso poboacional dende os 10.734 habitantes rexistrados ese ano ata os 8.243 de feito do censo de 2003. Actualmente a situación é de regresión. A diferenza entre as poboacións de 1996 e 2006 indican claramente esa tendencia. Non obstante o crecemento vexetativo que fora positivo na década dos setenta móstrase coma un dos puntos de posíbel perda de poboación.

Pola súa banda o saldo migratorio presenta uns datos aparentemente contraditorios. As saídas netas do concello foran elevadas nos setenta, cando o saldo é negativo e a perda poboacional por ese concepto foi de 620 habitantes. Entre 1981 e 1991 é cando se produciu a emigración neta máis acentuada, coa perda de 1.400 habitantes, unha taxa migratoria do -14,3%. No quinquenio 1991-96 o saldo é positivo en 228 habitantes, cunha taxa de 2,5%.

No que se refire aos grupos de idade, os máis numerosos son os situados entre os 13 e os 24 anos, un 15% do total, superior ao do grupo de máis xoves, o que revela que dende fai unha década a natalidade non asegura o reemprazo da poboación. O problema do envellecemento detéctase en que os menores de 15 anos diminuíron de 1.609 de 1991 aos 1.217 de 1996, e a súa porcentaxe baixa neste período dende o 17,3% ao 13,1%. En sentido contrario aumenta a proporción de maiores de 65 anos, que si no último censo representaba o 19,6 da poboación, no padrón de 96 chagaba ao 21,3% do total.

O problema demográfico máis importante a contemplar, aparte do xeral do país relativo ao envellecemento da poboación cun crecemento vexetativo moi baixo, é a disgregación da poboación, ocupando amplas zonas do medio rural, colonizando os terreos agrícolas coa merma de aproveitamento que isto supón.

Non obstante, hai que sinalar que a distribución da poboación no ámbito do termo municipal é moi desigual. O crecemento experimentado pola capital municipal e as apetencias para colocacións residenciais, tanto de residencia habitual como de segunda residencia, que supón o borde litoral do concello, levou consigo un aumento de poboación nos núcleos das parroquias costeiras e lindantes coa mencionada capital, creando un continuo edificado entre os distintos núcleos que forman as unidades parroquiais.

No outro extremo sitúase o resto do termo municipal, con grandes conxuntos de núcleos regresivos ou fortemente regresivos, que afectan por igual a núcleos pequenos e de maior tamaño, nos cales se producen movementos migratorios locais, tanto cara a capital municipal como ás vilas dos concellos limítrofes.

O planeamento debería contemplar a ordenación da edificación, por un lado atendendo e regulando os crecementos periféricos ao núcleo urbano poñendo especial atención no correcto dimensionamento dos sistemas xerais e os equipamentos, e por outro o ordenamento e limitación das edificacións de borde de litoral xurdidas á marxe dos núcleos orixinarios e que a día de hoxe se converteron en asentamentos consolidados, e por último delimitando áreas para a colocación das novas vivendas que se producen nos arredores dos núcleos do resto do termo municipal.

O concello presenta unha segmentación clara en canto á súa actividade económica: por un lado, existen unhas áreas de clara vocación urbana (Serra de Outes, Cruceiro de Roo, Ribeira de Freixo e Ponte Nafonso), onde priman os sectores secundario e terciario, e por outro, o resto do termo municipal, de carácter rural, de claro carácter primario, agropecuario ou pesqueiro-marisqueiro, ou de asentamento de poboación cuxa actividade se desenvolve fóra do termo municipal. Esta especialización observada no termo municipal, debe servir de guía para a correcta distribución de actividades no territorio, de forma que a creación de solo industrial e residencial, non invada as zonas de actividade agraria, e á vez, se libere do uso industrial a maior parte posíbel do solo urbano, posto que na actualidade existen enclaves con excesiva proximidade ao núcleo residencial.

Aínda que non se detectaran ata a actualidade conflitos co medio agrícola derivados da crecente urbanización dalgúns parroquias do concello, as máis costeiras, cómpre unha delimitación da área urbana que preserve de forma clara a área rural e o entorno agrícola, e posibilite o correcto desenvolvemento da actividade primaria.

O desenvolvemento industrial do concello de Outes viuse limitado ata a actualidade, pola saturación das vías de comunicación existentes, e pola carencia de solo industrial convintemente dotado. Isto dou lugar á aparición de industrias vinculadas exclusivamente á accesibilidade, en entornos non axeitados para a súa implantación. A creación de solo destinado a estes fins, así coma o recoñecemento das

implantacións que se consideren axeitadas co entorno, estaleiros de Ribeira do Freixo ou outras, considérase fundamental á hora de abordar o planeamento deste concello.

A sobreesaturación das infraestruturas de transporte e a limitación das mesmas, débese corraxir de modo axeitado, coa ampliación das mesmas, xunto coa dotación de accesos cómodos ás mesmas, para poder estimular o tecido empresarial local.

Síntese do medio urbano

O medio urbano de Outes encóntrase constituído pola súa capital municipal, A Serra, centro de vida municipal e unha serie de subcentros, nos que se albergan actividades económicas relacionadas co sector servizos e a industria, Cruceiro de Roo, Ponte Nafonso e Ribeira do Freixo.

O núcleo de A Serra está situado na zona costeira do concello, na desembocadura do río Tines, na encrucillada das estradas AC-550, CP-3304, CP-6202 e CP-5604. Neste núcleo é onde se concentra practicamente toda a vivenda residencial colectiva do termo municipal e a maior parte das actividades económicas non vinculadas ao sector primario. A situación reflicte a problemática dunha vila de tipo medio, rolda os 1.200 habitantes, no que a dispersión que sofre a edificación crecendo ao longo do viario provocando, ao alonxarse do centro, unha serie de disfuncionalidades e mestura de tipoloxías que sería necesario atallar. Polo que respecta aos tres subcentros que complementan o medio urbano do concello de Outes, caracterízanse pola súa colocación, completando o elevado número de asentamentos que se producen na zona litoral do termo municipal. Teñen en común a súa vinculación á estrada AC-550 ao longo da que xurdiron, completando un tecido transversal que tamén sería necesario completar dende a redacción do presente planeamento. Ribeira de Freixo caracterízase pola súa especial vinculación coas actividades portuarias e de construción e reparación de barcos. A edificación característica é a residencial unifamiliar entre medianeira, aínda que tamén existen varias edificacións residenciais colectivas. Cruceiro de Roo, situado fóra do borde litoral, ao longo da estrada AC-550, caracterízase pola súa especial vinculación co sector terciario, constituíndo o centro dos asentamentos que van dende Catasueiro ata Brión, incluíndo a zona de Serantes e a vinculada á praia de Broña ademais dunha ampla zona dos asentamentos interiores situados ao norte do núcleo. Neste núcleo alterna, mesturándose entre elas, a vivenda unifamiliar coa colectiva, illada ou apegada, considerándose un problema que debería resolverse coa redacción do Plan. O núcleo de Ponte Nafonso, o mesmo que o de Cruceiro de Roo, caracterízase por constituírse en centro de servizos dunha ampla zona, que neste caso constitúen tódolos núcleos vinculados á desembocadura do Tambre. Contrariamente ao resto de núcleos non se detectan excesivos problemas vinculados á mestura de tipoloxías.

A afección principal que se produce no núcleo urbano da Serra refírese principalmente á súa relación co entorno rural lindante, sen case gradente de edificación cara o solo rústico, coa edificación avanzando ao ritmo que avanzan os servizos e con urbanizacións xurdidas á marxe da legalidade que colonizan ámbitos de solo rústico sen os mecanismos axeitados de xestión que garantan o correcto reparto de cargas e beneficios.

Por outra banda debido á presión urbanística e á estrutura viaria o núcleo urbano tende á discontinuidade da edificación, xerándose construcións na periferia sen que aínda se atopen totalmente rematadas as do centro urbano. Sería desexable dende o planeamento a concentración e remate do tecido residencial existente, xerando esta mediante a redución de solo urbano de licenza directa e a previsión de mecanismos de xestión para o remate das zonas discontinuas.

Os problemas detectados no núcleo de Ribeira de Freixo refírense fundamentalmente á mestura de tipoloxías da edificación e á necesidade de introducir os mecanismos de xestión precisos para conseguir unha ordenación axeitada cun parcelario fragmentado en exceso e un viario insuficientemente dimensionado. Ó mesmo que no núcleo de A Serra, a introdución de mecanismos de xestión que garantan a resolución destes problemas considérase fundamental.

As características de viario e parcelario de Cruceiro de Roo e Ponte Nafonso fan que as únicas perspectivas necesarias previstas para este núcleo pasen pola unificación de tipoloxías e ordenanzas có fin de asegurar un conxunto máis harmónico, ademais de resolver a transición do solo urbano co entorno rural no que se atopa.

4.11. Evolución en caso de non aplicación do PXOM (Alternativa “0”)

Da non aplicación do PXOM ou Alternativa “cero” dende o punto de vista ambiental e urbanístico non se aprecian efectos positivos no conxunto do territorio municipal, toda vez que, precisamente, a aplicación do PXOM ten a intención de corrixir problemas xerais do concello, tal como queda reflectido no punto 5 (Criterios e obxectivos ambientais estratéxicos do PXOM de Outes) do presente informe

Pola contra, a non aplicación do PXOM ou Alternativa “cero” podería xerar, dende o punto de vista ambiental e urbanístico, os seguintes efectos negativos ou non desexados:

- Unha degradación da paisaxe rural pola planificación de tipoloxías construtivas sen planificación e sen tratamento axeitado, apoiadas nunha rede viaria non deseñada para este fin.
- A falla de concreción no desenvolvemento urbano supón un desequilibrio entre o número de vivendas e as expectativas reais do concello. Esta situación pode desembocar en unha maior proliferación de situacións de indisciplina urbanística en solos non axeitados para o desenvolvemento urbano.
- Déficits de equipamentos socioculturais que dean resposta axeitada á malla difusa xerada pola falla de centralidades claras.
- Déficit da rede de sumidoiros e tratamento de refugallos. O difuso construtivo impide a concreción dunha rede que de resposta a esta eventualidade
- Unha ocupación anárquica do territorio sobre a base dunha rede rural de camiños xurdida sen planificación previa.

- Deslocalización das industrias a causa da ausencia de planeamento para esas actividades, o que conlevaría a perda de inversións, diminución da oferta laboral, o reforzo da tendencia á emigración cara outras áreas máis dinámicas e, en definitiva, un atranco ao desenvolvemento socioeconómico do concello.
- Empeoramento da rede de comunicacións por falla de previsión e deseño acorde coas necesidades.
- Problemática coa conservación dos espazos naturais por falla de protección.
- Limitación ó desenvolvemento do concello en tódolos seus aspectos, reforzo da tendencia ao estancamento demográfico e retroceso socioeconómico.

5. Criterios e obxectivos ambientais estratéxicos

Os criterios básicos da política urbanística contida no PXOM de Outes recollen o emanado na LOUPMRG e atópanse de acordo coa lexislación sectorial galega, e son os seguintes:

- **Viabilidade:** canto a localizar as distintas accións en función das súas posibilidades reais e dos obxectivos propostos, minimizando as afeccións negativas e simplificando, na medida do posible, a xestión administrativa.
- **Flexibilidade:** o planeamento debe posibilitar a súa adaptación ós distintos estadios ou fases de desenvolvemento e a diferentes alternativas que se poden producir.
- **Realidade:** O planeamento debe estar de acordo coa capacidade económica, tanto da administración pública como do sector privado. Tamén, debe contemplarse como condicionante a parcelación actual do solo.
- **Equidade:** Debe evitarse a xerarquización do territorio en áreas de diferente nivel de calidade como consecuencia do planeamento.

Pola súa parte, os obxectivos xerais deste PXOM, entendidos como metas ou aspiracións fixadas son os seguintes:

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes parte co propósito de adaptar a ordenación urbanística á lexislación vixente, e o de acometer unha nova política urbanística tendinte a perfeccionar o modelo territorial existente mediante a introdución dos sistemas de xestión e actuación que o novo marco legal nesta materia posibilitou, evitando que o proceso urbanizador xere desequilibrios, e polo contrario, poda ser utilizado para mellorar a realidade física existente e o nivel de equipamentos e servizos.

A inexistencia dun Plan Director Comarcal, que defina as directrices xerais de estruturación do territorio, obriga a efectuar unha análise das necesidades e posibles demandas de solo para efectuar a ordenación xeral.

A) Reestruturación funcional do tecido urbano:

- A.1) Equilibrio urbanístico entre diferentes áreas do concello.
 - A.2) Impedir a invasión indiscriminada do territorio.
 - A.3) Completar a trama urbana do núcleo urbano existente, mellorando a súa funcionalidade.
 - A.4) Prever o enlace dos novos crecementos cos núcleos rurais circundantes
- B) Consideración da importancia do medio rural:
- B.1) Manter e fortalecer o actual sistema de núcleos.
 - B.2) Conservar a parroquia como institución básica da convivencia rural.
 - B.3) Potenciar as actividades agropecuarias e forestais.
 - B.4) Potenciar a rehabilitación e recuperación do patrimonio arquitectónico popular.
 - B.5) Eliminar usos non desexados e incompatibles co uso residencial.
- C) Conservación ambiental:
- C.1) Conservar a paisaxe natural e os seus compoñentes individualizados (acuíferos, cursos fluviais, masas forestais, etc.).
 - C.2) Conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental. O estudio pormenorizado establece detalladamente este obxectivo en relación co patrimonio arquitectónico e cultural.
 - C.3) Conseguir para uso público, áreas de interese que pasen a constituír o sistema xeral de espazos libres do termo municipal.
 - C.4) Recoñecer e potenciar aquelas áreas con alto valor ecolóxico, incluídas ou non en inventarios de espazos naturais.
 - C.5) Ordenar adecuadamente as actividades vinculadas co aproveitamento dos recursos naturais e transformación de produtos vinculados ao sector primario.
- D) Dotación de elementos Comunitarios:
- D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.
 - D.2) Mellora das actuacións infraestruturais que supoñen unha recuperación da calidade de vida (saneamento, viario e rede xeral de comunicacións).
- E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do concello, conservando cada unha das súas particularidades.
- E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no concello.
 - E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.

E.3) Fomento, de acordo coa Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

E.4) Fomento da rehabilitación da arquitectura tradicional.

5.1. Criterios sectoriais

A formulación e realización do Plan Xeral de Ordenación municipal para o concello de Outes ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanisticamente equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización e procura de maior dinamismo dos sectores produtivos, neste caso os agropecuarios, forestais ou ecoturísticos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia dun núcleo urbano, no que a día de hoxe se concentra a principal consolidación edificatoria e existencia de servizos, a existencia dun entramado de núcleos máis miúdo cúa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O Plan Xeral plantéxase como obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Outes e ser eminentemente realista. Capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan. Un Plan Xeral no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante, sexa notoria e patente.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, asemade, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades agrarias, industriais e comerciais: desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que ós solos se lle asignen.

Para iso, e en directa relación cos problemas urbanísticos detectados, defínense a continuación o sistema de obxectivos urbanísticos sectoriais que a redacción do Plan Xeral persegue.

A relación dos criterios sectoriais do PXOM atópase no punto 3.2.2. da Memoria do PXOM.

5.2. Criterios específicos de marcado carácter ambiental

Completando o anterior, o PXOM de Outes debe contemplar os seguintes criterios específicos:

5.2.1. Criterios respecto á sostibilidade territorial e densidade urbana

A relativa escaseza de solo como soporte da actividade económica, os especiais valores naturais e paisaxísticos do territorio municipal, a singular orografía, a fragilidade dos ecosistemas e o risco de perda de calidade de vida dos habitantes, posto xa de manifesto en diversas áreas da nosa Comunidade Autónoma, obriga a propor accións e previsións dirixidas máis que ó control do crecemento, -en Outes non existe unha forte presión urbanizadora-, a evitar a urbanización e a edificación dispersa ou o consumo inxustificado de novos solos, orientando as actuacións públicas e privadas cara a recuperación, rehabilitación ou reforma da edificación existente e a colmatación dos espazos baleiros nos núcleos urbanos do concello ou en áreas xa antropizadas nos núcleos rurais.

O aumento da densidade nos núcleos rurais tradicionais ten que ir acompañado de unha política de preservación do medio rural co fin de potenciar o seu insustituible valor paisaxístico e ecolóxico, así como soporte de outros usos e actividades innovadoras, dentro do que se entende como “conservación activa do medio rural”.

5.2.2. Criterios respecto dos límites territoriais do crecemento

Na proposta de clasificación adoptáronse criterios restritivos de crecemento. Concretamente, son os seguintes:

- Os crecementos propostos deberán ser proporcionais ó crecemento efectivo da poboación, entendendo como poboación a dos núcleos urbanos do concello e a dos núcleos rurais. Farase unha proxección demográfica para o tempo de duración do PXOM.
- Empregaranse os solos urbanos non consolidados, de pequena superficie nas áreas intersticiais da trama urbana existente, e sectores de solo urbanizable de ensanche na trama existente, estritamente dimensionados ó crecemento previsible.
- Non se plantexan crecementos por ocupación de solo de nova creación, non previstos no planeamento vixente, xa que con este solo e mediante a colmatación dos solares e parcelas vacantes existentes en solos urbanos ou nos núcleos rurais resólvense as necesidades na maior parte dos casos.
- En ningún caso se proporán solos residenciais nas proximidades de calquera espazo natural ou proposto para a súa inclusión na Rede Natura, ou de calquera área recollida neste informe ou no plan como de Protección Ambiental. Tampouco se proporán solos residenciais ocupando formacións orográficas e susceptibles de producir impacto paisaxístico, así como de aqueles solos con pendente superior ó 30%.

5.2.3. Criterios de planeamento respecto ó tratamento do medio rural

Fora das áreas delimitadas polo planeamento como asentamentos, só se permitirán as edificacións relacionadas coa conservación e xestión do medio, actividades agropecuarias e industriais e de servizos incompatibles cos usos propios dos asentamentos ou non procedentes nos solos urbanos, as

instalacións precisas para a extracción de minerais e o aproveitamento das enerxías renovables, as actividades turísticas vencelladas ó medio rural e natural, e as declaradas de interese xeral que precisen de emprazamentos singulares.

En ningún caso de permitirá a edificación nos elementos relevantes da paisaxe, como a costa, cumios ou na franxa de protección dos cursos fluviais.

O PXOM establecerá as características da edificación en solo rústico. Especialmente, deberán establecerse as condicións de edificabilidade, altura, ocupación, distancia entre edificacións, implantación topográfica e paisaxística, con expresa referencia ós accesos e o contorno.

Ademais, o PXOM controlará as súas condicións de implantación no territorio e os impactos producidos, e establecerán as medidas correctoras e compensatorias que procedan.

5.1.4. Criterios respecto dos asentamentos rurais

Os criterios para a delimitación dos asentamentos serán os seguintes:

- O grao de colmatación edificatoria e a antropización do solo
- O carácter tradicional do asentamento e a súa evolución histórica
- As dotacións infraestruturais que posúe
- Para a súa delimitación, terase en conta a estrutura da propiedade

O Plan Xeral establecerá a capacidade máxima de cada núcleo en termos de densidade e de edificabilidade. Así mesmo, independentemente das previsións de crecemento, reservaranse solos para dotación de equipamentos e servizos.

5.2.5. Criterios de planeamento respecto o turismo

a variable paisaxística e a súa adecuación constitúen un importante alicerce do planeamento municipal, esixíndose de calquera actuación edificatoria ou de outra índole a adaptación ás características da paisaxe, os ecosistemas e outros trazos de identidade ou valores naturais dos lugares de implantación.

5.2.6. Criterios de planeamento respecto á paisaxe

Como xa se ten dito, a paisaxe constitúe un importante elemento na planificación do territorio, cuxa consideración e análise producen decisións directas na ordenación, tales como a preservación de áreas vacantes, corrección de dinámicas e tendencias, emprego como recurso, etc.

Neste sentido, plantéxanse os seguintes aspectos e análises:

- Insolación e reflectividade.
- Identificación e apartación de novos valores escénicos mediante o deseño.
- Novos roles de elementos singulares da paisaxe abandonados ou deteriorados.

- Escala e características dos proxectos necesarios para preservar, restaurar ou refacer a paisaxe.
- Criterios para actuacións territoriais que destaquen o valor da paisaxe.

Elementos da paisaxe

- A maior parte do conxunto de estruturas e elementos que aínda conforman e caracterizan a paisaxe agrícola tradicional, debe considerarse patrimonio de valor etnográfico, por ser testemuña e expresión relevante da cultura tradicional galega.
- O conxunto das estruturas rurais constitúe unha importante caracterización da paisaxe tradicional de Galicia, merecedor dunha protección efectiva, integral e xeral, sexa cal sexa o seu estado de conservación

Desde o Plan Xeral crearanse as condicións –na medida do posible- para a aplicación dunha política centrada na axeitada ordenación do deseño vexetal e o arborado, en especial o mantemento e recuperación das árbores existentes no medio rural, mediante a conservación ou rehabilitación das características ecolóxicas e culturais de cada contorno.

Por outra parte, terase en conta que na ordenación, deseño e tratamento dos diferentes espazos urbanos, rurais e naturais, deberán contar coas afeccións sonoras, e plantexar formas axeitadas para a protección, tratamento e xestión.

5.2.7. Criterios de planeamento respecto do patrimonio natural

A preservación da biodiversidade tense convertido nun obxectivo fundamental de tódalas políticas de conservación da natureza, entendendo por conservación o conxunto de medidas encamiñadas ó mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, a preservación da diversidade xenética e o emprego ordenado dos recursos naturais e culturais. En Galicia, este obxectivo debe ser prioritario, atendendo ó importante e diverso patrimonio natural con que aínda contamos.

Requisito previo e necesario de sustentabilidade do modelo é articular os mecanismos necesarios que propicien a conservación da biodiversidade e o uso racional e eficiente dos recursos naturais, compatibilizándoo cun equilibrado desenvolvemento económico e social. A axeitada valoración do noso patrimonio natural non é, por tanto, un máis dos problemas a afrontar, senón que debe ser a base do noso crecemento, calquera que sexa o modelo definitivo.

Dende o PXOM estableceranse normas de protección do medioambiente e reguladoras dos recursos naturais non incluídos na lexislación autonómica, para evitar actuacións oportunistas e insolidarias.

A actividade industrial estará convenientemente ordenada dende criterios de máxima concentración, evitando superar niveis de prexuízos para o contorno, e prestando especial atención ós efectos ambientais sinérxicos que se puideran producir.

Dende o planeamento se empregarán criterios de concentración urbana e rural co fin de facilitar a xestión das infraestruturas en particular as relacionadas coa auga: abastecementos, depuración e vertidos.

O planeamento protexerá especialmente os recursos forestais do concello non incluídos na Rede Natura de Galicia.

Dende o planeamento impedirase a fragmentación ecolóxica. É dicir, os usos e actividades permitidos no medio rural deberán evitar, na medida do posible, afeccións ós hábitats naturais que impidan o libre movemento das especies ou limiten a interacción dos compoñentes da biodiversidade dentro de un mesmo hábitat.

No PXOM se delimitarán zonas susceptibles de recibir políticas de restauración ecolóxica, en especial de restauración forestal polos innegables beneficios que reporta ó mantemento de determinados procesos ecolóxicos esenciais.

Delimitaranse aquelas áreas susceptibles de albergar parques de enerxías alternativas renovables (eólica), así como aqueles equipamentos illados para tratamento e reciclaxe de refugallos.

5.3. Integración das variables e criterios do AAE no PXOM

O Documento de referencia define o alcance e o nivel de detalle do ISA, determinando os criterios e obxectivos ambientais que deba abordar para acadar a correcta integración do Plan co medio ambiente.

Este apartado describe o grao de integración das variables e criterios indicados e ven a completar e confirmar o exposto ao longo do punto 5 do presente ISA (Criterios e obxectivos ambientais estratéxicos).

5.3.1. Consumo de solo

O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM, sendo especialmente relevante ao respecto a xustificación exposta na estratexia de actuación do Plan. Non obstante, as previsións de vivenda son superiores á demanda real debido ao elevado número de asentamentos de poboación existentes, á súa dispersión e á estrutura da propiedade, posto que a simple delimitación dos núcleos rurais existentes e as súas hipotéticas áreas de expansión, proporcionan unha moi elevada capacidade residencial con respecto á demanda real.

Respecto ás zonas de equipamentos e zonas libres derivadas da capacidade edificatoria hipotética do Plan, compre subliñar que estas centralízanse nas áreas máis densamente poboadas, o que minimiza as necesidades de mobilidade dos usuarios respecto ao transporte público, servizo este, por outra parte, moi pouco funcional neste concello. Esta debilidade do transporte público incentiva o emprego masivo do transporte privado como único medio de transporte –agás o transporte escolar- feito que xera un claro factor de insostibilidade ambiental.

Os novos desenvolvementos urbanísticos no concello sitúanse sobre espazos xa antropizados (ver o punto 3.3.1.4. da memoria do PXOM).

Os planos de clasificación do Plan localizan os espazos con impacto visual, espazos que, ademais, redúcense a concas visuais de pequeno tamaño, mentres que as mais visíbeis están xa protexidas.

O Plan non afecta a ningún espazo con especiais características litolóxicas ou xeomorfolóxicas nin inaxeitados para a edificación. Tampouco se fragmenta o territorio nin ningunha unidade ecolóxica nin se traza novo viario que teña efectos de barreira ecolóxica ou visual.

5.3.2. Ciclo hídrico

As instalacións de saneamento do concello son capaces e suficientes para a poboación de Outes e o seu eventual crecemento, mentres que a capacidade de abastecemento de auga potable .deberá ser ampliada.

A capacidade de recarga do sistema de abastecemento é suficiente para a poboación actual e para as afeccións do Plan ao longo de todo o ano, tendo en conta a variabilidade interanual da dispoñibilidade do recurso.

Os apartados 2.12.2.1. e 2.12.2.2. da Memoria do PXOM indican as capacidades e potencialidades dos servizos de abastecemento e saneamento dos residuos, tanto de orixe urbano como industrial, así como a poboación total que dispón destes servizos e a súa previsión futura. Indícase tamén a capacidade do sistema segundo a variación anual da demanda de auga. Este punto indica tamén as necesidades de saneamento da poboación co fin de garantir a depuración dos efluentes.

O Plan non contempla actuacións nos sistemas de depuración particulares por exceder do ámbito no plan. Non obstante farase un inventario destes sistemas de depuración e, vía ordenanzas, estableceranse as condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato, e se formulará un sistema de mantemento e limpeza periódicos das fosas sépticas que permanezan activas no territorio municipal, tanto de carácter urbano como industrial.

No solo urbanizable, o Plan establece o 35% como porcentaxe mínima de zona sen impermeabilizar.

O Plan promove o emprego de pavimentos drenantes na urbanización co fin de facilitar a filtración de auga, compatibilizando a urbanización coa dinámica propia do ciclo hídrico. Así mesmo, o Plan establece unha rede separativa de augas pluviais e residuais.

O punto 3.3.1.7.3. da Memoria do PXOM inventaria o Solo Rústico de Protección de Augas.

Os focos de vertidos da rede municipal aos leitos fluviais están convenientemente inventariados, así como a orixe da auga que abastece ao concello. As augas residuais, xa depuradas, vértense ao río Tins a través de emisarios.

Non se detectan cambios de usos nas escorrentías, e nos solos urbanizables o Plan contempla a imposición dunha rede de recollida de pluviais no viario público dos novos desenvolvementos.

5.3.3. Enerxía

O consumo enerxético e a contaminación lumínica do alumado público regularase vía ordenanza municipal, na que se contemplará o emprego de dispositivos de baixo consumo e alta eficiencia enerxética e a instalación de pantallas que concentren a luz no chan.

Os novos ámbitos disporán dunha rede de alumado especializada para os diferentes espazos públicos.

As instalacións deberán proxectarse de xeito que se consiga minimizar os seus custos (investimento+explotación+mantemento), previndo a vida útil da infraestrutura. Para iso, instalaranse lámpadas e equipos de baixo consumo e luminarias eficientes, con reguladores e redutores de fluxo para diminuí-los niveis lumínicos. Por outra parte, a rede do alumado público dotarase dun sistema de xestión telemática que permita o control e a optimización do funcionamento e a optimización enerxética.

Polo que fai á previsión de implantación de infraestruturas para a xeneración de enerxía sostible procedente de fontes renovables, estes sistemas, tendo en conta a Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 e a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, só poden situarse en solo rústico de protección ordinaria. Segundo o disposto na citada Lei, a clasificación de solo rústico de protección ordinaria deberá estar especialmente xustificada en base á non concorrencia de potencialidades que fagan necesaria a súa protección. Este feito limita de xeito evidente a posibilidade de clasificación de este tipo de solo e, por tanto, a implantación de sistemas de obtención de enerxía de fontes renovables.

As eventuais liñas de alta tensión integraranse en pasillos eléctricos, e as liñas de media tensión dos novos desenvolvementos estarán integradas e soterradas.

Plantexarase a conveniencia da instalación dun sistema de placas fotovoltaicas para reduci-los custos de mantemento do alumado público.

5.3.4. Emisións contaminantes

En Outes non existen fontes de contaminación atmosférica. As fontes de contaminación radioelétrica, procedentes fundamentalmente de antenas de telefonía celular cartográfanse, co obxecto de que a poboación coñeza a súa posición. Polo que fai ás infraestruturas de transporte de enerxía, nos núcleos rurais elimínanse todo tipo de trazado aéreo, mentres que o resto quedan clasificadas como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas. Ademais, non se permitirá a urbanización en zonas afectadas por liñas de alta tensión.

5.3.5. Xestión dos residuos

O Plan xustificará a capacidade de tratamento e xestión dos residuos, industriais e urbanos, en función dos crecementos previstos e o aumento asociado de produción de RSU.

Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais e a súa eliminación e reciclaxe vía ordenanza municipal.

Polo que fai ao depósito e recollida de residuos procedentes da actividade gandeira (plásticos procedentes do empacado da herba) e dado a importancia da actividade e tamaño do concello, reservarase e habilitaranse os espazos que se estimen necesarios para a recollida destes refugallo, procurando a máxima centralidade, co obxectivo de reducir ao mínimo os desprazamentos da maquinaria agrícola polo territorio municipal.

O concello dispón dun punto limpo na Cepa, de 2.797 m² para RSU, refugallo que son tratados na Planta da Mancomunidade da Serra do Barbanza, e o Plan prevé outro punto limpo a situar no futuro polígono industrial.

5.3.6. Actividades económicas

O Plan xustifica razoablemente a idoneidade do planeamento con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais de Outes, así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas. Estes equipamentos e infraestruturas sitúanse no territorio segundo criterios de centralidade e de sustentabilidade, buscando o máis baixo nivel de necesidades de desprazamento dos usuarios e, consecuentemente, a máxima accesibilidade.

Vía ordenanza establécense os criterios de sustentabilidade en tódolos tipos de edificación no concello, segundo o seu uso ou actividade a desenvolver. (art. 5.3.6. Condicións de sustentabilidade do uso industrial).

5.3.7. Integración social

Prevenise infraestruturas sociais para a poboación actual e a potencial segundo as previsións do Plan e se inclúe tamén a perspectiva de colectivos vulnerables no deseño tanto das infraestruturas como dos equipamentos e redes de espazos e centros públicos, suficientes e ben comunicados. Garántese tamén a proporción regulamentaria de vivendas protexidas.

O Plan contempla e fomenta a participación da poboación no proceso de planificación urbanística e tamén se presenta, en forma de charlas para a poboación, na Serra de Outes e en tódalas parroquias, resolvendo as dúbidas que poidan ter os interesados ou a poboación en xeral.

Dende o punto de vista social, en Outes non se identifican áreas degradadas nin bolsas de exclusión social nas que o Plan deba intervir.

5.3.8. Medio natural

Calquera dos espazos de interese natural do concello de Outes, estean ou non baixo algún tipo de figura de protección, están tamén protexidos polo Plan. De acordo co anterior, están protexidas as ribeiras dos ríos, as masas de vexetación natural e/ou autóctona, as masas forestais, os humidais, ou calquera outro ecosistema de interese, así como as súas áreas de transición. As diversas figuras de protección presentes no planeamento están de acordo coa lexislación sectorial vixente.

Así mesmo, establécense medidas de protección para áreas forestais afectadas por incendios segundo a lexislación vixente.

5.3.9. Medio rural

O Plan protexe suficientemente os espazos de interese produtivo para o sector primario, con alternativas de ordenación.

Polo que fai á ampliación dos núcleos rurais, a edificación farase a partir do núcleo orixinal, favorecendo a regularización, a compactación e o mantemento da configuración tipolóxica tradicional. Así mesmo, o Plan impide calquera tipo de afección negativa nestes núcleos, contribuíndo deste xeito a conservar e protexer a paisaxe rural tradicional e o alfoz destes núcleos. A tipoloxía das novas vivendas adaptarase á tradicional vía ordenanza.

No medio rural reservarase, vía ordenanza, espazos axeitados para o depósito e recollida de residuos da actividade agropecuaria en, preferentemente, na zona norte do concello.

A Memoria do PXOM demostra a suficiencia e eficiencia dos sistemas de depuración existentes e previstos segundo as previsións de crecemento do concello.

5.3.10. Medio litoral

O treito litoral pertencente ao concello de Outes está protexido, e non se verá afectado por ningunha acción derivada do PXOM. Pola contra, o Plan contempla medidas de rexeneración dos espazos ocupados e/ou degradados pola acción antropica.

5.3.11. Paisaxe

Polo que fai á paisaxe, o ISA inclúe unha análise da paisaxe e, dende o punto de vista da urbanización, considérase que esta producirá impactos neutros ou positivos: tanto nos núcleos de Serra de Outes, O Freixo e Cruceiro de Roo, como nos núcleos rurais, o Plan contempla accións de compactación, regularización e colmatación de espazos intersticiais, velando pola tipoloxía e evitando accións negativas.

Calquera outra actuación fora dos ámbitos citados farase tendo en conta a non afección ás características paisaxísticas ou, en todo caso, a máxima integración na paisaxe circundante.

5.3.12. Medio urbano

O Plan garante a accesibilidade aos núcleos urbanos do concello e contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade e mellorando a calidade da paisaxe urbana actual.

5.3.13. Patrimonio

O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios destacables. Polo que fai á rehabilitación, esta corresponde á iniciativa privada, aínda que, vía ordenanza, esixírase aos propietarios o correcto

mantemento dos edificios catalogados. (art. 2.2.9. O deber de conservación; art. 2.2.10. Contido do deber de conservación)

5.3.14. Poboación

O Plan ten valorado a estrutura demográfica de Outes á hora de planificar as infraestruturas e equipamentos de carácter social, pero non intervén na procura do equilibrio demográfico nin da súa distribución territorial.

5.3.15. Vivenda

O Plan contempla a vivenda colectiva exclusivamente nos núcleos urbanos, mentres que a unifamiliar concéntrase nos núcleos rurais. Tamén contempla a diversificación das tipoloxías residenciais, o emprego das ferramentas de xestión urbanística para facilitar o acceso á vivenda e o fomento da harmonía entre as novas construcións e as existentes no seu contorno.

5.3.16. Mobilidade

Incentivarase o uso peonil e da bicicleta en Outes a través de proxectos urbanísticos e vía ordenanza. (art. 7.2.1. Urbanización da rede viaria)

O Plan, como xa se ten dito, concentra os servizos e equipamentos públicos, e tamén privados, no núcleo da Serra de Outes, favorecendo así a súa accesibilidade. O resto da poboación municipal, para ter a mesma accesibilidade, precisa de ter acceso á mobilidade, a través do transporte público ou privado. O transporte público, como é habitual no medio rural galego (e tamén en moitas áreas urbanas) presenta unha extraordinaria debilidade (excepción feita do sistema de transporte escolar). A consecuencia principal é que a poboación que ten necesidades de mobilidade opta polo desprazamento por medios privados, nun modelo de transporte claramente insostible polo custo que ten, pola contaminación atmosférica que produce e polo consumo de espazo que fai (aparcadoiros, ocupación das vías de comunicación, etc.).

Por outra parte, acadar un sistema viable de transporte público no medio rural é moi complicado, porque a iniciativa privada está ausente a causa da falla de rendibilidade das explotacións e porque as competencias para outorgar liñas de transporte non están nos concellos.

No punto 9 do presente ISA (Indicadores) faise unha estimación dos GEI ocasionados polo transporte e os desprazamentos, que son o 48% dos totais emitidos á atmosfera. O calculo faise tomando como referencia o CO₂ como GEI con maior incidencia nesta área xeográfica, tendo en conta que o automóbil emite, de media, 2,5 Kg de CO₂ por litro de combustible consumido; que circulan perto de 3000 automóviles ao día (datos do ano 2007, da estación da AC-550, en Serres, no treito de Muros a Serra de Outes, na confluencia coa estrada AC-3404), e unha media de 20 Km percorridos polo concello. O resultado é unha estimación de 9,78 TM/día de CO₂ emitidos á atmosfera.

5.4. Recomendacións para as variables non integradas no PXOM

Este apartado recolle unha serie de recomendacións acerca de variables que, polo seu carácter ou tipoloxía, non se poden integrar directamente nas accións contempladas polo Plan. Estas recomendacións, para levarse a cabo, poden acadar financiamento a través das diversas liñas de actuación sectorial dos distintos niveles das Administracións ou a través de proxectos específicos para calquera destas recomendacións.

- Dende o concello deseñaranse plans para a extensión e mellora da rede de recollida de RSU e o fomento da separación de refugallo para a súa reciclaxe mediante campañas dirixidas á sensibilización da poboación. Así mesmo, o concello tratará de estender o máximo posible a rede de saneamento co fin de ir eliminando o sistema de fosas sépticas que teñen na actualidade as vivendas illadas do medio rural.
- No deseño da nova área industrial, compre ter en conta as características do medio circundante, co fin de acadar á máxima integración das novas actuacións no medio rural. Este deseño farase segundo os principios da ecoloxía industrial, que establece a conexión entre os residuos de unhas industrias e as materias primas de outras, ademais do compromiso das empresas de implicarse na protección e defensa do medio ambiente a través dunha proposta de xestión ambiental. Estes principios poden resumirse en tres eixos principais: o emprego de materiais locais, a redución de residuos e a prevención da contaminación.
- Proporase, vía ordenanza, a creación dun **órgano xestor** do polígono, que funcione co principio básico de fomentar políticas incentivadoras ou promotoras antes que penalizadoras, establecendo un código de conducta ambiental. Este órgano deberá estar supervisado polo concello e cumprir as seguintes funcións:
 - Xestionar o Plan de Seguimento do Plan Parcial, establecendo os controis necesarios para avaliar as variables indicadas ou calquera outras que se estime necesario
 - Establecer un Plan Integral de xestión de Residuos Industriais
 - Velar pola seguridade e hixiene laboral dos traballadores do polígono
 - Controlar o axeitado dimensionamento dos equipamentos e infraestruturas necesarias para a actividade industrial actual e futura
 - Establecemento dun sistema de vixilancia ambiental, para controlar as emisións contaminantes e a produción, clasificación e eliminación ou reciclaxe dos residuos producidos na actividade industrial
 - Promoción do emprego eficiente dos recursos, procurando o máximo aforro enerxético ou de calquera outro recurso, tanto na actividade privada como nos usos públicos
 - Organización dun sistema de transporte público/privado para reduci-lo emprego do transporte privado

- Antes da urbanización, o órgano xestor tratará de acadar un elevado grao de materialización de proxectos empresariais e procurarase que as edificacións propostas non estean sobredimensionadas, co obxecto de minimizar o consumo de solo e de materiais, e o impacto paisaxístico
- O concello contemplará medidas de intervención na oferta de servizos de atención e ocio da terceira idade e a poboación infantil, da difusión da información sobre servizos que oferta o concello e o fomento da preservación da memoria histórica.
- O concello contemplará accións de intervención nos leitos fluviais (limpeza, mantemento e vixilancia), fomento da repoboación forestal e de mellora do medio natural.
- Dende o concello buscarase a ampliación e diversificación do transporte público, coa intención de formar parte da rede de transporte e diminuír o emprego do transporte privado polo súa insostibilidade.
- Dende o concello procurarase a axeitada posta en valor e difusión do patrimonio natural e cultural de Outes, como punto de apoio para a consecución dun produto turístico que poida ser explotado dun xeito sostible e contribúa á diversificación do tecido económico municipal.

6. Identificación dos impactos e efectos negativos

O impacto é o efecto, pegada ou sinal que deixa unha obra ou actividade humana no medio ambiente, alterando a súa situación inicial. O seu efecto será máis negativo cando a maior sexa a calidade ambiental e menor a súa capacidade para resistir. Pero tamén a súa transcendencia depende do signo positivo ou negativo do impacto e do seu valor pola súa magnitude e incidencia. O impacto supón unha acción que produza un efecto sobre valores ambientais protexidos:

1. Unha acción, por medio de obras ou actividades, que se produce nun entorno do que se obteñen recursos que utiliza; sobre o que se asenta a súa actividade e os elementos que a fan posible e sobre a que recaen os efluentes que produce.
2. Que produzan unha alteración, directa ou indirecta, das condicións ambientais por afectar ós recursos naturais ou ós ecosistemas, produción de emisións ou contaminantes, por cambios nos usos do solo ou utilizándoo de xeito inadecuado. Enténdese por efecto directo en que ten unha incidencia inmediata no medio, mentres que o indirecto ou secundario, afecta á interdependencia ou relación entre os sectores ambientais. O efecto é acumulativo cando se prolonga no tempo ou se incrementa a súa gravidade, por non existir ou non aplicarse os sistemas axeitados para a súa eliminación, redución ou compensación.
3. Que afecte a valores ambientais protexidos como a saúde humana, a calidade de vida, a diversidade de especies e a capacidade de reprodución do ecosistema como recurso fundamental da vida.

As principais alteracións que poden xerarse a causa da implementación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Outes son as seguintes:

Concello de Outes	
IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS	
ACCIÓN PROPOSTAS POLO PXOM	POSIBLE IMPACTO
Consolidación da malla urbana (Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira do Freixo)	Impacto paisaxístico leve, maior xeneración de R.S.U. e maiores necesidades de saneamento e dotacións. Impacto positivo na paisaxe urbana pola rexeneración de espazos vacantes
ampliación da malla urbana P-SE-01/20 P-RV-01 P-RO-01	Impacto paisaxístico leve asociado á urbanización, maior necesidade de saneamento, recollida de residuos e accesibilidade. Movemento de terras durante a fase de execución
Ampliación de núcleos rurais	Cambio na intensidade e nos usos do solo. Leve impacto paisaxístico asociado á urbanización do contorno de áreas rurais, e á construción de infraestruturas e dotacións, aínda que con baixa densidade
Novos asentamentos residenciais programados: S-02, S-03 e S-04 e industriais programados: S-01	Cambio de usos do solo e maior intensidade nos usos do solo. Impactos asociados á urbanización e á xeneración de novas infraestruturas e novas edificacións. Maior xeneración de residuos e maior necesidade de saneamento. Xeneración de fitos visuais, movemento de terras durante a fase de execución e aumento do tráfico rodado, o que produce aumento de partículas en suspensión e ruído.
Novos asentamentos residenciais non programados: UND-02/06	impacto "cero" ata o seu desenvolvemento, momento en que se produciran os impactos previstos para os novos asentamentos programados
Ubicación de novas dotacións. ZVX-5 e ZVX-6	Impacto paisaxístico leve asociado a construción e urbanización da dotación. A acción lévase a cabo nunha área sensible desde o punto de vista paisaxístico como ambiental (ZVX-5, na praia de Broña), polo que hai que establecer un programa de vixilancia co fin de que a naturalidade do contorno non quede afectada trala conclusión das obras.

6.1. Tipoloxía dos impactos

Consolidación da malla urbana (Serra de Outes) Superficie da acción: 4,55 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras	
caract. físico-químicas	terra	solos	N	B	PU	I	P	IV	D	M	
		factores físicos singulares									
	auga	calidade auga superficial									
		calidade auga subterránea									
procesos	erosión	N	A	PA	I	T	RC	D	M		
conds. biológicas	flora	árbores									
		arbustos									
		estrato herbáceo									
	fauna	aves									
		especies terrestres	N	B	PA	I	RV	RV	D	M	
		especies acuáticas									
		especies en perigo									
factores culturais	usos do solo	agricultura									
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	B	PA	I	P	M	D	M	
		naturalidade									

Ampliación da malla urbana P-SE-01/18 P-RV-01 - P-RO-01 Superficie da acción: 32,85 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras
caract. físico-químicas	terra	solos	N	N	PA	I	P	RV	D	M
		factores físicos singulares								
	auga	calidade auga superficial	N	B	PU	L	T	RV	I	M
		calidade auga subterránea	N	B	PU	L	T	RV	I	M
procesos	erosión	N	A	PA	I	T	RC	D	S	
conds. biológicas	flora	árbores	N	B	PU	I	P	RC	D	M
		arbustos	N	B	PU	I	T	RC	D	M
		estrato herbáceo	N	B	PU	I	T	RC	D	M
	fauna	aves	N	B	PU	I	T	F	I	M
		especies terrestres	N	B	PU	I	T	F	I	M
		especies acuáticas								
		especies en perigo								
factores culturais	usos do solo	agricultura	N	A	PA	I	P	IV	D	S
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	A	PA	L	P	M	I	M
		naturalidade	N	A	PA	L	P	M	I	S

Consolidación da malla urbana (Cruceiro de Roo) Superficie da acción: 2,6 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras
caract. físico-químicas	terra	solos	N	A	PA	I	P	M	D	M
		factores físicos singulares								
	auga	calidade auga superficial								
		calidade auga subterránea								
procesos	erosión	N	B	PU	I	T	F	D	M	
conds. biológicas	flora	árbores	N	A	PA	I	P	RC	D	M
		arbustos								
		estrato herbáceo	N	A	PA	I	T	RC	D	M
	fauna	aves	N	B	PU	I	T	RC	I	M
		especies terrestres	N	B	PU	I	T	RC	I	M
		especies acuáticas								
		especies en perigo								
factores culturais	usos do solo	agricultura	N	A	PA	I	P	RV	D	S
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	A	PU	L	P	RV	D	M
		naturalidade	N	A	PA	L	T	M	D	M

Ampliación de núcleos rurais (133 núcleos) Superficie da acción: total: 223,78 ha (1,61 ha por núcleo de media)			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras
caract. físico-químicas	terra	solos	N	B	PA	I	P	RC	D	S
		factores físicos singulares	N	B	PU	I	P	M	D	M
	auga	calidade auga superficial	N	B	PU	L	T	RC	I	M
		calidade auga subterránea	N	B	PU	L	T	RC	I	M
procesos	erosión	N	B	PA	I	T	F	D	M	
conds. biológicas	flora	árbores	N	B	PU	I	P	RC	D	M
		arbustos	N	B	PU	I	T	F	D	M
		estrato herbáceo	N	B	PU	I	T	F	D	M
	fauna	aves	N	B	PU	I	T	F	I	M
		especies terrestres	N	B	PU	I	T	F	I	M
		especies acuáticas								
		especies en perigo								
factores culturais	usos do solo	agricultura	N	B	PA	L	P	RC	D	S
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	B	PA	L	P	RC	D	M
		naturalidade	N	B	PA	L	T	RC	D	M

Novos asentamentos residenciais programados S-02, S-03 e s_04 Superficie da acción: 10,14 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras	
caract. físico-químicas	terra	solos	N	N	PA	I	P	RV	D	M	
		factores físicos singulares									
	auga	calidade auga superficial	N	B	PU	L	T	M	I	M	
		calidade auga subterránea	N	B	PU	L	T	M	I	M	
	procesos	erosión	N	A	PA	I	T	M	D	M	
conds. biológicas	flora	árbores	N	B	PU	I	P	RC	D	M	
		arbustos	N	B	PU	I	P	RC	D	M	
		estrato herbáceo	N	B	PU	I	P	RC	D	M	
	fauna	aves	N	B	PU	I	T	RV	I	M	
		especies terrestres									
		especies acuáticas									
		especies en perigo									
factores culturais	usos do solo	agricultura	N	A	PA	L	P	IC	D	S	
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	A	PA	I	P	RC	D	M	
		naturalidade	N	B	PA	I	T	RV	I	M	

Novos asentamentos industriais programados S-01 Superficie da acción: 14,5 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras	
caract. físico-químicas	terra	solos	N	N	PA	I	P	RV	D	S	
		factores físicos singulares									
	auga	calidade auga superficial	N	B	PU	L	T	M	I	M	
		calidade auga subterránea	N	B	PU	L	T	M	I	M	
	procesos	erosión	N	A	PA	I	T	M	D	M	
conds. biológicas	flora	árbores	N	B	PU	I	P	RC	D	M	
		arbustos	N	B	PU	I	P	RC	D	M	
		estrato herbáceo	N	B	PU	I	P	RC	D	M	
	fauna	aves	N	B	PU	I	T	RV	I	M	
		especies terrestres									
		especies acuáticas									
		especies en perigo									
factores culturais	usos do solo	agricultura	N	N	PU	I	P	IC	D	S	
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	A	PU	I	P	RC	D	S	
		naturalidade	N	B	PA	I	P	RV	I	S	

Novos asentamentos residenciais non programados UND-02, 03, 04, 05 e 06 Superficie da acción: 49.50 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras	
caract. físico-químicas	terra	solos	N	N	PA	I	P	RV	D	M	
		factores físicos singulares									
	auga	calidade auga superficial									
		calidade auga subterránea									
	procesos	erosión	N	B	PU	I	T	M	D	M	
conds. biológicas	flora	árbores	N	B	PU	I	P	M	D	M	
		arbustos									
		estrato herbáceo	N	B	PU	I	P	RC	D	M	
	fauna	aves	N	B	PU	I	T	RC	I	M	
		especies terrestres									
		especies acuáticas									
		especies en perigo									
factores culturais	usos do solo	agricultura	N	A	PA	L	P	IC	D	S	
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	A	PU	L	T	RC	I	M	
		naturalidade	N	B	PA	L	T	RV	I	M	

Ubicación de novas dotacións ZVX-5 (Praia de Broña) Superficie da acción: 10,24 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras	
caract. físico-químicas	terra	solos	N	A	PA	I	P	RV	D	M	
		factores físicos singulares	N	A	PA	I	T	RV	I	M	
	auga	calidade auga superficial									
		calidade auga subterránea									
	procesos	erosión	N	B	PU	I	T	RC	D	M	
conds. biológicas	flora	árbores	N	B	PU	I	T	RC	D	M	
		arbustos	N	B	PU	I	T	RC	D	M	
		estrato herbáceo	N	B	PU	I	T	RC	D	M	
	fauna	aves	N	B	PU	I	T	RC	D	M	
		especies terrestres									
		especies acuáticas									
		especies en perigo									
factores culturais	usos do solo	agricultura									
	intereses estéticos e humanos	paisaxe (vistas)	N	B	PA	I	T	M	D	M	
		naturalidade	N	A	PA	I	T	M	D	M	

Ubicación de novas dotacións ZVX-6 (Serra de Outes) Superficie da acción: 9.50 ha			variación de la calidade ambiental	intensidade	extensión	fase do proxecto	persistencia	recuperación	relación causa-efecto	necesidade med. correctoras	
caract. físico-químicas	terra	solos	N	B	PU	I	T	RC	D	M	
		factores físicos singulares									
	auga	calidade auga superficial									
		calidade auga subterránea									
conds. biolóxicas	procesos	erosión	N	B	PU	I	T	RC	D	M	
		flora	árbores	N	B	PU	I	T	RC	D	M
			arbustos	N	B	PU	I	T	RC	D	M
	estrato herbáceo		N	B	PU	I	T	RC	D	M	
	fauna	aves									
		especies terrestres									
		especies acuáticas									
		especies en perigo									
	factores culturais	usos do solo	agricultura								
			paisaxe (vistas)	N	B	PU	L	T	M	I	M
intereses estéticos e humanos		naturalidade	N	B	PU	I	T	M	I	M	

6.2. Criterios para a valoración das afeccións sobre o medio

Pola variación da calidade ambiental

IMPACTO POSITIVO

O admitido como tal por técnicos e científicos, así como pola poboación en xeral, no contexto da actuación total do proxecto.

IMPACTO NEGATIVO

O seu efecto produce unha perda de valor naturalístico, estético-cultural, paisaxístico, de produtividade ecolóxica ou aumento da contaminación, erosión, colmatación e demais riscos ambientais en discordancia coa estrutura ecoxeográfica, o carácter e personalidade dunha zona determinada.

Pola intensidade (gra de destrución)

IMPACTO NOTABLE OU MOI ALTO

O seu efecto maniféstase como unha modificación do medio ambiente, dos recursos naturais ou dos seus procesos fundamentais de funcionamento, que produza ou poda producir, repercusións apreciábeis nos mesmos. Exprésase unha case total destrución do factor considerado no caso en que se produza o efecto. no caso de que a destrución sexa completa, o impacto se denomina TOTAL.

IMPACTO MÍNIMO OU BAIXO

O seu efecto exprésase unha destrución mínima do factor considerado.

IMPACTOS MEDIO E ALTO

O seu efecto maniféstase como unha alteración do medioambiente ou de algún dos seus factores, cuxos repercusións nos mesmos considéranse situadas entre os niveis anteriores.

Pola extensión

IMPACTO PUNTUAL

Cando o impacto produce un efecto moi localizado.

IMPACTO PARCIAL

O seu efecto supón unha incidencia apreciable no medio.

IMPACTO EXTREMO

O seu efecto detéctase en grande parte do medio considerado

IMPACTO TOTAL

O seu efecto apréciase de maneira xeneralizada en todo o entorno considerado.

Pola fase (momento) en que se manifesta

IMPACTO LATEXANTE (CORTO, MEDIO E LONGO PRAZO)

O seu efecto maniféstase ó cabo de certo tempo dende o inicio da actividade que o provoca, como consecuencia dunha aportación progresiva de substancias ou axentes, inicialmente situados en limiares aceptábeis e debido á súa acumulación ou sinerxía implica que se adianten os límites, podendo ocasionar problemas debido ó seu alto índice de imprevisión.

IMPACTO IMEDIATO

Aquel en que o período entre o inicio da acción e o de manifestación do impacto é nulo.

IMPACTO DE MOMENTO CRÍTICO

Aquel en que o momento en que ten lugar a acción impactante é crítico, independentemente do prazo de manifestación.

Pola súa persistencia

IMPACTO TEMPORAL

O seu efecto supón alteración non permanente no tempo, con un prazo temporal de manifestación que pode determinarse.

Se a duración do efecto é inferior dun ano, o impacto é fugaz, se dura entre 1 e 3 anos, temporal, e se dura entre 4 e 10 anos, considérase pertinaz.

IMPACTO PERMANENTE

O seu efecto supón unha alteración permanente, indefinida no tempo, dos factores medioambientais predominantes na estrutura ou na función dos sistemas de relacións ecolóxicas ou ambientais presentes no lugar.

Pola súa capacidade de recuperación

IMPACTO IRRECUPERÁBLE

Aquel no que a alteración do medio ou perda que supón é imposible de reparar, tanta pola acción natural como pola humana.

IMPACTO IRREVERSÍBLE

Aquel cuxo efecto supón a imposibilidade ou dificultade extrema de retornar, por medios naturais, á situación anterior á acción que o produce.

IMPACTO REVERSÍBLE

A alteración pode ser asimilada polo entorno de forma medible, a curto, medio ou longo prazo, debido ó funcionamento dos procesos naturais da sucesión ecolóxica e dos mecanismos de autodepuración do medio.

IMPACTO MITIGABLE

A alteración pode paliarse ou mitigarse dun xeito ostensible, mediante o establecemento de medidas correctoras.

IMPACTO RECUPERABLE

A alteración pode eliminarse pola acción humana, establecendo as oportunas medidas correctoras, e tamén, aquel en que a alteración pode ser substituíble.

IMPACTO FUGAZ

Aquel cuxa recuperación é inmediata tras o cese da actividade e non precisa de prácticas correctoras. Cando cesa a actividade, cesa o impacto.

Pola relación causa-efecto**IMPACTO DIRECTO**

O seu efecto ten unha incidencia inmediata en algún factor ambiental

IMPACTO INDIRECTO OU SECUNDARIO

O seu efecto supón unha incidencia inmediata respecto á interdependencia ou, en xeral, á relación dun factor ambiental con outro.

Pola necesidade de aplicación de medidas correctoras**IMPACTO AMBIENTAL CRÍTICO**

Efecto cuxa magnitude é superior ó limiar aceptable. Con el prodúcese unha perda permanente da calidade das condicións ambientais, sen posible recuperación, mesmo coa aplicación de medidas correctoras ou protectoras. Trátase dun impacto irrecuperable.

IMPACTO AMBIENTAL SEVERO

Efecto no que a recuperación das condicións do medio esixe a adecuación de medidas correctoras ou protectoras e no que, aínda con esas medidas, a recuperación precisa un período de tempo prolongado.

Só os impactos recuperábeis permiten a adopción de medidas correctoras.

IMPACTO AMBIENTAL MODERADO

A súa recuperación non precisa paticas correctoras ou protectoras intensivas, e no que o retorno ó estado inicial do medio ambiente non require un longo espazo de tempo.

CRITERIOS PARA VALORACIÓN DAS AFECCIÓNS SOBRE O MEDIO**Clave para a lectura dos cuadros**

Variación da calidade ambiental	Persistencia
Impacto positivo: P	Impacto temporal: T
Impacto negativo: N	Impacto permanente: P
Intensidade	Recuperación
Impacto notable ou moi alto: N	Impacto irrecuperable: IC
Impacto mínimo ou baixo: B	Impacto irreversible: IV
Impactos medio ou alto: A	Impacto reversible: RV
Extensión	Impacto mitigable: M
Impacto puntual: PU	Impacto recuperable: RC
Impacto parcial: PA	Impacto fugaz: F
Impacto extremo: E	Relación causa-efecto
Impacto total: T	Impacto directo: D
Fase	Impacto indirecto ou secund.: I
Impacto latexante: L	Necesidade meds. correctoras
Impacto inmediato: I	Impacto ambiental crítico: C
Impacto crítico: C	Impacto ambiental severo: S
	Impacto ambiental moderado: M

6.3. Descrición das accións**1. Acción: Consolidación da malla urbana (Núcleos de Serra de Outes, Ribeira do Freixo e Cruceiro de Roo):**

Esta acción incide en tres dos catro núcleos urbanos con que conta o concello de Outes, e non afecta ás condicións biolóxicas do medio. En xeral, afecta aos solos e favorece procesos erosivos, aínda que o impacto é temporal, asociado ás primeiras fases da construción e urbanización. Dende o punto da paisaxe, o impacto considérase positivo porque contribúe a consolidar o tecido urbano e a completar os espazos baleiros, o que redunda nunha maior calidade da paisaxe urbana. Por outra parte, o previsible aumento da densidade edificatoria e, por tanto, poboacional, estará asociado a unha maior produción de RSU, maior consumo de auga potable, maior necesidade de saneamento e maior consumo enerxético, aspectos que están contemplados no planeamento axeitadamente. O consumo de solo é un impacto irrecuperábel, pero o resto dos impactos son mitigabeis e reversibles mediante á adopción de medidas correctoras.

2. Acción: Ampliación da malla urbana (P-SE-01 a 20; P-RV-01 e P-RO-01)

A ampliación da malla urbana afecta ao medio que circunda os núcleos urbanos, onde as condicións de naturalidade son maiores. Por tanto, afecta negativamente aos solos e xera procesos erosivos temporais, limitados ás fases de obras, a causa dos previsibles movementos de obras e a xeración de taludes. Afecta tamén ás condicións biolóxicas do medio, aos usos do solo e a intensidade nos usos do solo, que xera aumentos na produción de RSU e maiores consumos de enerxía e auga. O impacto paisaxístico é positivo dende o punto de vista urbanístico, xa que corrixe o impacto xerado pola edificación existente, ocultando as traseiras e medianeiras dos edificios. Como na acción anterior, o

consumo de solo e a perda de naturalidade das parcelas edificábeis é un impacto irrecuperábel, pero o resto dos impactos son mitigabeis e reversibles mediante á adopción de medidas correctoras.

3. Acción: Novos asentamentos residenciais e industriais programados (S):

Prodúcese afeccións de intensidade moderada ou alta en tódolos factores analizados (características fisicoquímicas, condicións biolóxicas e factores culturais) debidos á urbanización, construción de viais, infraestruturas e equipamentos. Considerase que os impactos son temporais, diminuíndo ou cesando ao finalizar o proceso de urbanización. As afeccións remanentes son reversíbeis ou mitigabeis mediante a adopción de medidas correctoras axeitadas e mediante a integración da urbanización no medio natural circundante.

4. Acción: Novos asentamentos residenciais non programados (UND):

Prodúcese afeccións de intensidade moderada en tódolos factores analizados (características fisicoquímicas, condicións biolóxicas e factores culturais) debido á urbanización, construción de viais, infraestruturas e equipamentos. Considerase que os impactos son temporais, diminuíndo ou cesando ao finalizar o proceso de urbanización (no momento en que este se produza). As afeccións remanentes son reversíbeis ou mitigabeis mediante a adopción de medidas correctoras axeitadas e mediante a integración da urbanización no medio natural circundante.

5. Acción: Ampliación de núcleos rurais:

Non se produce ningunha acción nos núcleos rurais tradicionais de Outes que afecten a espazos sensíbeis (naturais ou produtivos). Por tanto, non é necesaria ningunha protección máis aló do contemplado na lexislación do solo vixente.

6. Acción: Ubicación de novas dotacións:

Esta acción xera impactos positivos por canto supoñen a adecuación do medio natural para o disfrute e dominio público.

6.4. Avaliación dos impactos. Matriz de Leopold

A matriz de Leopold é unha ferramenta útil para analizar un sistema complexo. Identificando e cualificando con precisión os riscos medioambientais derivados, neste caso, da urbanización. Este sistema emprega un cadro ou matriz de dobre entrada. Nas columnas detállanse as accións humanas que poden alterar o sistema en cuestión, mentres que nas filas colócanse as características do medio susceptibles de ser alteradas. Compróbase se cada unha das accións que se van a levar a cabo poden afectar ó factor ambiental correspondente. Se é así, ponse unha diagonal: no triángulo esquerdo valórase (de 1 a 10) a magnitude do impacto (extensión ou escala do impacto), e no dereito, a importancia do impacto (consecuencias do impacto. Asi mesmo, ponse un + ou un – segundo o impacto sexa positivo ou negativo respectivamente. No presente caso, a ausencia de signo equivale a signo negativo (-).

matriz de Leopold

actuacions propostas causantes de posibles impactos ambientais		modif. do réximen		transform. do territorio						localización de vertidos		33	51	
		modificación do hábitat	paviment./artifiz. de solo	urbanización	infraestruc. e servicios	emplaz. industrial / edificación	acond./construc. de viario	ruidos/emanações de vehículos	produce de residuos ind. e urbanos	vertedoiros e vertidos	3			2
caract. físico-químicas	terra	solos	3	4	3	2	8	6		4	3	33	51	
		factores físicos singulares	5	6	2	3	1	7	2		7	2	18	36
	auga	calidade auga superficial	2		1								3	14
		calidade auga subterránea	1	2	1								2	9
	procesos	erosión	1	1	2	3	2	1	1	1			11	7
			7	6	9	7	6	4					22	22
conds. biolóxicas	flora	árbores	6	6	7	4	3	1				23	68	
		arbustos	7	6	2	4	2	1	2			23	18	
		estrato herbáceo	6	7	4	5	2	2	1			22	45	
	fauna	aves	6	3					5	3		11	24	
		especies terrestres	7	4					6	5		13	9	
		especies acuáticas												
		especies en perigo											25	
	factores culturais	usos do solo	agricultura	2	3	4	1	4	2	1			11	70
			zonas húmidas	1	2	3	5	4	4	1		2	21	12
			zonas urbanizables	7	7	6	8	7	3	4			38	53
intereses estéticos e humanos		paisaxe (vistas)	8	3	6	1	8	5	1		2	33	71	
		naturalidade	6	7	2	6	7	6	2		3	38	22	
		zonas protexidas	7	7	1	2	2	6	2		1	22	44	
		non se afecta a zonas protexidas												
magnitud del impacto		74	50	56	34	51	29	11	7	8		320		
importancia		124	85	181	120	15	14					219		

6.5. Descrición dos impactos

6.5.1. Solos

Identifícanse impactos negativos sobre a estrutura e composición dos solos, sobre todo na fase de execución das obras (fases de urbanización).

Refírese á alteración da calidade do solo e os seus compoñentes a causa do movemento de terras, pola propia urbanización e, en moito menor medida, polo derrame de augas contaminadas, hidrocarburos e lubricantes durante a fase de obras en practicamente toda a superficie da peza obxecto de análise, se ben a importancia do impacto é máxima, no o é tanto a súa magnitude por tratarse de solos ácidos e moi lixiviados.

Tamén existe a posibilidade do aumento da erosión durante a fase de obras, que se corraxirá á finalización das obras mediante a estabilización de taludes e a revexetación.

6.5.2. Augas

O río Tambre é o máis importante do concello, e chega a Outes despois de percorrer case toda a provincia da Coruña en sentido oeste-leste. No seu treito final fai de límite co concello de Noia, e na desembocadura conforma un amplo esteiro, no fondo da ría de Muros e Noia. Son tributarios do Tambre os ríos Laxoso, de curto percorrido e que cruza toda a parroquia de San Ourense, onde recibe as augas do río Banzas e as do Cando, onde tamén se engaden as augas do Portomourello, desaugando finalmente en Pontenafonso.

Outro río importante é o Tins, que nace en Mazaricos, atravesa Matasueiro, pasa por San Pedro de Outes e desemboca na capital municipal, na enseada de Langaño.

Nesta mesma enseada desaugan os regatos Rial e o Brión, que drenan os vales de San Ourense e Entíns o primeiro, e a chaira de Brión o segundo. O Bendimón nace perto de Loios (Valadares), bordea o Tremuzo, escorre por terras de Roo, e sae no mar entre San Cosme de Outeiro e o Freixo.

En todos estes cursos fluviais deberanse evitar invasións de maquinaria, depósitos de materiais, calquera tipo de vertidos que poidan incidir na calidade das augas do rego e, en xeral, calquera tipo de acción que afecte a este medio.

As augas subterráneas poden, eventualmente, verse alteradas pola xeración de residuos susceptibles de alterar a calidade das augas na fase de obras. Estes efectos negativos corraxiranse á finalización das obras.

6.5.3. Clima

As accións previstas para o desenvolvemento do PXOM, tanto nas etapas de execución do proxecto como na de funcionamento, non terán ningún tipo de impacto sobre o clima da área obxecto de estudo, nen sequera a escala microclimática.

6.5.4. Calidade ambiental (aire e afeccións sonoras)

Refírese ó impacto sobre a calidade do aire xerado pola existencia de partículas en suspensión, emitidas polo movemento de terras e polo aumento de tráfico e maquinaria pesada na etapa inicial das obras de urbanización. Esperase que o impacto sexa baixo e puntual.

Por outra parte, esperase un aumento dos ruídos producidos, na fase de obras polo movemento de maquinaria pesada e, na fase de funcionamento, polo aumento do tráfico. O primeiro impacto desaparecerá á finalización das obras, e o segundo, de menor nivel, permanecerá na zona.

6.5.5. Flora e fauna

A principal alteración da flora debese á perda de calidade dos solos e o propio desbroce e tala de vexetación nas áreas clasificadas como urbanizables.

Polo que fai á fauna o impacto neto é baixo e puntual, xa que logo só se verán afectados pequenos mamíferos e aves, que ausentaranse durante as obras, na fase de urbanización, e regresando ás zonas verdes á finalización das obras.

Non se rexistra ningún tipo de acción ou afección ás áreas naturais protexidas.

6.5.6. Paisaxe

Este impacto refírese á alteración da paisaxe preexistente, alteración producida pola perda de naturalidade a causa dos traballos da urbanización, pero se espera que o impacto sexa baixo porque o PXOM contempla escasas modificacións estruturais. Ademais, a existencia de varios núcleos urbanos e a propia difusión da urbanización presente en Outes elimina a percepción de alteración global da paisaxe.

7. Medidas previstas para redución e corrección dos efectos negativos

Este apartado describe as medidas previstas para prever, reducir e contrarrestar calquera efecto negativo no medio ambiente pola aplicación do PXOM de Outes.

Concello de Outes		
CORRECCIÓN DE IMPACTOS		
ACCIÓNS	IMPACTO PREVISTO	MEDIDAS CORRECTORAS
Consolidación da malla urbana (Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira do Freixo)	Impacto paisaxístico leve, maior xeneración de R.S.U. e maiores necesidades de saneamento e dotacións. Impacto positivo na paisaxe urbana pola rexeneración de espazos vacantes	Redimensionamento do saneamento. O plan deberá contemplar o remate dos espazos vacantes para reducir o impacto visual. O viario debe ser dimensionado axeitadamente
ampliación da malla urbana P-SE-01/20 P-RV-01/P-RO-01	Impacto paisaxístico leve asociado á urbanización, maior necesidade de saneamento. Movemento de terras durante a fase de execución	A ordenación contemplará o déficit de dotacións do solo urbano
Novos asentamentos residenciais programados: S-02 a S-04	Cambio de usos do solo e maior intensidade nos usos do solo. Impactos asociados á urbanización e á xeneración de novas infraestruturas. Maior xeneración de residuos e maior necesidade de saneamento. Xeneración de fitos visuais, movemento de terras durante a fase de execución e aumento do tráfico rodado, o que produce aumento de partículas en suspensión e ruído.	Saneamento e integración na paisaxe, que quedará pomenorizado no plan de desenvolvemento.
Novos asentamentos industriais programados: S-01	Cambio de usos do solo e maior intensidade nos usos do solo. Impactos asociados á urbanización e á xeneración de novas infraestruturas. Maior xeneración de residuos e maior necesidade de saneamento. Xeneración de fitos visuais, movemento de terras durante a fase de execución e aumento do tráfico rodado, o que produce aumento de partículas en suspensión e ruído. Aumento da contaminación debida á actividade industrial, aínda que de escasa entidade dado o tamaño da actuación	Saneamento e integración na paisaxe, que quedará pomenorizado no plan de desenvolvemento. Axeitado dimensionamento e conexións co sistema viario local.
Novos asentamentos residenciais non programados: UND-02/06	impacto "cero" ata o seu desenvolvemento, momento en que se produciran os impactos previstos para os novos asentamentos programados	Non se contemplan
Ampliación de núcleos rurais	Cambio na intensidade e nos usos do solo. Leve impacto paisaxístico asociado á urbanización do contorno de áreas rurais, e á construción de infraestruturas e dotacións	Redimensionamento do saneamento e integración na paisaxe circundante
Ubicación de novas dotacións. ZVX-5 e ZVX-6	Impacto paisaxístico leve asociado a construción e urbanización da dotación. A ampliación non se produce en zonas sensibles, nin desde o punto de vista paisaxístico como ambiental.	Integración da infraestrutura no contorno mediante solucións de revegetación. Vixilancia para restaurar a naturalidade do contorno da praia de Broña.

8. Descrición das alternativas analizadas

A alternativa ao PXOM do concello de Outes é a non realización do Plan (alternativa 0). As consecuencias de non levar a cabo este Plan descríbense no punto 4.11 do presente Informe de Sostibilidade Ambiental, e que supoñen a cronificación dos problemas que precisamente levan á redacción do PXOM.

9. Sistema de indicadores e plan de seguimento

Co fin de poder realizar unha avaliación das determinacións e criterios emanados do PXOM de Outes, tómasse a decisión de seguir uns indicadores, os cais afectan ao propio seguimento e avaliación do Plan canto aos contidos propostos.

9.1. Indicadores dos obxectivos ambientais

Aos efectos do presente Informe de Sostibilidade do PXOM de Outes e recollendo o emanado do Documento de Referencia e dos criterios xerais e específicos de dito Plan, establécense os seguintes Indicadores Ambientais, co fin de servir de instrumentos aproximadores da realidade municipal, e alerten de posibles desviacións dos criterios e obxectivos establecidos neste Plan Xeral.

Sistema de indicadores municipais

Este sistema presenta os indicadores en forma de ficha, que consta dos seguintes apartados:

- Nome do indicador
- Descrición
- Cálculo
- Parámetros ou unidades en que é expresado

En definitiva, estes indicadores deben servir para acadar tres obxectivos:

- Presentar unha impronta do estado que presentan os indicadores ambientais, sociais e económicos afectados polo Plan,
- Permitir a realización dun seguimento áxil de ditos factores que revele a incidencia das actuacións derivadas do plan
- Valorar e poñer de manifesto as tendencias de acercamento ou alonxamento da sostibilidade durante o desenvolvemento do Plan.

INDICADORES DE PLANEAMENTO 1			
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor
consumo de solo	superficie de solo edificable / hab	Σ solo total clasificado edificable (urb+urbaniz+n. rural) / n° hab	urb+urbaniz+n. rural = 719,15 Ha 0,07 Ha / hab; 700 m ² / hab
	solo artificializado (antes do Plan) / solo clasificado (despois do plan)	Σ novo solo clasif. edificable / Σ solo total clasif. edificable (urb+urbaniz+n. rural)	antes: 655,36 Ha despois: 719,15 Ha
	intensidade de uso (vivendas / Ha)	núm. vivendas (existentes ou previstas) / solo artificializado (actual ou clasif.)	8.974 viv. totais/ 719,15 Ha: 12,5 3.681 viv. existentes / 655,36: 5,6
	distrib. dos novos desenvolvementos planificados	% segundo situación previa do solo	% solo urbaniz./solo resid:1,33 % solo urbaniz./solo urb: 147,23 % solo urbaniz./nuc. rural: 21,95
	edificación horizontal e vertical	Σ superficie \leq 1 altura e \geq 2 alturas	193.000 m ² / 359.000 m ²
	compactidade da edificación	vol. edificado / unid. superf. urbana y núcleo rural	0,79 m ² / m ³
	variación do padrón nos últimos 25 anos		
xestión de residuos	Previsión de espazos para tratamento de refugallos	superficie prevista de espazos para tratamentos de residuos (antes e despois do plan)	antes do plan: 1 esp. (2.797 m ²) despois do plan: 2 esp. (4.297 m ²)
actividades económicas	Sup. do solo para actvs. económicas previsto no PXOM e % segundo a situación previa do solo (virxe ou xa artificializado)	Ha e %	14,5 Ha / 100 %
medio natural	sup. de solo rústico e urbano desglosada en tipos de figs. de protección que figuran na Rede Galega de Espazos Protexidos (Lei 9/2001 e Decreto 72/2004)		Protecc. Esp. Naturais: 244,89 Ha Protecc. paisaxística: 637,31 Ha 9,05 % do total
	sup. de solo rústico e urbano do concello protexida polos seus valores culturais		Protecc. patrim. arquitec.: 2,86 Ha Protecc. patrim. Arqueol.: 22,74 Ha TOTAL: 25,60 Ha
	norm. específica que regula a protección dos valores sinalados nos dous indicadores anteriores		- Lei 8/1995 - Lei 10/1995 - Ley 9/200 - Lei 9/2002 - Orde 9/2003 - Lei 15/2004 de modif. da Lei 9/2002 - Lei 9/2006 - Lei 5/2006 - Lei 6/2007 - Lei 8/2007
medio rural	núm. de núcleos de poboación		152 (1,5 ent / Km ²) (ano 2006)
medio urbano	sup. de zonas verdes, servizos básicos e equip. en relación á poboación (antes e despois do plan)	m ² / hab	antes: 26,3 m ² / hab despois: 49,3 m ² / hab
	accesibilidade ás zonas verdes, servizos básicos e equip. (antes e despois do plan)	hab ou viv. en área de influencia < 300 m, < 500 m	<300 m: antes: 65% / despois: 70% <500m: antes: 79% / despois: 86%

INDICADORES DE PLANEAMENTO 2			
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor
movilidade sustentable	distrib. modal do espazo público	% de ocup. do espazo público polo vehículo privado, transporte público, peón, bicicleta respecto o total (antes e despois do plan)	O desenvolvemento do Plan non se define ao nivel de detalle suficiente para concretar os indicadores sobre mobilidade sustentable
	itinerarios peonís preferentes	lonxitude total (antes e despois do plan)	
	vías de coexistencia	lonxitude total (antes e despois do plan)	
	itinerarios ciclistas	lonxitude total (antes e despois do plan)	
	itinerarios reservados ó transporte público	lonxitude total (antes e despois do plan)	
vivenda	núm. total de novas vivendas previstas no plan	núm. de vivendas	8.974 - 3.681: 5.293 vivs.
	núm. total de novas vivendas previstas no plan con algún tipo de protección	núm. de vivendas e % sobre o total de novas vivendas	543 / 5.293 vivs. : 10,25%
	distrib. da novas vivendas planificadas	% de novas vivendas en solo virxe e en solo artificializado	2.148 vivs. novas en solo virxe 5.293 - 2.148: 3.415 vivs en solo artific.
	densidade residencial global	viv. / Ha (antes e despois do plan)	antes: 3.681 /sup. do concello: 0,37 viv/Ha desp: 8.974 /sup. do concello: 0,89 viv/Ha

INDICADORES DE SEGUIMENTO E CONTROL				3
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
consumo de solo	solo artificializado	evolución real tras o plan	antes: 655,36 Ha / desp.: 719,15 Ha	
	recuperación de solos en desuso	ha	0 Ha	
	solos en desuso	ha	0 Ha	
	densidade de poboación	hab / ha de solo artificializado	7.751 / 707,12: 10,9 hab/Ha	
	patrimonio municipal ou público de solo	ha	equipamentos: 14,65 Ha zonas verdes: 27,6 Ha viario: non hai datos	
	superficie de solos contaminados	ha	0 Ha	
ciclo hídrico	demanda total municip. de auga	m ³ / ano	7.751 hab/180 l/hab/día: 1.395 m ³	
	consumo doméstico de auga	lt / hab / día	180 lt / hab / día	
	distribución da demanda	% doméstico, industrial, servizos	non hai datos municipais	
	perdidas na rede de abastecemento	% sobre o total	non hai datos municipais	
	viv. con rede de abastecemento de auga	% sobre o total	70 %	
	viv. con rede de saneamento e conectadas a EDAR	% sobre o total	áreas urbanas: 100 % áreas rurais: 70 %	
	rede de saneamento separativa co respecto ó total	%	na Serra de Outes (15% do total do concello)	
	% de auga reutilizada	%	0 %	
enerxía	calidade da auga dos ríos e diversidade biolóxica		non existen fontes de contaminación industrial	
	consumo total electricidade e gas natural	Ktep / ano	1,12 tep / ano / fogar (4,12 Ktep / ano)	
	distribución do consumo	% doméstico, industrial, servizos	non existen datos	
	núm. de edfs. con certificación enerxética		0 %	
	vivendas con instalacións solares	% sobre o total	1,08 %	
emisións de contaminantes	enerxías renovables no consumo municipal	% sobre o total	o 100% da enerxía procede la rede eléctrica. A porcentaxe de enerxías renovables é indeterminada	
	calidade do aire urbano	núm. días de boa calidade ou % de pob. exposta a niveis elevados dos distintos contaminantes	En Outes non existen fontes de contaminación atmosférica	
	% de pob. exposta a niveis sonoros superiores ós recomendados pola OMS		0 % (non existen fontes de contaminación sonora)	
xestión de residuos	núm. de antenas / instalacións de telef. celular no concello		3 antenas con licencia	
	xeración de residuos urbanos	Kg / hab / ano	332,15 Kg / hab / ano	
	distrib. da xestión dos RSU (vertedoiro, incinerac., reutilización ou reciclaxe)		existe recollida selectiva (100%) na maior parte dos núcleos	
	xeración de residuos perigosos	Tm / ano	0 Tm	
	distrib. na xestión dos residuos perigosos (valorización ou eliminación)		non existen datos	
	reutilización dos materiais de construción	%	0 %	
recollida selectiva	%	80% do término municipal		

INDICADORES DE SEGUIMENTO E CONTROL				4
variable	indicador	critérios de medición	cálculo / valor	
actividades económicas	evolución do solo para as actividades económicas	evolución real tras o plan (Ha e %)	o solo para as actv. económicas aumenta en 14,5 Ha.	
	familias que perciben a prestación de rendas básicas		RISGA: 5 familias (2006) AES: 0 beneficiarios (2005) Pens. non contrib.: 304 benef. (2005)	
integración social	taxa de desemprego		9,3 % (2001)	
	actividades realizadas para fomentar a participación pública no planeamento		exposición do PXOM nas parroquias do concello	
	satisfacción da cidadanía co concello		o nivel de satisfacción é bo	
medio natural	evolución do solo protexido		non varía co desenv. do Plan	
	grao de diversidade faunística	superf. especies autóctonas / superf. esp. alóctonas	non se detectan especies alóctonas no territorio municipal	
	índice de corredor verde	% superf. de bosque de ribeira / superf. total do concello	1,9 % do total	
	grao de mantemento de cultivos e pasterías	% superf. de cultivos e pasterías / superf. total do concello	20,6 %	
medio rural	pob. municipal que vive no medio rural	% con respecto ao total do concello	pob. urbana: 3.096 hab (39,9%) pob. rural: 4.655 hab (60,1 %)	
	grao de conexión de núcleo rural	% superf. de circunscrición de núcleo (solo núcleo rural + solo agrícola tradicional / superf. total do concello)	total concello: 9.970 Ha total rural: 2.522,5 Ha	
medio urbano	índice de biodiversidade		ver o apartado 4.8 do ISA	
	núm. de especies de fauna urbana		non existe fauna urbana	
	densidade de poboación en medio urbano	hab solo urbano / superf. solo urbano	antes: 50% desp: 55%	
	liñas subterráneas de infraestruturas e servizos	%	non existen datos	

INDICADORES DE SEGUIMENTO E CONTROL				5
variable	indicador	criterios de medición	cálculo / valor	
rehabilitación e renovación urbana	licencias para rehabilitación de edfs. e vivendas	núm.	150 licencias / ano	
	entidades colaboradoras para o mantemento e conservación constituídas no concello	núm.	0 (non existen)	
	calidade do inmoble	% edfs. tradicionais sobre o total	54 % sobre o total das edificacións	
mobilidade sustentable	evolución dos indicadores de planeamento dedicados á mobilidade sustentable tras o plan	% e lonxitude total	Nun concello das características de Outes, os indicadores sobre mobilidade sustentable non son de aplicación	
	desprazamentos da poboación	despl. / hab. / día		
	distancia media por habitante	Km / hab /día		
	distrib. dos desprazamentos por modos	% transporte público, vehículo privado e outros		
	núm. de viaxeiros que empregan o transporte público			
	% de desprazamentos dentro do concello	%		
	intensidade de tráfico nas estradas que atravesan o concello	núm. de vehículos / día		
estimación dos GEI xerados por transportes e desprazamentos	Tm de CO ₂ /día	2.984 vehic./día (IMD 2007: M. Aforos) e 20 Km percorridos por vehículo. Consumo estimado medio de 1,18 lts de combustible por vehículo, e 2,5 Kg de CO ₂ emitido por lt. de combustible TOTAL: 9,78 TM de CO ₂ /día		
vivenda	demanda de vivenda protexida	núm. de vivendas	non existen datos	
	prezo medio da vivenda en relación á renda media dispoñible		1.200 € / m ²	
	vivendas baldeiras	%	24,3 % (893 vivendas).	
	vivendas en ruínas		2,6 % (94 vivendas).	
outros	índice de envellecemento da poboación municipal	relación entre a pob. >64 anos e a pob. <20 anos	220,6 (ano 2006)	
	renda dispoñible bruta	€/ hab	7.495 € / hab (ano 2002)	

9.2. Programa de seguimento

A Lei 9/2006 de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente sinala, no seu artigo 15, a necesidade de que os órganos promotores leven a cabo un seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación ou execución dos plans e programas, así como para identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e permitir levar a cabo as medidas axeitadas para evitalos.

Os criterios ambientais estratéxicos e os indicadores dos obxectivos ambientais están expostos e desenvolvidos no punto 5 do presente informe. Seguindo a batería de indicadores que figura no punto anterior e os impactos identificados e/ou previstos nas diferentes fases da implantación do PXOM, elabórase o seguinte plan de seguimento, de acordo co indicado na citada Lei 9/2006 e co indicado no Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Outes:

PROGRAMA DE SEGUIMENTO			
variable	impacto potencial	método de control	duración e frecuencia
consumo de solo	Edificación fora das áreas delimitadas polo Plan.	As licencias que se concedan respectarán rigurosamente o ámbito delimitado	Cada vez que se emita licenza municipal
ciclo hidrico	Alteración da calidade das augas superficiais e subterráneas (mananciais). Manter limpos os colectores para augas pluviais para evitar asulagamentos e/ou contaminación das augas e os leitos fluviais.	Vixancia directa e análises de parámetros físico-químicos da auga. Velarase pola calidade da auga da ETAP e pola inocuidade dos vertidos da EDAR	Mensual
enerxía	Consumo enerxético na iluminación pública Contaminación lumínica	Vixiarase que a dotación e substitución das lámpadas farase con dispositivos de baixo consumo. Vixiarase que as pantallas sexán conformes á normativa sobre contaminación lumínica e, cando proceda, serán substituídas por outras iguais	Cando sexa preciso
xestión de residuos	Xeración de residuos urbanos, industriais e da actividade agrogandeira.	Establecemento de pautas de separación dos refugallo e de reciclaxe. Vixiar que non se depositen refugallo de calquera tipo máis aló dos puntos destinados a ese fin. (punto limpo e espazos de depósito de plásticos da actividade gandeira	Mensual
medio natural	Alteración da naturalidade do medio. Afeccións en zonas protexidas	Vixiarase calquera acción que poida afectar ao medio natural en calquera das súas formas. Impedirase calquera acción que se leve a cabo en zonas protexidas, calquera que sea a súa figura de protección	Mensual
medio rural	Edificación fora das áreas delimitadas para a ampliación dos núcleos rurais. Non respectar a tipoloxía tradicional dos núcleos rurais Invasión ou afeccións ao alfoz dos núcleos que supoña perda do seu valor para a actividade agrícola	Control das licencias e proxectos de edificación ou calquera actividade a levar a cabo nestes núcleos.	Cando se soliciten licencias e policía urbanística
medio urbano	Colmatación dos espazos intersticiais baleiros (impacto positivo)	Contemplarase a preferencia de proxectos que se situen en espazos baleiros das tramas urbanas de Outes	Cando se soliciten licencias
rehabilitación e renovación urbana	Renovación da paisaxe urbana. Impacto positivo	Primarase os proxectos de rehabilitación de vivendas no medio urbano fronte as edificacións de nova planta	no momento de solicitude de licenza

Ademais do indicado nos cadros anteriores, terase en conta calquera desviación significativa dos valores indicados nos cadros de indicadores de seguimento e control (cadros 3, 4 e 5). Máis concretamente, vixiaranse os seguintes parámetros:

- Calidade do aire (fase de obras): impactos provocados pola maquinaria de obra e o tráfico de vehículos pesados
- Ruído e vibracións (fase de obras): procedente do tráfico pesado
- Calidade da auga: escorrentía superficial
- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras e de funcionamento
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento
- Integración social: verificación do estado da integración social do proxecto fronte a persoas discapacitadas

Variables a ser medidas:

- Calidade do aire (fase de obras): niveis de inmisión e emisión para as seguintes variables: CO e CO₂
- Ruído e vibracións (fase de obras e explotación): procedente do tráfico pesado e da actividade industrial
- Calidade da auga: escorrentía superficial. Conductividade eléctrica do rego augas arriba e abaixo do ámbito
- Paisaxe: verificación do estado de implantación das medidas de corrección da paisaxe e do seu mantemento. As variables a contemplar son: superficie revexetada e número de árbores introducidos nas zonas verdes.
- Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras. As variables a contemplar son: volume de residuos urbanos e industriais, e o seu destino. Residuos de envases e embalaxes, residuos inertes, residuos perigosos. Polo que fai aos residuos industriais, serán as empresas instaladas nas áreas industriais as que, segundo a súa licenza de actividade, controlen este parámetro, verificándose o seu cumprimento polo órgano xestor.
- Contaminación de solos: verificación do estado de implantación das medidas de prevención da contaminación dos solos e do seu estado de mantemento.
- Integración social: as variables a seguir son: número de prazas de aparcamento dedicadas a persoas discapacitadas, a súa ubicación estratéxica e o seu uso; e detección e eliminación de

barreiras arquitectónicas na urbanización, na edificación para uso industrial e na accesibilidade ás áreas públicas.

10. Resumo non técnico do ISA

O presente Informe de Sostibilidade Ambiental é parte integrante do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica ao que é sometido o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Outes. A súa elaboración responde ás esixencias e requirimentos da Lei 9/2006 de 28 de abril, o que se describe no seguinte punto (Marco Normativo).

A finalidade do proceso de avaliación ambiental estratéxica é integrar o medio nas políticas sectoriais, garantindo deste xeito a consecución dun desenvolvemento sostible que permita acadar os grandes retos en materia de prevención e redución da contaminación, uso racional dos recursos naturais, innovación tecnolóxica e cohesión social. O proceso fomenta, así mesmo, a transparencia e a participación cidadán que permita o acceso a unha información exhaustiva e fidedigna do proceso planificador.

O concello de Outes, responsable da elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e, polo tanto, órgano promotor do proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica emite, en febreiro do 2007 o Informe Previo para o Procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, cuio contido se axusta ao especificado no artigo 18 da Lei 9/2006, dándose comezo á avaliación.

A partir deste documento, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, órgano ambiental no mencionado proceso de AAE remite ao órgano promotor, en agosto do 2007, o “Documento de referencia para a AAE do PXOM do Concello de Outes”, tal como o prevé o artigo 19 da citada Lei 9/2006. Este documento de referencia determina unha serie de pautas adicionais para a elaboración dos distintos puntos do Informe de Sostibilidade Ambiental, precisando a información que, como mínimo, deberá conter.

O concello de Outes está situado na marxe dereita (norte) e no fondo da ría de Muros e Noia. Limita coa ribeira dereita do río Tambre, xusto na súa desembocadura, e cos concellos de Negreira, Mazaricos e Muros. O termino municipal ten unha superficie de 99,7 Km² e unha poboación de 7.681 habitantes (datos do ano 2007), repartidos entre 10 parroquias: Cando, Entíns, Santo Ourente de Entíns, Matasueiro, San Cosme de Outeiro, Outes, Roo, O Freixo de Sabardes, Tarás e Valadares. A densidade de poboación é de 77,1 hab/Km², cifra superior ás medias provincial e galega.

A principal vía de comunicación é a estrada AC-550, que vai de Cee a Tui pola costa. A accesibilidade cara o interior ven proporcionada pola estrada AC-543, de Noia a Santiago.

Desde o punto de vista topográfico, o territorio de Outes pertence o dominio granítico, e presenta fortes contrastes, dende a orla litoral ata a meseta do Xallas, pasando bruscamente e en rápido ascenso

dende a suavidade da costa aos montes que forman a serra e dan nome ao concello, culminando en torno ós 500 metros de altitude (monte Tremuzo, 514 m).

Neste espazo de transición ábreanse vales de dirección meridiana, por cuxo fondo discorre unha rede fluvial de curto percorrido (agás o Tambre) e fortes pendentes formada polos ríos Tíns, Donas e o propio Tambre. Estes cursos seguen as liñas de fractura, producindo unha intensa erosión lineal, coa conseguinte acumulación de sedimentos areosos o fondo do estuario e, sobre todo, nas enseadas.

Polo que fai ás características do PXOM, compre dicir que o Concello, na actualidade, dispón para a ordenación urbanística do seu territorio de Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas definitivamente cunha serie de modificacións pola Comisión Provincial de Urbanismo de A Coruña, en sesión de 5 de agosto de 1977. Estas modificacións foron aprobadas polo pleno en decembro de 1982 e na Comisión Provincial de Urbanismo en 1985.

O modelo territorial e urbano preliminar proposto para o Concello de Outes, derivado da diagnose operativa exposta, baséase nos seguintes obxectivos específicos:

9. Introducción dos correctos mecanismos de xestión para o desenvolvemento da trama urbana, onde débense corrixir as deficiencias de solo dotacional e de equipamento, derivado da sobrecalificación como solo urbano de execución directa, e polo tanto, non sometido a cesión algunha, que contemplaban as Normas vixentes.
10. Formulación dun uso equilibrado do medio rural, considerando o respecto o medio ambiente e a paisaxe como valores de desenvolvemento e potenciando os usos produtivos intrínsecos. Especial atención na imbricación axeitada de equipamentos e industrias de localización co medio. Completación da trama urbana dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade e impedido a edificación indiscriminada do territorio.
11. Deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, a cal é un feito ineludíbel, e a acouten có fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións.
12. Crecemento lento pero sostido no tempo, baseado no ocio avanzado, no comercio especializado, nos servizos á poboación e no reforzo das potencialidades industriais; establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.
13. Atención ao proxecto urbano e ás técnicas de xestión para garantir a viabilidade do Plan.
14. Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade, incorporando e aceptando o edificado.
15. O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, coma son os de carácter asistencial, docente e administrativo, así como debe buscarse a obtención de outras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.

16. Participación real nos procesos de definición e posterior xestión do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Os obxectivos a desenvolver partirán dos seguintes criterios de ordenación:

6. Analizouse có máximo detalle posíbel do solo do núcleo urbano principal do termo municipal, para coñecer a realidade do tecido urbano existente en relación cós obxectivos básicos comentados, a fin de que as medidas propostas sexan factíbeis de levar á práctica, fuxindo polo tanto, de propostas xeralistas, fáciles de formular pero claramente afastadas dun necesario e eficaz pragmatismo.
7. Facilitar a renovación do interior dos núcleos rurais e a construción de novas residencias na periferia inmediata destes, co obxectivo de limitar unha posible dispersión ou afloramento de novos núcleos en lugares distintos dos tradicionais coas conseguintes consecuencias negativas a nivel económico e medioambiental.
8. Localizar, de acordo coa vixente lexislación do solo, as áreas con aptitude para incorporar ao desenvolvemento urbanístico en todas aquelas zonas que contan con conexións ao soporte que supón o sistema xeral viario e que non contan con condicionantes que aconsellen a súa protección.
9. Revisión da delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ó proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais ou porque así o requiren os seus actuais usos, a lexislación sectorial ou en razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais, outras de similar natureza ou en base ó desenvolvemento sostible do concello.
10. Establecer, por normativa, as medidas preventivas do posíbel impacto ambiental, chegando incluso á definición de normas específicas de protección ambiental nos sectores de solo rústico e urbanizabel que así o requiren. Preténdese valorar o potencial produtivo e madeireiro do concello así como os lugares de produción principal agrícola-gandeira, que aínda que pequenos en extensión, teñen moita importancia económica e paisaxística dentro do termo municipal. Calquera iniciativa que xurda do planeamento pasa polo recoñecemento espacial desta realidade, delimitando convenientemente as zonas destinadas a un e a outro aproveitamento co fin de o protexer e fomentalo, mellorando así as capacidades económicas e produtivas da zona.

Recoñécense ademais os valores ambientais do termo municipal, neste caso centradas nos canles fluviais e nas ribeiras do Tambre que se valoran en función da súa importancia medioambiental, para que a posible edificación e urbanización non destrúa este potencial. O recoñecemento e unha axustada delimitación do Espazo Natural da desembocadura do río Tambre considérase un dos obxectivos fundamentais deste planeamento.

Aproximación aos efectos previsibles do Plan, este promoverá e regulará a preservación, ordenación e posta en valor dos elementos medioambientais de valor evitando a colonización indiscriminada do

territorio que en ausencia de Plan podería producirse así como os impactos puntuais non desexados sobre o territorio.

Para facelo clasificará como Solo Rústico de Especial Protección en calquera das súas categorías aqueles terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación urbanística.

Mención especial no caso do concello de Outes merece o contorno dos ríos, as cotas elevadas das serras, as masas forestais autóctonas e o L.I.C. do Esteiro do río Tambre.

O termo municipal de Outes atópase afectado pola delimitación do Lugar de Interese Comunitario (L.I.C.) denominado Esteiro do Tambre, e recollido na proposta de delimitación das Rede Natura 2000 da Consellería de Medio Ambiente.

Dende o punto de vista demográfico, o concello de Outes conta con 7.681 habitantes segundo o Padrón do ano 2007, 3.671 homes e 4.010 mulleres, o que supón unha densidade de poboación de 77,1 hab/Km², poboación que se concentra principalmente na franxa litoral, de xeito que máis da metade da poboación vive nos núcleos de Serra de Outes, Freixo, Serantes-Vara, Cruceiro de Roo e A Pontenafonso.

O volume demográfico de Outes ven descendendo dende meados do século XX ata a actualidade, pasando dos cerca de 11.000 habitantes aos pouco máis de 7.700 que ten na actualidade, o que supón unha perda poboacional do 27%. Este feito enmárcase na tendencia que seguen case tódolos concellos galegos, que sufreron intensamente a emigración, co conseguinte envellecemento da poboación. Na actualidade, a estrutura demográfica amosa claramente este envellecemento: o 62,6% da poboación ten entre 16 e 64 anos, o 28,6% ten máis de 65 anos, e só o 8,8% ten menos de 15 anos (datos do ano 2007).

Por outra parte, o crecemento vexetativo é negativo (-75 hab), porque os nacementos non compensan os falecementos: as taxas de natalidade son moi baixas (3,9 ‰), mentres que as de mortalidade son elevadas (10,8 ‰), froito do acusado envellecemento da poboación.

Polo que fai á actividade económica, tradicionalmente, as rías galegas teñen bastante dinamismo o que ten xerado unha diversificación na base económica do concello. O sector primario ocupa ó 19,12% dos activos, dos que o 10,77% traballan na pesca e o marisqueo e o 8,35% corresponde á agricultura.

A actividade marisqueira, integrada na cofradía de Noia destaca pola súa importancia, sobre todo as campañas do berberecho e a ameixa, que aportan rendas que contribúen ó dinamismo económico do concello.

O sector secundario ocupa ó 37,49% dos activos, repartidos entre o 17,97% da industria e o 19,52% da construción. A industria é pouco significativa, e baséase principalmente na transformación alimentaria e

madeireira, e tamén nos estaleiros, localizados no Freixo, hoxe en día dedicados principalmente ás reparacións.

O sector económico máis importante é o terciario, que ocupa ó 43,39% dos activos, sendo o sector que máis ten medrado nos últimos tempos, a carón da consolidación do núcleo da Serra de Outes, onde se concentra o comercio e os servizos dos que dispón o concello.

O equipamento do Outes localízase principalmente na capital municipal Serra, na parroquia de Outes e no núcleo de Cruceiro de Roo, na parroquia de Roo, adquirindo en ambos casos un carácter municipal.

O saneamento municipal debido a razóns evidentes de topografía non abarca a totalidade das parroquias, solucionando este servizo puntualmente nas zonas de maior densidade de poboación.

Na zona da Serra o saneamento abarca os núcleos de Serra, Boel, Vista Alegre, e en San Ourente dende a Poza ata o Areal, ó longo da estrada CP-4502, así como Fontenlos. Tamén contan con este servizo Entíns, Pazos, A Fonte, Coiradas, Travesía de Entíns, A Barreira e Ribadafonte, todos eles conexiónados a unha estación depuradora con verquido ó río Tins na desembocadura deste. No núcleo urbano de Serra a totalidade das rúas conta con este servizo.

Na zona de Roo e Outeiro contan con este servizo os núcleos de Cruceiro de Roo, Roo de Arriba e Abaixo, Lagoa, Canteiriña, Bendimón, Catasueiro, Zarzón, Albeida, Vara, Barreiro, Serantes, Camposas, Tavilo e Broña, cun bombeo que eleva as augas ata a estrada AC-550 dende onde por gravidade baixa ata a depuradora da Serra pasando por A Central de Brión e Baixo para recoller as augas de Brión de Arriba e Rates. A capacidade da depuradora considérase suficiente para as necesidades actuais da poboación e mesmo para crecementos moderado. A outra vertente da zona recolle as augas residuais de Catasueiro, Anceres, Siavo, A Corga, Piñeiro, Vilariño, Mosteiro e Ribeira do Freixo, cun bombeo neste último núcleo que ascende as augas tamén ata a AC-550 para conexiónarse o bombeo de Roo e de alá á depuradora da Serra.

Nos núcleos urbanos de Cruceiro de Roo e Ribeira de Freixo a totalidade das rúas conta con este servizo.

Por último, na zona de Tarás e Cando contan con saneamento, Ribademar, Seilán, Ponte Nafonso, Toxeira, Vilardigo e Corga, Cando de Arriba e Abaixo, Filgueiro, Carballido, Vilar, Pumar e Cuns, todos eles a varias fosas, considerándose estas suficientes para a escasa poboación que sanean.

Existen trazados de menor importancia, todos eles vertendo a fosas en Vila do Monte, O Barco e Insua.

A vista de todo isto pódese concluír que practicamente todo o litoral se Outes se atopa conectado ó saneamento municipal nunhas condicións de servizo aceptables.

O concello de Outes, neste momento está traballando para conseguir o abastecemento das parroquias máis poboadas do termo municipal. Así, xa se ten dotado de abastecemento a gran parte das parroquias de Outes, Santa María e San Ourente de Entíns, Roo, Outeiro, Sabardes e Cando. Na parroquia de Outes o abastecemento chega ós núcleos da Serra e Boel, en San Ourente de Entíns ó

Areal, En Sta. María de Entíns ata Espiñeiro, en Roo, Outeiro e Sabardes, dende o núcleo de A Serra e Xurisdizión ata o Cruceiro de Roo por Brión de Abaixo, A Central e Viro, Roo de Arriba e Abaixo, Lagoa, A Canteiriña, Bendimón, Catasueiro, Zarzón e dende Broña ata Albeida e As Camposas por Tavilo, Serantes, Barreiro e Vara. En Sabardes polo Freixo, Mosteiro, Vilariño, Piñeiro, Corga, Braño, Figueroa e Siavo. En Cando, a Ponte Nafonso, A Toxeira e Corga.

Non obstante existen neste momento varios proxectos en marcha de maneira que unha vez rematados se conseguirá o abastecemento de practicamente o 100% do concello.

O sistema de abastecemento debido ás condicións topográficas baséase en varias captacións, as súas respectivas estacións de tratamento e uns depósitos que dan servizo suficiente para a poboación actual do concello.

Polo que respecta ós núcleos urbanos, a totalidade destes, e dicir, A Serra, Cruceiro de Roo, Ponte Nafonso e Ribeira do Freixo, conta co servizo de abastecemento, totalmente executado e en funcionamento.

A estrutura viaria do concello de Outes atópase formada por tres estradas autonómicas, dez provinciais e un número importante de locais, pertencentes ó concello, sendo a súa tipoloxía ramificada, que da servizo de maneira bastante adecuada á meirande parte da poboación.

A AC-550, principal comunicación do concello con toda a costa galega, atravesa o termo municipal pola costa e serve de principal vía de comunicación ás parroquias máis poboadas, así como ós principais núcleos urbanos, Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira do Freixo. A próxima entrada en servizo da vía de alta capacidade Brión-Noia, e a conexión con Muros a través do concello, desdoblado a estrada AC-550, fará que as súas características varíen significativamente, e aínda que siga pertencendo á rede primaria, se transforme máis nun corredor urbano, de comunicación entre os distintos núcleos, que nunha estrada de desprazamentos intermunicipais.

Esta estrada ten unha continuación ata Ponte Nafonso coa estrada vella antes de que se construíra a nova ponte sobre o río Tambre. Actualmente denomínase AC-196 e pertence á rede secundaria.

A rede autonómica complétase coa AC-400 que atravesa o termo municipal polo extremo norte sen constituír unha vía de especial relevancia para o desenvolvemento do concello.

A partir da AC-550, na zona da Serra, parten cara ó norte as estradas provinciais CP-6202, CP- 3404, CP-4502 e CP-5604 que atravesan o concello de sur a norte e serven de comunicación principal de Outes cos concellos altos do interior e cos principais conxuntos de núcleos. A súa traza e características e algunha operación de melloras puntuais, fan que estas estradas se consideren suficientes para os desenvolvementos previstos sobre elas.

O resto da rede, provincial e municipal complementa esta rede principal, podéndose concluír que no concello de Outes non existen parroquias cunha comunicación viaria deficiente.

O seguinte cadro está feito con datos do inventario de estradas da Deputación Provincial da Coruña:

O resto das estradas son de titularidade municipal e teñen anchos, firmes e estados de conservación dispares, non podendo establecerse criterios de prioridade dalgunha delas.

Polo que fai á intensidade do tráfico e segundo datos da Memoria de Tráfico do ano 2007 da Xunta de Galicia, o concello presenta unha intensidade media diaria (IMD) de 2.984 vehículos, dos que o 6,2% corresponde a tráfico pesado. Os datos proceden da estación da AC-550, en Serres, no treito de Muros a Serra de Outes, na confluencia coa estrada AC-3404. Este dato de intensidade de tráfico será empregado no cálculo dos GEI no presente ISA.

Polo que fai ás telecomunicacións e as novas tecnoloxías, o concello de Outes posúe os seguintes equipamentos e dotacións:

- 4 centrais de Telefónica
- En liñas físicas (teléfono fixo), Outes está no intervalo de 25,1 e 35 liñas/100 hab.
- En telefonía celular, o territorio municipal está servida por 3 operadores
- En Banda Larga, Outes conta co PEBA e con liñas ADSL, e se atopa no intervalo de 5,1 a 10 liñas ADSL/100 hab.
- A sinal de televisión no territorio municipal está servida por 5 centros reemisores da rede Retegal.

Canto á vivenda, na actualidade están vixentes as Normas Subsidiarias Municipais, aprobadas no ano 1985, que distribúe o territorio municipal segundo as seguintes clasificacións: a superficie de solo urbano é de 536,45 Ha, dedicado na súa totalidade a solo urbano de uso residencial. Non se contempla ningunha superficie para solo urbanizable. O resto do territorio repártese entre 8.916,05 Ha de solo non urbanizable e 486,72 Ha de solo non urbanizable de especial protección, completándose así as 9.939,22 Ha totais do concello.

O solo urbano do termo municipal, de acordo coas Normas en vigor, está constituído por A Serra de Outes, Cruceiro de Roo e Ribeira de Freixo, concentrándose no primeiro caso a totalidade da vivenda colectiva con pequenas actuacións nesta materia nos outros dous núcleos. A estes tres habería que engadir dende a redacción do presente planeamento o de Ponte Nafonso, que se atopa en condicións semellantes ao de Cruceiro de Roo, con tódolos servizos urbanísticos consolidados, alternancia de vivenda unifamiliar e colectiva e un paseo litoral a xeito de espazo libre de sistema xeral que serve a toda a poboación do medio.

O crecemento experimentado por estes núcleos fixo que a práctica totalidade do solo urbano, aínda con numerosos baleiros, apareza desenvolto. O tratamento e solución deste problema, como consecuencia das diferentes morfoloxías, deberá ser resolto no Plan Xeral, á vez que se terá que dar unha énfase especial, de cara a completar a trama urbana xa iniciada, e potenciar o desenvolvemento dos núcleos máis aló das estradas e a rede viaria que se sitúa na orixe do mesmo.

Os núcleos rurais existentes vense presionados polo desenvolvemento da edificación nos mesmos a cal tende cada vez máis a invadir os terreos de cultivo ao non atopar posibilidades de construción nuns

núcleos de estrutura moi pechada e parcelas de escaso tamaño e aproveitamento edificatorio. Esta invasión vese ademais apoiada por unha rede de camiños, estradas e pistas de concentración parcelaria que facilitan la colocación das vivendas fóra da estrutura do núcleo.

Esta situación, debido ás especiais condicións climatolóxicas, ambientais e topográficas do concello concéntrase fundamentalmente no ámbito dos núcleos próximos ao litoral, constituíndo nalgúns casos un continuo edificado entre varios núcleos sen solución de continuidade.

Deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, a cal é un feito ineludible, e a acouten có fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións.

O aumento do número de vivendas foi constante desde principios dos 70 ata 1991. A partir de entón o ritmo de crecemento do parque de vivendas estancouse. En 1970 contabilizábanse 2.490 vivendas, que medran ata as 3.053 rexistradas no 1981. No último censo de 2001 se totalizaban 3.681 vivendas en Outes.

No que respecta ao tipo de ocupación, o 70,4% son vivendas principais ou primarias, un 9% son secundarias, mentres o 20,6% restante aparecen como desocupadas, noutra situación ou non catalogadas. O número de vivendas principais descendeu comparativamente a partir do 74% de ocupación no 1986 ao actual 70,4%, en favor do aumento das vivendas secundarias, desocupadas ou non catalogadas.

Polo que fai á hidroloxía do concello, o río Tambre é o máis importante do concello, e chega a Outes despois de percorrer case toda a provincia da Coruña en sentido oeste-leste. No seu treito final fai de límite co concello de Noia, e na desembocadura conforma un amplo esteiro, no fondo da ría de Muros e Noia. Son tributarios do Tambre os ríos Laxoso, de curto percorrido e que cruza toda a parroquia de San Ourente, onde recibe as augas do río Banzas e as do Cando, onde tamén se engaden as augas do Portomourello, desaugando finalmente en Pontenafonso.

Outro río importante é o Tins, que nace en Mazaricos, atravesa Matasueiro, pasa por San Pedro de Outes e desemboca na capital municipal, na enseada de Langaño.

Nesta mesma enseada desaugan os regatos Rial e o Brión, que drenan os vales de San Ourente e Entíns o primeiro, e a chaira de Brión o segundo. O Bendimón nace perto de Loios (Valadares), bordea o Tremuzo, escorre por terras de Roo, e sae no mar entre San Cosme de Outeiro e o Freixo.

O concello de Outes encádrase na unidade litolóxica do noroeste galego que, coma o resto de Galicia forma parte do vello zócalo hercínico da península Ibérica; e a súa peculiaridade, resultante da acción de paleoclimas e da estrutura, radica en que está constituído case totalmente por rochas cristalinas.

As unidades litoestratigráficas presentes nesta área corresponden a zonas internas da cadea nas que a erosión acadou os niveis estruturais máis profundos, e habería que incluílas dentro da zona III (Zona Galego-Castelán (Lotze) ou na zona Centrobérica (Julivert). No noroeste galego poden distinguirse tres

grandes dominios litoestratigráficos, que presentan diferentes evolucións, tanto desde o punto de vista petrolóxico como estrutural.

Con respecto ao clima, o concello de Outes, situada na zona suroccidental da provincia da Coruña, ten unha disposición alargada cara o sudoeste, produto da costa atlántica do Porto do Son. A Morfoloxía da comarca condiciona o clima ambiental, con tres dominios fundamentais: a propia ría de Muros e Noia; as pequenas concas fluviais interiores e a meseta do Xallas, que continúa polo Barbanza en pequenos retazos. Este relevo orixina un clima variado, con diferenzas térmicas e pluviométricas debidas ás diferenzas de exposición e de altitude.

O principal elemento a protexer de eventuais episodios de contaminación é a ría de Muros e Noia, no treito correspondente ao concello de Outes. Enténdese deste xeito porque a costa, ademais de estar protexida por formar parte dun Lugar de Importancia Comunitaria, representa un importante recurso económico, atendendo á cantidade de persoas que traballan no marisqueo, aos seus valores turísticos e aos seus valores naturais.

O saneamento municipal non abarca a totalidade das parroquias debido á topografía, solucionando este servizo puntualmente nas zonas de maior densidade de poboación, comprendendo a franxa litoral e os núcleos con maior densidade de poboación (Serra, Roo e o Freixo). Sen embargo, compre facer constar que a depuradora da Serra de Outes presenta problemas estruturais, e a zona foi obxecto dun plan de emerxencia para reduci-lo impacto das augas fecais en zonas marisqueiras, consistente en medidas para reduci-la carga microbiolóxica das augas.

En Outes, as únicas actividades industriais susceptibles de producir contaminación en algún elemento da xeira (nas augas da ría de Muros e Noia principalmente) son, segundo o Plan de Continxencias por Contaminación Mariña das Rías Galegas (Orde do 26 de outubro do 2004, Xunta de Galicia) os asteleiros de O Freixo, o propio porto do Freixo e o serradoiro de Punta Rinles. O tipo de risco representase por vertidos de hidrocarburos, pinturas, disolventes e aceites.

Outra fonte potencial de contaminación no concello de Outes procede da actividade gandeira. Este impacto pode concretarse en dúas vías: a contaminación por xurros e os residuos plásticos procedentes do empacado da herba. Neste caso, esta fonte representan a actualidade un risco moi baixo debido a que a actividade gandeira está a perder importancia no conxunto do concello, reducíndose practicamente ao sector norte do concello.

En Outes existe un punto limpo en A Cepa (San Ourente) e o porto do Freixo conta con contedores para RSU soterrados. O conxunto dos RSU do concello son tratados na planta de Servia, en Lousame.

O principal espazo de interese natural e paisaxístico é o Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Esteiro do Tambre. As características deste espazo son as seguintes:

- *Superficie: 1.581 Ha.*
- *Altitude media: 13 m.*
- *Rexión bioclimática: Atlántica.*

- *Concellos: Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son.*
- *Data: 2001*

Abrangue o treito inferior do río Tambre, o seu esteiro e unha pequena parte da ría de Noia. Esta variedade de ambientes propicia a aparición dunha ampla gama de comunidades vexetais, principalmente xunqueiras, carrizas e praderías de algas mariñas, entre outras. Isto permite a aparición dun determinado número de especies de aves acuáticas invernantes e algunhas nidificantes.

Este espazo natural afecta á totalidade dos 20 Km que Outes ten de litoral, conta cunha superficie total de 1.581 Ha e inclúe o treito inferior do río Tambre, o seu esteiro e o fondo da ría de Muros e Noia. Debido a isto, dáse unha gran variedade de ambientes con diferentes condicións ecolóxicas que favorecen a existencia dunha gran variedade florística e faunística. Ó longo do val do río Tambre existen algúns bosques de carballo (*Quercus robur*) e, paralela ó río, ripisilvas de ameneiro (*Alnus glutinosa*), ademais de zonas de mato e cultivos. Toda esta recargada paisaxe vexetal, característica e representativa de gran parte da Galicia rural, acolle unha gran variedade e riqueza faunística e florística. Nas zonas de esteiro existen amplos espazos de lodo intermareal que quedan ó descuberto co devalo.

As principais tipoloxías paisaxísticas de Outes son as seguintes:

Paisaxe urbanizada

A paisaxe urbanizada de Outes esténdese máis ou menos uniformemente ó longo da estrada C-550, incluíndo o núcleo da Ponte Nafonso. É dicir, na franxa litoral, na área de menor altitude. Destacan os núcleos de Serra de Outes (capital municipal), Cruceiro de Roo e a Ribeira do Freixo. Outro eixo urbano, de menor entidade, vai dende Santo Ourente de Entíns cara o sur do concello, ata o núcleo de Serra de Outes, no entronque coa estrada C-550.

Trátase dun tecido urbano pouco denso e descontinuo, cunha tipoloxía moi mesturada, onde se combina a arquitectura tradicional coa vivenda de nova construción.

Entre os núcleos citados e o longo da estrada aparece un poboamento difuso, con predominio da vivenda unifamiliar, aínda que nos núcleos urbanos citados non está ausente a edificación colectiva.

Paisaxe rural

A paisaxe rural aparece fundamentalmente nas áreas de altitude media, onde as condicións para o desenvolvemento da agricultura son óptimas en relación co resto do territorio municipal. Este tipo, que inclúe os núcleos rurais, está máis presente na metade occidental do concello, e máis concretamente, no cuarto noroccidental, onde aparece unha rede de pequenos núcleos, rodeados por terras de labor que conforman o alfoz dos núcleos. Estes teñen unha elevada calidade paisaxística, xa que se trata de núcleos pequenos, cun casarío pechado e en relativamente bo estado de conservación.

Como ocorre en toda Galicia, esta paisaxe aparece frecuentemente mesturada con vexetación de repoboación e tamén con vexetación natural.

Paisaxe natural

A paisaxe natural de Outes inclúe o treito de costa (integrada no LIC “Esteiro do Tambre”, xa descrito no punto 4.7.1. deste informe); as ribeiras dos ríos, ricas en vexetación ripícola, e os bosquetes de frondosas que salpican a paisaxe rural.

Paisaxe seminatural

É a tipoloxía máis presente, sobre todo nas partes máis elevadas do concello, nos límites cos concellos de Negreira (Monte da Pena) e Mazaricos. Trátase de densos bosques de eucalipto e piñeiro de repoboación, que ocupa as partes máis accidentadas do terreo.

Outras unidades

Por outro lado, hai que ter en conta aquelas áreas ou espazos de interese paisaxístico como son o monte Tremuzo, situado nas terras altas do Freixo e Valadares, sendo este un magnífico lugar para a práctica do sendeirismo. No alto do mesmo se localiza un miradoiro dende o que se contempla, en toda a súa extensión, a ría de Muros-Noia. Se o día é claro se ve o tramo final do río Tambre, a desembocadura do Tins na enseada do Engano, que une as súas augas neste lugar ao anterior, a punta de Corrubedo, o anfiteatro montañoso da Serra do Barbanza e a vila de Muros co Monte Louro de vixía.

Tamén teñen interese as praias que aparecen nas súas costas, sendo a de Broña, en San Cosme, unha das máis concorridas de toda a comarca durante os meses estivais, dada a facilidade de acceso, grazas a unha estrada que enlaza coa comarcal Santiago- Muros, á altura de Catasueiro.

Compre destacar neste apartado as ribeiras de varios ríos, os cales no seu discorrer forman en ocasións profundos vales onde existe vexetación típica de ribeira e bastante tupida.

Da non aplicación do PXOM ou Alternativa “cero” dende o punto de vista ambiental e urbanístico non se aprecian efectos positivos no conxunto do territorio municipal, toda vez que, precisamente, a aplicación do PXOM ten a intención de corrixir problemas xerais do concello, tal como queda reflectido no punto 5 (Criterios e obxectivos ambientais estratéxicos do PXOM de Outes) do presente informe

Pola contra, a non aplicación do PXOM ou Alternativa “cero” podería xerar, dende o punto de vista ambiental e urbanístico, os seguintes efectos negativos ou non desexados:

- Unha degradación da paisaxe rural pola planificación de tipoloxías construtivas sen planificación e sen tratamento axeitado, apoiadas nunha rede viaria non deseñada para este fin.
- A falla de concreción no desenvolvemento urbano supón un desequilibrio entre o número de vivendas e as expectativas reais do concello. Esta situación pode desembocar en unha maior proliferación de situacións de indisciplina urbanística en solos non axeitados para o desenvolvemento urbano.
- Déficits de equipamentos socioculturais que dean resposta axeitada á malla difusa xerada pola falla de centralidades claras.

- Déficit da rede de sumidoiros e tratamento de refugallo. O difuso construtivo impide a concreción dunha rede que de resposta a esta eventualidade
- Unha ocupación anárquica do territorio sobre a base dunha rede rural de camiños xurdida sen planificación previa.
- Deslocalización das industrias a causa da ausencia de planeamento para esas actividades, o que conlevaría a perda de inversións, diminución da oferta laboral, o reforzo da tendencia á emigración cara outras áreas máis dinámicas e, en definitiva, un atranco ao desenvolvemento socioeconómico do concello.
- Empeoramento da rede de comunicacións por falla de previsión e deseño acorde coas necesidades.
- Problemática coa conservación dos espazos naturais por falla de protección.
- Limitación ó desenvolvemento do concello en tódolos seus aspectos, reforzo da tendencia ao estancamento demográfico e retroceso socioeconómico.

Os criterios básicos da política urbanística contida no PXOM de Outes recollen o emanado na LOUPMRG e atópanse de acordo coa lexislación sectorial galega, e son os seguintes:

- **Viabilidade:** canto a localizar as distintas accións en función das súas posibilidades reais e dos obxectivos propostos, minimizando as afeccións negativas e simplificando, na medida do posible, a xestión administrativa.
- **Flexibilidade:** o planeamento debe posibilitar a súa adaptación ós distintos estadios ou fases de desenvolvemento e a diferentes alternativas que se poden producir.
- **Realidade:** O planeamento debe estar de acordo coa capacidade económica, tanto da administración pública como do sector privado. Tamén, debe contemplarse como condicionante a parcelación actual do solo.
- **Equidade:** Debe evitarse a xerarquización do territorio en áreas de diferente nivel de calidade como consecuencia do planeamento.

Pola súa parte, os obxectivos xerais deste PXOM, entendidos como metas ou aspiracións fixadas son os seguintes:

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes parte co propósito de adaptar a ordenación urbanística á lexislación vixente, e o de acometer unha nova política urbanística tendinte a perfeccionar o modelo territorial existente mediante a introdución dos sistemas de xestión e actuación que o novo marco legal nesta materia posibilitou, evitando que o proceso urbanizador xere desequilibrios, e polo contrario, poda ser utilizado para mellorar a realidade física existente e o nivel de equipamentos e servizos.

A formulación e realización do Plan Xeral de Ordenación municipal para o concello de Outes ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanísticamente

equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización e procura de maior dinamismo dos sectores produtivos, neste caso os agropecuarios, forestais ou ecoturísticos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia dun núcleo urbano, no que a día de hoxe se concentra a principal consolidación edificatoria e existencia de servizos, a existencia dun entramado de núcleos máis miúdo cuxa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O Plan Xeral plantéxase como obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Outes e ser eminentemente realista. Capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan. Un Plan Xeral no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante, sexa notoria e patente.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, asemade, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades agrarias, industriais e comerciais: desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que ós solos se lle asignen.

Para iso, e en directa relación cos problemas urbanísticos detectados, defínense a continuación o sistema de obxectivos urbanísticos sectoriais que a redacción do Plan Xeral persegue.

Completando o anterior, o PXOM de Outes debe contemplar os seguintes criterios específicos:

Criterios respecto á sostibilidade territorial e densidade urbana: A relativa escaseza de solo como soporte da actividade económica, os especiais valores naturais e paisaxísticos do territorio municipal, a singular orografía, a fragilidade dos ecosistemas e o risco de perda de calidade de vida dos habitantes, posto xa de manifesto en diversas áreas da nosa Comunidade Autónoma, obriga a propor accións e previsións dirixidas máis que ó control do crecemento, -en Outes non existe unha forte presión urbanizadora-, a evitar a urbanización e a edificación dispersa ou o consumo inxustificable de novos solos, orientando as actuacións públicas e privadas cara a recuperación, rehabilitación ou reforma da edificación existente e a colmatación dos espazos baleiros nos núcleos urbanos do concello ou en áreas xa antropizadas nos núcleos rurais.

O aumento da densidade nos núcleos rurais tradicionais ten que ir acompañado de unha política de preservación do medio rural co fin de potenciar o seu insustituible valor paisaxístico e ecolóxico, así como soporte de outros usos e actividades innovadoras, dentro do que se entende como "conservación activa do medio rural".

Criterios respecto dos límites territoriais do crecemento: Na proposta de clasificación adoptáronse criterios restritivos de crecemento. Concretamente, son os seguintes:

- Os crecementos propostos deberán ser proporcionais ó crecemento efectivo da poboación, entendendo como poboación a dos núcleos urbanos do concello e a dos núcleos rurais. Farase unha proxección demográfica para o tempo de duración do PXOM.
- Empregaranse os solos urbanos non consolidados, de pequena superficie nas áreas intersticiais da trama urbana existente, e sectores de solo urbanizable de ensanche na trama existente, estritamente dimensionados ó crecemento previsible.
- Non se plantexan crecementos por ocupación de solo de nova creación, non previstos no planeamento vixente, xa que con este solo e mediante a colmatación dos solares e parcelas vacantes existentes en solos urbanos ou nos núcleos rurais resólvense as necesidades na maior parte dos casos.
- En ningún caso se proporán solos residenciais nas proximidades de calquera espazo natural ou proposto para a súa inclusión na Rede Natura, ou de calquera área recollida neste informe ou no plan como de Protección Ambiental. Tampouco se proporán solos residenciais ocupando formacións orográficas e susceptibles de producir impacto paisaxístico, así como de aqueles solos con pendente superior ó 30%.

Criterios de planeamento respecto ó tratamento do medio rural: Fora das áreas delimitadas polo planeamento como asentamentos, só se permitirán as edificacións relacionadas coa conservación e xestión do medio, actividades agropecuarias e industriais e de servizos incompatibles cos usos propios dos asentamentos ou non procedentes nos solos urbanos, as instalacións precisas para a extracción de minerais e o aproveitamento das enerxías renovables, as actividades turísticas vencelladas ó medio rural e natural, e as declaradas de interese xeral que precisen de emprazamentos singulares.

En ningún caso de permitirá a edificación nos elementos relevantes da paisaxe, como a costa, cumios ou na franxa de protección dos cursos fluviais.

O PXOM establecerá as características da edificación en solo rústico. Especialmente, deberán establecerse as condicións de edificabilidade, altura, ocupación, distancia entre edificacións, implantación topográfica e paisaxística, con expresa referencia ós accesos e o contorno.

Ademais, o PXOM controlará as súas condicións de implantación no territorio e os impactos producidos, e establecerán as medidas correctoras e compensatorias que procedan.

Criterios respecto dos asentamentos rurais: Os criterios para a delimitación dos asentamentos serán os seguintes:

- O grao de colmatación edificatoria e a antropización do solo
- O carácter tradicional do asentamento e a súa evolución histórica

- As dotacións infraestruturais que posúe
- Para a súa delimitación, terase en conta a estrutura da propiedade

O Plan Xeral establecerá a capacidade máxima de cada núcleo en termos de densidade e de edificabilidade. Así mesmo, independentemente das previsións de crecemento, reservaranse solos para dotación de equipamentos e servizos.

Criterios de planeamento respecto o turismo: a variable paisaxística e a súa adecuación constitúen un importante alicerce do planeamento municipal, esixíndose de calquera actuación edificatoria ou de outra índole a adaptación ás características da paisaxe, os ecosistemas e outros trazos de identidade ou valores naturais dos lugares de implantación.

Criterios de planeamento respecto á paisaxe: Como xa se ten dito, a paisaxe constitúe un importante elemento na planificación do territorio, cúa consideración e análise producen decisións directas na ordenación, tales como a preservación de áreas vacantes, corrección de dinámicas e tendencias, emprego como recurso, etc.

Neste sentido, plantéxanse os seguintes aspectos e análises:

- Insolación e reflectividade.
- Identificación e apartación de novos valores escénicos mediante o deseño.
- Novos roles de elementos singulares da paisaxe abandonados ou deteriorados.
- Escala e características dos proxectos necesarios para preservar, restaurar ou refacer a paisaxe.
- Criterios para actuacións territoriais que destaquen o valor da paisaxe.
- A maior parte do conxunto de estruturas e elementos que aínda conforman e caracterizan a paisaxe agrícola tradicional, debe considerarse patrimonio de valor etnográfico, por ser testemuña e expresión relevante da cultura tradicional galega.
- O conxunto das estruturas rurais constitúe unha importante caracterización da paisaxe tradicional de Galicia, merecedor dunha protección efectiva, integral e xeral, sexa cal sexa o seu estado de conservación

Desde o Plan Xeral crearanse as condicións –na medida do posible- para a aplicación dunha política centrada na axeitada ordenación do deseño vexetal e o arborado, en especial o mantemento e recuperación das árbores existentes no medio rural, mediante a conservación ou rehabilitación das características ecolóxicas e culturais de cada contorno.

Por outra parte, terase en conta que na ordenación, deseño e tratamento dos diferentes espazos urbanos, rurais e naturais, deberán contar coas afeccións sonoras, e plantexar formas axeitadas para a protección, tratamento e xestión.

Criterios de planeamento respecto do patrimonio natural: A preservación da biodiversidade tense convertido nun obxectivo fundamental de tódalas políticas de conservación da natureza, entendendo por conservación o conxunto de medidas encamiñadas ó mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, a preservación da diversidade xenética e o emprego ordenado dos recursos naturais e culturais. En Galicia, este obxectivo debe ser prioritario, atendendo ó importante e diverso patrimonio natural con que aínda contamos.

Requisito previo e necesario de sustentabilidade do modelo é articular os mecanismos necesarios que propicien a conservación da biodiversidade e o uso racional e eficiente dos recursos naturais, compatibilizándoo cun equilibrado desenvolvemento económico e social. A axeitada valoración do noso patrimonio natural non é, por tanto, un máis dos problemas a afrontar, senón que debe ser a base do noso crecemento, calquera que sexa o modelo definitivo.

Dende o PXOM estableceranse normas de protección do medioambiente e reguladoras dos recursos naturais non incluídos na lexislación autonómica, para evitar actuacións oportunistas e insolidarias.

A actividade industrial estará convenientemente ordenada dende criterios de máxima concentración, evitando superar niveis de prexuízos para o contorno, e prestando especial atención ós efectos ambientais sinérxicos que se puideran producir.

Dende o planeamento se empregarán criterios de concentración urbana e rural co fin de facilitar a xestión das infraestruturas en particular as relacionadas coa auga: abastecementos, depuración e vertidos.

O planeamento protexerá especialmente os recursos forestais do concello non incluídos na Rede Natura de Galicia.

Dende o planeamento impedirase a fragmentación ecolóxica. É dicir, os usos e actividades permitidos no medio rural deberán evitar, na medida do posible, afeccións ós hábitats naturais que impidan o libre movemento das especies ou limiten a interacción dos compoñentes da biodiversidade dentro de un mesmo hábitat.

No PXOM se delimitarán zonas susceptibles de recibir políticas de restauración ecolóxica, en especial de restauración forestal polos innegables beneficios que reporta ó mantemento de determinados procesos ecolóxicos esenciais.

Delimitaranse aquelas áreas susceptibles de albergar parques de enerxías alternativas renovables (eólica), así como aqueles equipamentos illados para tratamento e reciclaxe de refugallos.

O Documento de referencia define o alcance e o nivel de detalle do ISA, determinando os criterios e obxectivos ambientais que deba abordar para acadar a correcta integración do Plan co medio ambiente.

Consumo de solo: O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM, sendo especialmente relevante

ao respecto a xustificación exposta na estratexia de actuación do Plan. Non obstante, as previsións de vivenda son superiores á demanda real debido ao elevado número de asentamentos de poboación existentes, á súa dispersión e á estrutura da propiedade, posto que a simple delimitación dos núcleos rurais existentes e as súas hipotéticas áreas de expansión, proporcionan unha moi elevada capacidade residencial con respecto á demanda real.

Respecto ás zonas de equipamentos e zonas libres derivadas da capacidade edificatoria hipotética do Plan, compre subliñar que estas centralízanse nas áreas máis densamente poboadas, o que minimiza as necesidades de mobilidade dos usuarios respecto ao transporte público, servizo este, por outra parte, moi pouco funcional neste concello. Esta debilidade do transporte público incentiva o emprego masivo do transporte privado como único medio de transporte –agás o transporte escolar- feito que xera un claro factor de insostibilidade ambiental.

Os planos de clasificación do Plan localizan os espazos con impacto visual, espazos que, ademais, redúcense a conchas visuais de pequeno tamaño, mentres que as mais visíbeis están xa protexidas.

O Plan non afecta a ningún espazo con especiais características litolóxicas ou xeomorfolóxicas nin inaxeitados para a edificación. Tampouco se fragmenta o territorio nin ningunha unidade ecolóxica nin se traza novo viario que teña efectos de barreira ecolóxica ou visual.

Ciclo hídrico: As instalacións de saneamento do concello son capaces e suficientes para a poboación de Outes e o seu eventual crecemento, mentres que a capacidade de abastecemento de auga potable .deberá ser ampliada.

A capacidade de recarga do sistema de abastecemento é suficiente para a poboación actual e para as afeccións do Plan ao longo de todo o ano, tendo en conta a variabilidade interanual da dispoñibilidade do recurso.

Na Memoria do PXOM indican as capacidades e potencialidades dos servizos de abastecemento e saneamento dos residuos, tanto de orixe urbano como industrial, así como a poboación total que dispón destes servizos e a súa previsión futura. Indícase tamén a capacidade do sistema segundo a variación anual da demanda de auga. Este punto indica tamén as necesidades de saneamento da poboación co fin de garantir a depuración dos efluentes.

O Plan non contempla actuacións nos sistemas de depuración particulares por exceder do ámbito no plan. Non obstante farase un inventario destes sistemas de depuración e, vía ordenanzas, estableceranse as condicións mínimas de seguridade, salubridade e ornato, e se formulará un sistema de mantemento e limpeza periódicos das fosas sépticas que permanezan activas no territorio municipal, tanto de carácter urbano como industrial.

No solo urbanizable, o Plan establece o 35% como porcentaxe mínima de zona sen impermeabilizar.

O Plan promove o emprego de pavimentos drenantes na urbanización co fin de facilitar a filtración de auga, compatibilizando a urbanización coa dinámica propia do ciclo hídrico. Así mesmo, o Plan establece unha rede separativa de augas pluviais e residuais.

A Memoria do PXOM inventaria o Solo Rústico de Protección de Augas.

Os focos de vertidos da rede municipal aos leitos fluviais están convenientemente inventariados, así como a orixe da auga que abastece ao concello. As augas residuais, xa depuradas, vértense ao río Tins a través de emisarios.

Non se detectan cambios de usos nas escorrentías, e nos solos urbanizables o Plan contempla a imposición dunha rede de recollida de pluviais no viario público dos novos desenvolvementos.

Enerxía: O consumo enerxético e a contaminación lumínica do alumado público regularase vía ordenanza municipal, na que se contemplará o emprego de dispositivos de baixo consumo e alta eficiencia enerxética e a instalación de pantallas que concentren a luz no chan.

Os novos ámbitos disporán dunha rede de alumado especializada para os diferentes espazos públicos.

As instalacións deberán proxectarse de xeito que se consiga minimizar os seus custos (investimento+explotación+mantemento), previndo a vida útil da infraestrutura. Para iso, instalaranse lámpadas e equipos de baixo consumo e luminarias eficientes, con reguladores e redutores de fluxo para diminuí-los niveis lumínicos. Por outra parte, a rede do alumado público dotarase dun sistema de xestión telemática que permita o control e a optimización do funcionamento e a optimización enerxética.

Polo que fai á previsión de implantación de infraestruturas para a xeneración de enerxía sostible procedente de fontes renovables, estes sistemas, tendo en conta a Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004 e a Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, só poden situarse en solo rústico de protección ordinaria. Segundo o disposto na citada Lei, a clasificación de solo rústico de protección ordinaria deberá estar especialmente xustificada en base á non concorrencia de potencialidades que fagan necesaria a súa protección. Este feito limita de xeito evidente a posibilidade de clasificación de este tipo de solo e, por tanto, a implantación de sistemas de obtención de enerxía de fontes renovables.

As eventuais liñas de alta tensión integraranse en pasillos eléctricos, e as liñas de media tensión dos novos desenvolvementos estarán integradas e soterradas.

Plantexarase a conveniencia da instalación dun sistema de placas fotovoltaicas para reduci-los custos de mantemento do alumado público.

Emisións contaminantes: En Outes non existen fontes de contaminación atmosférica. As fontes de contaminación radioelétrica, procedentes fundamentalmente de antenas de telefonía celular cartográfanse, co obxecto de que a poboación coñeza a súa posición. Polo que fai ás infraestruturas de transporte de enerxía, nos núcleos rurais elimínanse todo tipo de trazado aéreo, mentres que o resto quedan clasificadas como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas. Ademais, non se permitirá a urbanización en zonas afectadas por liñas de alta tensión.

Xestión dos residuos: O Plan xustificará a capacidade de tratamento e xestión dos residuos, industriais e urbanos, en función dos crecementos previstos e o aumento asociado de produción de RSU.

Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais e a súa eliminación e reciclaxe vía ordenanza municipal.

Polo que fai ao depósito e recollida de residuos procedentes da actividade gandeira (plásticos procedentes do empacado da herba) e dado a importancia da actividade e tamaño do concello, reservarase e habilitaranse os espazos que se estimen necesarios para a recollida destes refugallo, procurando a máxima centralidade, co obxectivo de reducir ao mínimo os desprazamentos da maquinaria agrícola polo territorio municipal.

O concello dispón dun punto limpo na Cepa, de 2.797 m² para RSU, refugallo que son tratados na Planta da Mancomunidade da Serra do Barbanza, e o Plan prevé outro punto limpo a situar no futuro polígono industrial.

Actividades económicas: O Plan xustifica razoablemente a idoneidade do planeamento con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais de Outes, así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas. Estes equipamentos e infraestruturas sitúanse no territorio segundo criterios de centralidade e de sustentabilidade, buscando o máis baixo nivel de necesidades de desprazamento dos usuarios e, consecuentemente, a máxima accesibilidade.

Vía ordenanza establécense os criterios de sustentabilidade en tódolos tipos de edificación no concello, segundo o seu uso ou actividade a desenvolver. (art. 5.3.6. Condicións de sustentabilidade do uso industrial).

Integración social: Prevense infraestruturas sociais para a poboación actual e a potencial segundo as previsións do Plan e se inclúe tamén a perspectiva de colectivos vulnerables no deseño tanto das infraestruturas como dos equipamentos e redes de espazos e centros públicos, suficientes e ben comunicados. Garántese tamén a proporción regulamentaria de vivendas protexidas.

O Plan contempla e fomenta a participación da poboación no proceso de planificación urbanística e tamén se presenta, en forma de charlas para a poboación, na Serra de Outes e en tódalas parroquias, resolvendo as dúbidas que poidan ter os interesados ou a poboación en xeral.

Dende o punto de vista social, en Outes non se identifican áreas degradadas nin bolsas de exclusión social nas que o Plan deba intervir.

Medio natural: Calquera dos espazos de interese natural do concello de Outes, estean ou non baixo algún tipo de figura de protección, están tamén protexidos polo Plan. De acordo co anterior, están protexidas as ribeiras dos ríos, as masas de vexetación natural e/ou autóctona, as masas forestais, os humidais, ou calquera outro ecosistema de interese, así como as súas áreas de transición. As diversas figuras de protección presentes no planeamento están de acordo coa lexislación sectorial vixente.

Así mesmo, establece medidas de protección para áreas forestais afectadas por incendios segundo a lexislación vixente.

Medio rural: O Plan protexe suficientemente os espazos de interese produtivo para o sector primario, con alternativas de ordenación.

Polo que fai á ampliación dos núcleos rurais, a edificación farase a partir do núcleo orixinal, favorecendo a regularización, a compactación e o mantemento da configuración tipolóxica tradicional. Así mesmo, o Plan impide calquera tipo de afección negativa nestes núcleos, contribuíndo deste xeito a conservar e protexer a paisaxe rural tradicional e o alfoz destes núcleos. A tipoloxía das novas vivendas adaptárase á tradicional vía ordenanza.

No medio rural reserváranse, vía ordenanza, espazos axeitados para o depósito e recollida de residuos da actividade agropecuaria en, preferentemente, na zona norte do concello.

A Memoria do PXOM demostra a suficiencia e eficiencia dos sistemas de depuración existentes e previstos segundo as previsións de crecemento do concello.

Medio litoral: O treito litoral pertencente ao concello de Outes está protexido, e non se verá afectado por ningunha acción derivada do PXOM. Pola contra, o Plan contempla medidas de rexeneración dos espazos ocupados e/ou degradados pola acción antropica.

Paisaxe: Polo que fai á paisaxe, o ISA inclúe unha análise da paisaxe e, dende o punto de vista da urbanización, considérase que esta producirá impactos neutros ou positivos: tanto nos núcleos de Serra de Outes, O Freixo e Cruceiro de Roo, como nos núcleos rurais, o Plan contempla accións de compactación, regularización e colmatación de espazos intersticiais, velando pola tipoloxía e evitando accións negativas.

Calquera outra actuación fora dos ámbitos citados farase tendo en conta a non afección ás características paisaxísticas ou, en todo caso, a máxima integración na paisaxe circundante.

Medio urbano: O Plan garante a accesibilidade aos núcleos urbanos do concello e contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade e mellorando a calidade da paisaxe urbana actual.

Patrimonio: O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios destacables. Polo que fai á rehabilitación, esta corresponde á iniciativa privada, aínda que, vía ordenanza, esixírase aos propietarios o correcto mantemento dos edificios catalogados.

Poboación: O Plan ten valorado a estrutura demográfica de Outes á hora de planificar as infraestruturas e equipamentos de carácter social, pero non intervén na procura do equilibrio demográfico nin da súa distribución territorial.

Vivenda: O Plan contempla a vivenda colectiva exclusivamente nos núcleos urbanos, mentres que a unifamiliar concéntrase nos núcleos rurais. Tamén contempla a diversificación das tipoloxías residenciais, o emprego das ferramentas de xestión urbanística para facilitar o acceso á vivenda e o fomento da harmonía entre as novas construcións e as existentes no seu contorno.

Mobilidade: Incentivarase o uso peonil e da bicicleta en Outes a través de proxectos urbanísticos e vía ordenanza.

O Plan, como xa se ten dito, concentra os servizos e equipamentos públicos, e tamén privados, no núcleo da Serra de Outes, favorecendo así a súa accesibilidade. O resto da poboación municipal, para ter a mesma accesibilidade, precisa de ter acceso á mobilidade, a través do transporte público ou privado. O transporte público, como é habitual no medio rural galego (e tamén en moitas áreas urbanas) presenta unha extraordinaria debilidade (excepción feita do sistema de transporte escolar). A consecuencia principal é que a poboación que ten necesidades de mobilidade opta polo desprazamento por medios privados, nun modelo de transporte claramente insostible polo custo que ten, pola contaminación atmosférica que produce e polo consumo de espazo que fai (aparcadoiros, ocupación das vías de comunicación, etc.).

Por outra parte, acadar un sistema viable de transporte público no medio rural é moi complicado, porque a iniciativa privada está ausente a causa da falla de rendibilidade das explotacións e porque as competencias para outorgar liñas de transporte non están nos concellos.

No punto 9 do presente ISA (Indicadores) faise unha estimación dos GEI ocasionados polo transporte e os desprazamentos, que son o 48% dos totais emitidos á atmosfera. O cálculo faise tomando como referencia o CO₂ como GEI con maior incidencia nesta área xeográfica, tendo en conta que o automóbil emite, de media, 2,5 Kg de CO₂ por litro de combustible consumido; que circulan preto de 3000 automóviles ao día (datos do ano 2007, da estación da AC-550, en Serres, no treito de Muros a Serra de Outes, na confluencia coa estrada AC-3404), e unha media de 20 Km percorridos polo concello. O resultado é unha estimación de 9,78 TM/día de CO₂ emitidos á atmosfera.

Recomendacións para as variables non integradas no PXOM

Este apartado recolle unha serie de recomendacións acerca de variables que, polo seu carácter ou tipoloxía, non se poden integrar directamente nas accións contempladas polo Plan. Estas recomendacións, para levarse a cabo, poden acadar financiamento a través das diversas liñas de actuación sectorial dos distintos niveles das Administracións ou a través de proxectos específicos para calquera destas recomendacións.

- Dende o concello deseñaranse plans para a extensión e mellora da rede de recollida de RSU e o fomento da separación de refugallos para a súa reciclaxe mediante campañas dirixidas á sensibilización da poboación. Así mesmo, o concello tratará de estender o máximo posible a rede de saneamento co fin de ir eliminando o sistema de fosas sépticas que teñen na actualidade as vivendas illadas do medio rural.
- No deseño da nova área industrial, compre ter en conta as características do medio circundante, co fin de acadar á máxima integración das novas actuacións no medio rural. Este deseño farase segundo os principios da ecoloxía industrial, que establece a conexión entre os residuos de unhas industrias e as materias primas de outras, ademais do compromiso das empresas de implicarse na

protección e defensa do medio ambiente a través dunha proposta de xestión ambiental. Estes principios poden resumirse en tres eixos principais: o emprego de materiais locais, a redución de residuos e a prevención da contaminación.

- Proporase, vía ordenanza, a creación dun **órgano xestor** do polígono, que funcione co principio básico de fomentar políticas incentivadoras ou promotoras antes que penalizadoras, establecendo un código de conducta ambiental. Este órgano deberá estar supervisado polo concello e cumprir as seguintes funcións:
 - Xestionar o Plan de Seguimento do Plan Parcial, establecendo os controis necesarios para avaliar as variables indicadas ou calquera outras que se estime necesario
 - Establecer un Plan Integral de xestión de Residuos Industriais
 - Velar pola seguridade e hixiene laboral dos traballadores do polígono
 - Controlar o axeitado dimensionamento dos equipamentos e infraestruturas necesarias para a actividade industrial actual e futura
 - Establecemento dun sistema de vixilancia ambiental, para controlar as emisións contaminantes e a produción, clasificación e eliminación ou reciclaxe dos residuos producidos na actividade industrial
 - Promoción do emprego eficiente dos recursos, procurando o máximo aforro enerxético ou de calquera outro recurso, tanto na actividade privada como nos usos públicos
 - Organización dun sistema de transporte público/privado para reduci-lo emprego do transporte privado
 - Antes da urbanización, o órgano xestor tratará de acadar un elevado grao de materialización de proxectos empresariais e procurarase que as edificacións propostas non estean sobredimensionadas, co obxecto de minimizar o consumo de solo e de materiais, e o impacto paisaxístico
- O concello contemplará medidas de intervención na oferta de servizos de atención e ocio da terceira idade e a poboación infantil, da difusión da información sobre servizos que oferta o concello e o fomento da preservación da memoria histórica.
- O concello contemplará accións de intervención nos leitos fluviais (limpeza, mantemento e vixilancia), fomento da repoboación forestal e de mellora do medio natural.
- Dende o concello buscarase a ampliación e diversificación do transporte público, coa intención de formar parte da rede de transporte e diminuír o emprego do transporte privado polo súa insostibilidade.

- Dende o concello procurarase a axeitada posta en valor e difusión do patrimonio natural e cultural de Outes, como punto de apoio para a consecución dun produto turístico que poida ser explotado dun xeito sostible e contribúa á diversificación do tecido económico municipal.

Descrición das accións urbanísticas propostas polo PXOM:

1. Acción: Consolidación da malla urbana (Núcleos de Serra de Outes, Ribeira do Freixo e Cruceiro de Roo):

Esta acción incide en tres dos catro núcleos urbanos con que conta o concello de Outes, e non afecta ás condicións biolóxicas do medio. En xeral, afecta aos solos e favorece procesos erosivos, aínda que o impacto é temporal, asociado ás primeiras fases da construción e urbanización. Dende o punto da paisaxe, o impacto considérase positivo porque contribúe a consolidar o tecido urbano e a completar os espazos baleiros, o que redonda nunha maior calidade da paisaxe urbana. Por outra parte, o previsible aumento da densidade edificatoria e, por tanto, poboacional, estará asociado a unha maior produción de RSU, maior consumo de auga potable, maior necesidade de saneamento e maior consumo enerxético, aspectos que están contemplados no planeamento axeitadamente. O consumo de solo é un impacto irrecuperábel, pero o resto dos impactos son mitigabeis e reversibles mediante á adopción de medidas correctoras.

2. Acción: Ampliación da malla urbana (P-SE-01 a 20; P-RV-01 e P-RO-01)

A ampliación da malla urbana afecta ao medio que circunda os núcleos urbanos, onde as condicións de naturalidade son maiores. Por tanto, afecta negativamente aos solos e xera procesos erosivos temporais, limitados ás fases de obras, a causa dos previsibles movementos de obras e a xeración de taludes. Afecta tamén ás condicións biolóxicas do medio, aos usos do solo e a intensidade nos usos do solo, que xera aumentos na produción de RSU e maiores consumos de enerxía e auga. O impacto paisaxístico é positivo dende o punto de vista urbanístico, xa que corrixe o impacto xerado pola edificación existente, ocultando as traseiras e medianeiras dos edificios. Como na acción anterior, o consumo de solo e a perda de naturalidade das parcelas edificábeis é un impacto irrecuperábel, pero o resto dos impactos son mitigabeis e reversibles mediante á adopción de medidas correctoras.

3. Acción: Novos asentamentos residenciais e industriais programados (S):

Prodúcense afeccións de intensidade moderada ou alta en tódolos factores analizados (características fisicoquímicas, condicións biolóxicas e factores culturais) debidos á urbanización, construción de viais, infraestruturas e equipamentos. Considerase que os impactos son temporais, diminuindo ou cesando ao finalizar o proceso de urbanización. As afeccións remanentes son reversíbeis ou mitigabeis mediante a adopción de medidas correctoras axeitadas e mediante a integración da urbanización no medio natural circundante.

4. Acción: Novos asentamentos residenciais non programados (UND):

Prodúcense afeccións de intensidade moderada en tódolos factores analizados (características físicoquímicas, condicións biolóxicas e factores culturais) debido á urbanización, construción de viais, infraestruturas e equipamentos. Considerase que os impactos son temporais, diminuíndo ou cesando ao finalizar o proceso de urbanización (no momento en que este se produza). As afeccións remanentes son reversíbeis ou mitigabeis mediante a adopción de medidas correctoras axeitadas e mediante a integración da urbanización no medio natural circundante.

5. Acción: Ampliación de núcleos rurais:

Non se produce ningunha acción nos núcleos rurais tradicionais de Outes que afecten a espazos sensíbeis (naturais ou produtivos). Por tanto, non é necesaria ningunha protección máis aló do contemplado na lexislación do solo vixente.

6. Acción: Ubicación de novas dotacións:

Esta acción xera impactos positivos por canto supoñen a adecuación do medio natural para o disfrute e dominio público.

Descrición dos impactos

Solos

Identifícanse impactos negativos sobre a estrutura e composición dos solos, sobre todo na fase de execución das obras (fases de urbanización).

Refírese á alteración da calidade do solo e os seus compoñentes a causa do movemento de terras, pola propia urbanización e, en moito menor medida, polo derrame de augas contaminadas, hidrocarburos e lubricantes durante a fase de obras en practicamente toda a superficie da peza obxecto de análise, se ben a importancia do impacto é máxima, no o é tanto a súa magnitude por tratarse de solos ácidos e moi lixiviados.

Tamén existe a posibilidade do aumento da erosión durante a fase de obras, que se corraxirá á finalización das obras mediante a estabilización de taludes e a revexetación.

Augas

O río Tambre é o máis importante do concello, e chega a Outes despois de percorrer case toda a provincia da Coruña en sentido oeste-leste. No seu treito final fai de límite co concello de Noia, e na desembocadura conforma un amplo esteiro, no fondo da ría de Muros e Noia. Son tributarios do Tambre os ríos Laxoso, de curto percorrido e que cruza toda a parroquia de San Ourente, onde recibe as augas do río Banzas e as do Cando, onde tamén se engaden as augas do Portomourello, desaugando finalmente en Pontenafonso.

Outro río importante é o Tins, que nace en Mazaricos, atravesa Matasueiro, pasa por San Pedro de Outes e desemboca na capital municipal, na enseada de Langaño.

Nesta mesma enseada desaugan os regatos Rial e o Brión, que drenan os vales de San Ourente e Entíns o primeiro, e a chaira de Brión o segundo. O Bendimón nace perto de Loios (Valadares), bordea o Tremuzo, escorre por terras de Roo, e sae no mar entre San Cosme de Outeiro e o Freixo.

En todos estes cursos fluviais deberanse evitar invasións de maquinaria, depósitos de materiais, calquera tipo de vertidos que poidan incidir na calidade das augas do rego e, en xeral, calquera tipo de acción que afecte a este medio.

As augas subterráneas poden, eventualmente, verse alteradas pola xeración de residuos susceptibles de alterar a calidade das augas na fase de obras. Estes efectos negativos corraxiranse á finalización das obras.

Clima

As accións previstas para o desenvolvemento do PXOM, tanto nas etapas de execución do proxecto como na de funcionamento, non terán ningún tipo de impacto sobre o clima da área obxecto de estudo, nen sequera a escala microclimática.

Calidade ambiental (aire e afeccións sonoras)

Refírese ó impacto sobre a calidade do aire xerado pola existencia de partículas en suspensión, emitidas polo movemento de terras e polo aumento de tráfico e maquinaria pesada na etapa inicial das obras de urbanización. Esperase que o impacto sexa baixo e puntual.

Por outra parte, esperase un aumento dos rúidos producidos, na fase de obras polo movemento de maquinaria pesada e, na fase de funcionamento, polo aumento do tráfico. O primeiro impacto desaparecerá á finalización das obras, e o segundo, de menor nivel, permanecerá na zona.

Flora e fauna

A principal alteración da flora debese á perda de calidade dos solos e o propio desbroce e tala de vexetación nas áreas clasificadas como urbanizables.

Polo que fai á fauna o impacto neto é baixo e puntual, xa que logo só se verán afectados pequenos mamíferos e aves, que ausentaranse durante as obras, na fase de urbanización, e regresando ás zonas verdes á finalización das obras.

Non se rexistra ningún tipo de acción ou afección ás áreas naturais protexidas.

Paisaxe

Este impacto refírese á alteración da paisaxe preexistente, alteración producida pola perda de naturalidade a causa dos traballos da urbanización, pero se espera que o impacto sexa baixo porque o PXOM contempla escasas modificacións estruturais. Ademais, a existencia de varios núcleos urbanos e a propia difusión da urbanización presente en Outes elimina a percepción de alteración global da paisaxe.

11. Informe sobre a viabilidade económica das alternativas e das medidas dirixidas a prever, reducir ou paliar os efectos negativos do PXOM.

Neste punto preténdese expoñer a viabilidade económica das alternativas analizadas. Enténdese a necesidade de que o planeamento estudado no presente Informe entre en vigor, co obxectivo de poder organizar os usos e actividades produtivas, así como ser un medio para protexer as áreas de interese ecolóxico, paisaxístico, histórico ou ambiental existentes no territorio municipal de Outes.

Actualmente, é unha necesidade a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio, así como da clasificación do solo, o que se ve favorecido pola elección dun modelo territorial renovado e pola aparición de circunstancias sobrevenidas, de carácter demográfico e económico, que inciden sustancialmente sobre a ordenación, e ademais polo esgotamento da capacidade do planeamento vixente nos últimos anos. Este PXOM, cando entre en vigor, determinará a substitución das vixentes Normas Subsidiarias, cúa última modificación data de 1985.

A Ley 9/2006, no seu anexo I, punto K, determina a inclusión no contido do ISA dun informe sobre a viabilidade económica das alternativas e das medidas dirixidas a prever, reducir ou paliar os efectos negativos do plan ou programa. Este contido correspóndese co que establece o Decreto 35/1995 no seu artigo 10, punto 8, onde se determina que o estudo económico financeiro debe conter unha avaliación das medidas correctoras e as actuacións ambientais positivas susceptibles de valoración.

O Documento de Avance do PXOM de Outes describe estas medidas, concretando as actuacións correctoras ambientais. Esta proposta, non obstante, non establece os parámetros mínimos, dende o punto de vista económico, para ser susceptibles de análise da súa viabilidade.

Por iso, sinálase, baseándose no Decreto 35/1995, non se procederá a analizar a súa viabilidade económica, xa que as mesmas analizaranse sempre e cando sexan susceptibles de valoración. O apartado de viabilidade económica, dentro dos informes de sostibilidade, pode apartarse facilmente a determinados programas, con actuacións moi específicas e facilmente avaliáveis, no sendo o caso dos PXOM.

Bibliografía e referencias

- Arias, P. y Cancio, M. (dir) (2000) "Situación y perspectivas socioeconómicas de los 94 concellos de la provincia de A Coruña". A Coruña. Diputación Provincial de A Coruña.
- Ayuga, F. (Dir.) (2001) "Gestión sostenible de paisajes rurales" Madrid. Fundación Alonso Martín Escudero
- Benayas, J. (1992) "Manual de Ciencia del Paisaje. Teoría, métodos y aplicaciones" Madrid. MOPT.
- Blanco, J.C., et al. (1992). Libro Rojo de los Vertebrados de España. ICONA. Madrid
- Bolós, M. ((dir) (1992). Manual de Ciencia del Paisaje. Teoría, métodos y aplicaciones. Masson. Barcelona.
- Briz, J. (2003). Naturación Urbana: Cubiertas ecológicas y mejora medioambiental. Mundi-Prensa. Madrid.
- Burel, F. Y Baudry, J. (2002). Ecología del Paisaje. Mundi-Prensa, Madrid.
- Carballeira et al. (1983). "Bioclimatología de Galicia". Fund. P. Barrié de la Maza. La Coruña.
- Carballeira, A. Martinez, A. y Carral, E (1986) "Subregiones bioclimáticas en Galicia. Consellería de Agricultura, Xunta de Galicia.
- Canter, L.W. (1998) "Manual de Evaluación de Impacto Ambiental. Técnicas para la elaboración de los estudios de impacto" Madrid, McGraw Hill
- Conesa, V. (1997) "Guía metodológica para la evaluación del impacto ambiental". Madrid, Mundiprensa.
- Corraliza, J. A. Et al. (1991). Predictores del juicio de preferencia de paisajes naturales. Un análisis cognitivo. Arquetipo. Sevilla
- C.O.T.O.P. (1990) Proposta de Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamiento das Provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Xunta de Galicia.
- Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible, Xunta de Galicia.
- Farina, A (1998) "Principes and methods in landscape ecology" Cambridge, Chapman & may
- Forman, R & Godron, M (1986) "Landscape Ecology" New York, John Willey & Sons
- Galicia en Cifras. Anuarios de 1999, 2000,2001 y 2002. Xunta de Galicia
- Gómez, D (1994) "Ordenación del Territorio. Una aproximación desde el medio físico" Madrid, Instituto Tecnológico Geominero de España
- IGE (Instituto de Estadística de Galicia). Estadísticas varias
- Martínez, E (Dir) (2000) "Estudios sobre el paisaje" Murcia, Fundación Duques de Soria – Ediciones de la UA de Madrid.
- Martinez Vega, J. (2003). Tecnología de Información Geográfica en la Planificación de los Espazos Naturales Protegidos. CEAS. CSIC. Madrid.
- Porta, J. (2005). Agenda de campo de suelos. Mundi-Prensa, Madrid.
- Precedo, A (Dir) (1993). "Plan de Desenvolvemento Comarcal". Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- Precedo, A (Dir) (1995). "Galicia Pueblo a Pueblo". Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- Precedo, A (Dir) (1997). "O Mapa Comarcal de Galicia". Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- Precedo, A (1998) "Geografía Humana de Galicia". Barcelona. Oikos Tau.
- Purroy, F.J., (1975-1995). Atlas de las aves de España. Lynx Eds. Barcelona.
- Revilla, A (Dir.) (2000) "Informe Socioeconómico das Comarcas de Galicia". Santiago de Compostela. SDCG. Xunta de Galicia
- Revilla, A. (Coord) (2001) "Los problemas demográficos en el cambio de siglo" A Coruña. IEEG-Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Revilla, A. y López, I. (2003). "Herramientas para el análisis del paisaje". A Coruña, F. Barrié de la Maza.
- Rougerie, G. y Beroutchachvili, N. (1991) "Geosystemes et paysages" Paris, Armand Colin
- Seoanez, M. (2002). Tratado de climatología aplicada a la ingeniería medioambiental. Mundi-Prensa, Madrid.
- Wenche, E. (2005) Principios de Ecología del Paisaje en arquitectura y planificación territorial. Ed. Fundación Conde del Valle Salazar.

REDACTOR
Arturo Revilla Bonnin
Xeógrafo
decembro do 2008

1. Introducción: O marco normativo

Con data 30 de abril do 2006 (B.O.E. núm. 102 de 29 de abril do 2006) entrou en vigor a Lei Básica 9/2006, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medioambiente, que supón a transposición da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medioambiente. No ámbito de aplicación, explícitase que os plans que afecten á ordenación do territorio e ós usos do solo deberanse someter a mesma.

No seu artigo 8º, respecto dos contidos e alcance do Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), determínase que o órgano promotor deberá identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medioambiente que poidan derivarse da aplicación do Plan, así como das alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, incluída, entre outras, a alternativa cero, que tingan en conta os obxectivos e o ámbito de aplicación do Plan.

O artigo 9º da citada Lei estatal establece que a amplitude, nivel de detalle e o grao de especificación do ISA determinarase polo órgano ambiental, que no noso caso, é a Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, logo de identificar e consultar ás Administracións públicas afectadas e ó público interesado.

Conforme ó disposto na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, no seu artigo 7, parágrafo 8, unha vez finalizado o período de consultas e información pública, o órgano promotor enviaralle a documentación completa do plan que tome en consideración o informe de sustentabilidade (ISA), as alegacións e os informes presentados no período de consultas.

2. Descrición do Plan Xeral

O Concello, na actualidade, dispón para a ordenación urbanística do seu territorio de Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas definitivamente cunha serie de modificacións pola Comisión Provincial de Urbanismo de A Coruña, en sesión de 5 de agosto de 1977. Estas modificacións foron aprobadas polo pleno en decembro de 1982 e na Comisión Provincial de Urbanismo en 1985.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Outes procura a ordenación integral do termo municipal, cos seguintes obxectivos xerais para a redacción do planeamento:

1. No sector turístico comezan a desenvolverse certas expectativas, debido ás modificacións nas tendencias actuais, que fan que cada vez se demande máis un turismo ecolóxico e vinculado á natureza. Considérase necesario desde o Plan Xeral o facilitar as condicións necesarias para encouzar estas tendencias e facilitar o achegamento dos viaxeiros a este concello, con aloxamentos ben dotados e espazos de interese tanto paisaxístico como natural.

2. Por outro lado, o desenvolvemento constante da actividade construtiva no termo municipal, sobre todo dentro da delimitación do solo urbano e núcleo rural, así coma a aparición de actividades non desexadas dentro do solo rústico, no marco delimitado polas Normas Subsidiarias, coas limitacións de xestión que estas acarreean, crearon diferenzas no ordenamento urbanístico municipal e efectos non desexados, que se acentúan coa aparición dunha serie de circunstancias imprevistas nas Normas Subsidiarias, e xurdidas como consecuencia do seu propio desenvolvemento.
3. A necesidade de ordenar as áreas vacantes dos solos urbanos e de introducir mecanismos de planeamento que permitan ordenar axeitadamente a implantación e xestión de execución de novas infraestruturas, equipamentos e zonas verdes de vital importancia para a desconxestión edificatoria dalgunhas zonas do núcleo urbano de Serra de Outes así coma a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e Sistemas Xerais do Termo Municipal fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para axeitar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así coma permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite.

O modelo territorial e urbano preliminar proposto para o Concello de Outes, derivado da diagnose operativa exposta, baséase nos seguintes obxectivos específicos:

1. Introducción dos correctos mecanismos de xestión para o desenvolvemento da trama urbana, onde débense corrixir as deficiencias de solo dotacional e de equipamento, derivado da sobrecalificación como solo urbano de execución directa, e polo tanto, non sometido a cesión algunha, que contemplaban as Normas vixentes.
2. Formulación dun uso equilibrado do medio rural, considerando o respecto o medio ambiente e a paisaxe como valores de desenvolvemento e potenciando os usos produtivos intrínsecos. Especial atención na imbricación axeitada de equipamentos e industrias de localización co medio. Completación da trama urbana dos núcleos existentes, mellorando a súa funcionalidade e impedido a edificación indiscriminada do territorio.
3. Deberá ser prioritario dende o planeamento a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, a cal é un feito ineludíbel, e a acouten có fin de limitala para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións.
4. Crecemento lento pero sostido no tempo, baseado no ocio avanzado, no comercio especializado, nos servizos á poboación e no reforzo das potencialidades industriais; establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.
5. Atención ao proxecto urbano e ás técnicas de xestión para garantir a viabilidade do Plan.
6. Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade, incorporando e aceptando o edificado.

7. O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, coma son os de carácter asistencial, docente e administrativo, así como debe buscarse a obtención de outras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.
8. Participación real nos procesos de definición e posterior xestión do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Os obxectivos a desenvolver partirán dos seguintes criterios de ordenación:

1. Analizouse có máximo detalle posíbel do solo do núcleo urbano principal do termo municipal, para coñecer a realidade do tecido urbano existente en relación cós obxectivos básicos comentados, a fin de que as medidas propostas sexan factíbeis de levar á práctica, fuxindo polo tanto, de propostas xeralistas, fáciles de formular pero claramente afastadas dun necesario e eficaz pragmatismo.
2. Facilitar a renovación do interior dos núcleos rurais e a construción de novas residencias na periferia inmediata destes, co obxectivo de limitar unha posible dispersión ou afloramento de novos núcleos en lugares distintos dos tradicionais coas seguintes consecuencias negativas a nivel económico e medioambiental.
3. Localizar, de acordo coa vixente lexislación do solo, as áreas con aptitude para incorporar ao desenvolvemento urbanístico en todas aquelas zonas que contan con conexións ao soporte que supón o sistema xeral viario e que non contan con condicionantes que aconsellen a súa protección.
4. Revisión da delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ó proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais ou porque así o requiren os seus actuais usos, a lexislación sectorial ou en razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais, outras de similar natureza ou en base ó desenvolvemento sostible do concello.
5. Establecer, por normativa, as medidas preventivas do posíbel impacto ambiental, chegando incluso á definición de normas específicas de protección ambiental nos sectores de solo rústico e urbanizabel que así o requiren. Preténdese valorar o potencial produtivo e madeireiro do concello así como os lugares de produción principal agrícola-gandeira, que aínda que pequenos en extensión, teñen moita importancia económica e paisaxística dentro do termo municipal. Calquera iniciativa que xurda do planeamento pasa polo recoñecemento espacial desta realidade, delimitando convenientemente as zonas destinadas a un e a outro aproveitamento co fin de o protexer e fomentalo, mellorando así as capacidades económicas e produtivas da zona.

Recoñécense ademais os valores ambientais do termo municipal, neste caso centradas nos canles fluviais e nas ribeiras do Tambre que se valoran en función da súa importancia medioambiental, para que a posible edificación e urbanización non destrúa este potencial. O recoñecemento e unha axustada

delimitación do Espazo Natural da desembocadura do río Tambre considérase un dos obxectivos fundamentais deste planeamento.

O Plan Xeral de Ordenación de Outes utiliza na súa metodoloxía de realización os métodos da planificación estratéxica empregando a secuencia :

- Análise de datos
- Participación
- Diagnose operativa
- Definición de Obxectivos
- Establecemento de Accións
- Clasificación do solo
- Formulación de Proxectos urbanos
- Establecemento de estrutura de gobernabilidade
- Corrección de proposta

Esta secuencia plantexada se define como estratéxica, é dicir, continua e circular, polo que o Plan pretende ser un documento dinámico e aberto.

O documento incluírá as medidas preventivas, conxunturais, estratéxicas, operativas e organizativas que garantan a adecuación medioambiental do Plan e a corrección dos posibles impactos que o Plan poida xerar.

O Plan promoverá e regulará a preservación, ordenación e posta en valor dos elementos medioambientais de valor evitando a colonización indiscriminada do territorio que en ausencia de Plan podería producirse así como os impactos puntuais non desexados sobre o territorio.

Para facelo clasificará como Solo Rústico de Especial Protección en calquera das súas categorías aqueles terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación urbanística.

Mención especial no caso do concello de Outes merece o contorno dos ríos, as cotas elevadas das serras, as masas forestais autóctonas e o L.I.C. do Esteiro do río Tambre.

O termo municipal de Outes atópase afectado pola delimitación do Lugar de Interese Comunitario (L.I.C.) denominado Esteiro do Tambre, e recollido na proposta de delimitación das Rede Natura 2000 da Consellería de Medio Ambiente. Este espazo está descrito no punto 4.7.2. do presente ISA.

3. Síntese das alegacións presentadas

Total alegacións presentadas: 938

Total alegacións en contra do polígono industrial: 381

Alegacións presentadas por colectivos ou agrupacións:

1090. A.VV. Pontenafonso: solicita ampliar núcleo rurais do entorno de Pontenafonso.

1268. A.C.C. Terra de Outes: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 381 referidas anteriormente)

1269. A.C.C. Terra de Outes: Solicita, en xeral, reducir o volume edificable proposto polo PXOM

1841. Asociación de empresarios e profesionais de Outes: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 381 referidas anteriormente)

1864. A.VV. de Entíns e Tarás: alega en contra da ubicación do solo urbanizable para polígono industrial (incluída nas 381 referidas anteriormente)

1956. A.VV. Pontenafonso: Solicita ampliar os núcleos do entorno de Pontenafonso e reducir a servidume dos 100 de costas.

1992. A.VV. de Entíns e Tarás: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1993. A.C.C. Terra de Outes: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1994. A.VV. O Valadiño: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1995 A.VV. Pontenafonso: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a

incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

1996. A.VV. O Pedregal: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada.

2026. Carmen García Barreiro e 132 máis: A alegación presentada consta de tres partes claramente diferenciadas: na primeira refírese a cuestións que afectan á sostibilidade do PXOM como son a edificabilidade máxima total prevista no documento e a periodización a 20 anos; na segunda alude a cuestións legais a incumpridas polo PXOM; a terceira refírese a cuestións puntuais do solo urbano da Serra como alturas, aliñacións ou delimitacións do solo urbano non consolidado e edificabilidade asignada. Tamén alega contra a ubicación do solo urbanizable industrial.

2053; 2054; 2055; 2056; 2057. Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: Solicítase o seguinte:

1.- Modificar a cualificación de solo urbano non consolidado do Areal converténdoa en solo rústico de protección de augas.

2.a) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que se atopan a menos de 350 metros da liña de costas.

2.b) Eliminar ou reducir aquelas unidades de solo urbanizable non delimitado que ocupen zonas susceptibles de ser clasificadas coma áreas de expansión de núcleos rurais.

2.c) Eliminar a parte correspondente á UND-05 na zona entre Vilariño e Piñeiro.

3.- Estudar as posibles alternativas para a localización do chan industrial do concello.

4.- Facer unha revisión a fondo para identificar tódolos elementos do patrimonio histórico-artístico e que se inclúan como elementos protexidos no PXOM.

5.- Modificar as seguintes áreas de expansión de núcleos rurais: a) Cando de Arriba (01.04). A área de expansión vai o longo da estrada; b) Figueiro (01.08). Área de expansión sen continuidade o núcleo e separada por un camiño; c) Toxeira (01.14). Área de expansión que está sen continuidade posto que un camiño separa a área de expansión e estendese a unhas parcelas de maneira inxustificadas; d) Fontelos (02.04). A finca 2422 non agrupa o núcleo rural. A área de expansión debería seguir as fincas 2426, 2427, 2428 e seguintes; e) Ousesende (03.22). A parcela 00101 está totalmente illada e métese dentro de área de expansión; f) Camposas (06.06). Lévese a área de expansión cara á zona de aproveitamento forestal cando o normal e que se fixera zona que vai desde a parcela 00190 ata 00232; g) Gulfián (06.08). Ampliase a área de expansión as parcelas 00872, 00871, 00855, 00856 e 00857 sen aparente xustificación; h) Serantes (06.11). A área de expansión de Serantes e a que abrangue as

fincas que aparecen no lugar denominado a Granxa (00656 e limítrofes ata chegar o camiño que baixa a Broña); i) Figueiroa (04.09). Deixase unha área de rústico cando o normal sería que completase a áreas de expansión; j) Central (08.05). Deixase fora do ordenamento as fincas que están na marxe esquerda e dótase unha área de expansión na marxe dereita permitindo medrar o núcleo o longo da estrada; k) Barreira. (09.01). As parcelas 01072 e 01071 están fora da liña normal de expansión; l) Ribademar (09.04). Practicamente sen área de expansión; m) Valadares (10.11). Existe unha vivenda moderna na parcela 227 e inclúese a parcela 228 e 226 nunha área de expansión de maneira inxustificada posto que o mesmo criterio deberíase usar en tódolos lugares; n) Viladomonte (10.12). Métese a área de expansión a finca 00406 e a 00435 cando están separadas por un camiño das vivendas tradicionais.

As alegacións do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego foron tratadas na Comisión Municipal de Planeamento formada para seguimento dos traballos do PXOM.

4. Informe das alegacións

Este informe refírese exclusivamente as alegacións de carácter ambiental.

En relación coa alegación con respecto á sostibilidade do plan compre dicir o seguinte:

A superficie artificializable prevista polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal vixentes ascende a 655 Ha mentres que a prevista polo PXOM ascende a 720 Ha (indicador do consumo de solo do ISA). É dicir o PXOM tan so prevé aumentar o solo artificializable (suma de solo urbano, urbanizable e núcleo rural) un 7,9%. Se temos en conta que a superficie de solo urbano non aumentou en relación coas NN.SS. vixentes e que se rebaixou considerablemente a edificabilidade deste ó rebaixar alturas, variar a tipoloxía en certas zonas de edificación colectiva en mazá pechada a edificación aberta ou mesmo vivenda unifamiliar, e cambiar numerosos ámbitos de solo urbano consolidado, de licencia directa a solo urbano non consolidado coa correspondente carga de cesións para dotacións e espazos libres, pode chegar a concluírse que ese pequeno aumento do solo artificializable é perfectamente asumible en base ó aumento das dotacións e rebaixa de edificabilidade no solo urbano con respecto ás Normas Subsidiarias vixentes.

En relación coas alegacións en contra do polígono industrial, fanse as seguintes puntualizacións:

En relación ao impacto paisaxístico compre salientar que non existen criterios de valor para afirmar que nos atopamos nunha área paisaxística de calidade. Máis aínda, a zona está profundamente

transformada e antropizada o que se plasma na existencia dun circuíto de Karting, dúas actividades industriais, ata seis vivendas e numerosos recheos de entullo.

No tocante á produtividade da zona, e tal e como se pode apreciar dunha análise da tipoloxía das edificacións existentes, non existen naves agrícolas nen invernadoiros, o que pode dar unha idea de que a economía da zona non depende do uso agrícola destes terreos.

A zona destinada a polígono veu reducida a súa superficie a case a metade (de 25 a 14,5 Ha) como consecuencia da estimación parcial das alegacións formuladas, e a zona se atopa 10 metros por riba do curso do río Tins, por tanto, non se considera que exista perigo de asolagamento.

No tocante ó tema da contaminación medioambiental compre indicar que no PXOM impoñeranse ó desenvolvemento do parque empresarial condicións suficientes que garantan as mínimas emisións contaminantes ó medio ambiente. Por outra parte, compre ter en conta que o Plan propón a creación dun órgano xestor do polígono, que deberá velar pola tipoloxía e actividade das empresas que se instalen nel.